


# Feminismo



Beatriz Suárez Briones  
María Jesús Fariña Busto



**Esenciais**

Breviarios de divulgación do saber

Beatriz Suárez Briones



Doutora en Filoloxía, é profesora titular de Teoría da literatura na Universidade de Vigo. Autora e editora de varios libros (entre eles *Sexualidades. Teorías literarias feministas*, *Las lesbianas (no) somos mujeres. En torno a Monique Wittig e Feminismos lesbianos y queer. Representación, visibilidad y políticas*) e de numerosos traballos en libros e en revistas especializadas, nacionais e internacionais. Impulsora dos Estudos feministas na Universidade de Vigo, foi codirectora do seu Máster en Estudos de Xénero. Recibiu o Premio á Igualdade da Universidade de Vigo, Uviguala, en 2014. As súas liñas de investigación son a teoría feminista e a teoría queer, as retóricas de xénero e as sexualidades non normativas.

María Jesús Fariña Busto




Doutora en Filoloxía e Profesora Titular de Literatura hispanoamericana na Universidade de Vigo. As súas liñas de investigación fundamental, sobre as que ten publicado en libros e revistas especializadas tanto nacionais como internacionais, inscríbense dentro do ámbito da teoría e a crítica feminista e abordan cuestións relativas á representación do corpo, a sexualidade e a violencia contra ás mulleres en discursos literarios, principalmente poéticos, e artísticos.

Servizo de Publicacións

---

Universidade de Vigo



# Esenciais

Breviarios de divulgación do saber

## n.º 03

### Edición

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo  
Edificio da Biblioteca Central  
Campus de Vigo, 36310

### Director da colección

Jorge Luis Bueno Alonso

### Consello asesor científico da colección

Marta García González, Benigno Fernández Salgado, Enrique J. Varela,  
Ignacio Pérez Juste, Marta Pérez Rodríguez, Ana María Bernabeu Tello

### Deseño e coordinación da imaxe da colección

Ana Soler Baena

### Diseño gráfico

Área de Imaxe da Universidade de Vigo  
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

### Fotografía de portada

Adobe Stock

### Revisión ortotipográfica

Silvia Alonso Carballo

### Maquetación e impresión

Andavira Editora, S. L.

### ISBN

978-84-8158-890-3

### DL

VG 236-2021

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2021

© Beatriz Suárez Briones e María Jesús Fariña Busto

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Esta editorial é membro da , o que garante a difusión e a comercialización das súas publicacións a nivel nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

---

Universida de Vigo






## Esenciais

Breviarios de divulgación do saber


Esta colección pretende ofrecerlle ao público xeral unha serie de pequenas e concisas introducións aos temas básicos do coñecemento das mans das persoas expertas que ten a UVigo capaces de sintetizar dun xeito rigoroso, mais sinxelo e divulgativo, as discusións centrais dos temas xerais dun eido concreto. Unha combinación que presenta feitos, análises, novas ideas e aspectos esenciais.

Independentemente da área de estudo, e do concepto que se vai definir, a serie presentará libros de pequeno formato aos que poida achegarse o público lector, tanto especializado coma non especializado, para ter un primeiro contacto informado e ameno cos temas que nos preocupan.



# Feminismo

Beatriz Suárez Briones  
María Jesús Fariña Busto



# Índice

<b>Introdución</b> .....	7
Capítulo 1	
<b>Feminismos</b> .....	9
Feminismos liberal, marxista e radical .....	17
Feminismos lesbiano e negro .....	23
Feminismo queer .....	31
Transfeminismo.....	38
Capítulo 2	
<b>Ler con lentes lilas</b> .....	41
Unha vertixinosa viaxe pola (historia da) vida das mulleres ...	41
Reivindicando o dereito a iguais dereitos .....	57
Capítulo 3	
<b>O que non ten nome non existe</b> .....	83
A violencia de xénero .....	84
Os micromachismos.....	90
A linguaxe (ou como se constrúen os significados).....	92
Bibliografía.....	101



## Introdución

O que aquí presentamos é unha pequena guía para adentrarse no intrincado territorio do feminismo contemporáneo en tanto que teoría e movemento social e político. Como prontuario ou manual de uso o seu contido é fundamentalmente informativo e divulgativo; non pretendemos aleccionar nin presentar unha opinión particular como se fose a verdade do feminismo; porque nunca pode falarse de feminismo en singular, senón, en plural, de feminismos. Por outra parte, e dado que en tan poucas páxinas é imposible dar unha visión de totalidade, eliximos tratar cunha certa profundidade certos temas que son candentes e controvertidos e onde urxe a toma de conciencia. Nestes poucos eixos temáticos tivemos, como folla de ruta, a vontade de dar argumentos suficientes para que quen lea este texto poida crearse unha opinión propia.

De acordo co obxectivo de dar conta tanto das diferentes correntes teóricas desenvolvidas dentro do feminismo nas últimas décadas, como da actividade das mulleres ao longo de toda a historia, así como ademais dalgúns temas que estiveron e seguen a estar nas axendas do feminismo, organizamos o libro en tres partes. Na primeira, "Feminismos", expoñemos os intereses, preocupacións e temáticas relevantes daquelas que consideramos as teorías feministas máis significativas en tanto que supuxeron unha verdadeira revolución do propio concepto de "muller", que complexizaron, enriqueceron e abriron á diversidade do verdadeiro suxeito político do feminismo, que son as "mulleres", un plural tan incuestionable como o de "feminismos". Falamos de "vagas" do feminismo e contamos como primeira o movemento organizado do sufraxismo; a segunda sería a do feminismo dos anos 1960 e 1970 e así sucesivamente. Facemos esta precisión porque outras autoras, non obstante, entenden como primeira vaga a das feministas ilustradas do século XVIII; a das sufraxistas sería

entón a segunda vaga e etcétera. Por outro lado, entendemos que as correntes feministas que están representadas no libro non podían deixar de estar, pola súa dimensión pero tamén pola súa intervención na complexización do suxeito do feminismo, tema polémico como poucos agora mesmo.

A segunda parte, "Ler con lentes lilas", dedicámola a poñer de manifesto, fronte ao modo androcéntrico en que habitualmente se le e interpreta a historia, como as mulleres exerceron sempre un papel activo en todos os ámbitos e como non retrocederon nunca na esixencia dos seus dereitos. Distinguimos, así, dous apartados, que se cruzan e se complementan: o primeiro constituído por un percorrido, inevitablemente breve, sobre a historia de vida das mulleres, enfatizando a súa participación nas funcións produtivas da sociedade, a cultura e a política; e o segundo polo itinerario da súa incesante reivindicación de todos os dereitos, educativos e civís, en pé de igualdade cos varóns.

Por último, na terceira parte, "O que non ten nome non existe", reflexionamos sobre dous aspectos de máxima relevancia: o da violencia contra as mulleres como pilar estrutural do sistema patriarcal e o da linguaxe como un espazo do que este mesmo sistema ten expulsado as mulleres, facéndoas invisibles e exercendo unha violencia simbólica que, de tan común, pasa a facerse transparente e pasar desapercibida. Os seres humanos aprendemos a lingua na nosa máis tenra infancia; medramos con ela e instálase e automatízase en nós. Falamos a lingua que aprendemos. Pero tamén é certo que, por todas partes, emerxe unha lingua nova, unha lingua moi nova, que non estaba antes. Con pouco que prestemos atención podemos escoitala. É unha lingua non sexista e inclusiva, porque a lingua, igual que nos desigualamos tamén pode facernos iguais. A palabra crea o mundo dunha determinada maneira, por iso é imposible un mundo de iguais cunha linguaxe de desiguais.

Para finalizar, queremos deixar claro que, por necesidades do guión, este é un texto palimpséstico e inacabado, dado que fai historia dun pensamento e un activismo vivo e en plena evolución, polo que, obrigatoriamente, non pode máis que rematar con puntos suspensivos.

# Capítulo 1

## Feminismos

*O feminismo segue vivo, porque só morre  
o finalizado, o acabado, o inerte.*

Iris Zavala

Denomínase teoría feminista a un corpus de coñecemento crítico sobre as mulleres, un conxunto de saberes aplicados a desarticular a ideoloxía patriarcal e os seus efectos e a conceptualizar, mostrar, explicar, nomear e celebrar a experiencia e perspectiva das mulleres. Debaixo deste rótulo de "teoría feminista", en singular, en realidade hai un conxunto de teorías diferentes nos seus enfoques e intereses que, non obstante a súa pluralidade, teñen unha serie de características comúns: a primeira é que todas as teorías feministas están comprometidas coa transformación da realidade partindo primeiro da transformación da nosa percepción, a nosa conciencia e o noso estar no mundo: cambiar o mundo cambiando primeiro nós mesmas, nós mesmos, facendo iso que as feministas chamamos coloquialmente "poñer as lentes lilas"; a teoría feminista son esas lentes que nos permiten corrixir a miopía patriarcal. A segunda característica que todas as teorías feministas comparten é a de realizar unha tarefa dobre: por un lado, deconstruír o androcentrismo que está na raíz de todas as prácticas sociais e culturais e, por outro, reconstruír a perspectiva das mulleres, a verdadeira gran ausencia da cultura. En terceiro lugar, todas as teorías feministas participan da certeza de que incluír ás mulleres obriga á reestruturación e reescritura de todas as disciplinas do saber: non é só que se restituía o feito desaparecer e se faga visible e audible o silenciado (o cal xa é en si mesmo un acto de xustiza social

imprescindible), senón que dismantelar o androcentrismo cambia radicalmente a historia e o pensamento.

Desde o seu comezo, a teoría feminista estivo implicada no traballo de desenmascaramento que puxo ao descuberto a condición *xenerada* da cultura ao facer evidente que o xénero constitúe unha categoría universal de construción da experiencia; e, ao facelo, fixo evidente tamén que todas as prácticas sociais e as institucións humanas están mediatizadas pola ideoloxía. Ademais, a teoría feminista creou as condicións de visibilidade para un suxeito social diferente e inédito: as mulleres. Só unha vez que se crean esas condicións de posibilidade o *outro* suxeito (o borrado, o ausente) deixa de parecer irrelevante, prescindible ou simplemente nesgado. O androcentrismo sempre pretendeu que o pensamento dos homes era o pensamento: neutral, racional, verdadeiro, universal. Co seu traballo, a teoría feminista probou que ese pensamento, envolto coas roupaxes da obxectividade, estaba, como o rei do conto, espido, e era, en realidade, un pensamento “fálico”, ou “falocéntrico”, ou “falogocéntrico”, como o denominaron as feministas da segunda vaga.

Estas, as feministas da segunda vaga (é dicir, a xeración dos anos 1950 a 1970) foron as encargadas de cartografar un territorio completamente novo e que alterou para sempre as normativas androcéntricas de discusión sobre a realidade e o coñecemento ao desvelar que o patriarcado se erixe sobre unha *política sexual*. A estadounidense Kate Millett titulouse precisamente así, *Política sexual*, a súa primeira obra, publicada no ano 1970, un dos textos fundacionais da teoría feminista; e por “política” debemos entender, con ela, o conxunto de estratexias, relacións e compromisos que usa o poder para manter a un grupo de persoas sistematicamente baixo o control doutro grupo. O feminismo da segunda vaga elaborou o argumentario que demostraba como as relacións entre os sexos son políticas e implican de modo arbitrario e hereditario o control dun sexo, o masculino, sobre o outro, *o segundo sexo*, para dicilo con palabras de Simone de Beauvoir. Todas as culturas que coñecemos caracterízanse, independentemente da súa localización espacial ou temporal, polo feito de que a súa política sexual autoriza o dominio —indiscutido e que se fai pasar por “natural” pese a ser unha construción cultural— do macho sobre a femia humanos, un dominio máis resistente que calquera outro tipo de segregación e máis uniforme, ríxido e tenaz que a estratificación das clases, sendo así que, como dicía Kate Millett, o dominio sexual

é a ideoloxía máis arraigada en todas as culturas e que esa ideoloxía mantense invariable porque todas as forzas capaces de producila e lexitimala —a política, as leis, as institucións do estado e os seus brazos armados, os exércitos e os corpos de seguridade, a economía e as finanzas, a ciencia, a técnica, as academias, as relixións, todas as institucións culturais— están en mans masculinas.

A política sexual naturalízase e reproducése grazas a socialización de ambos os dous sexos, segundo as normas e valores do patriarcado, e execútase, fundamentalmente, a través da creación dos estereotipos de identidade, rol e status. A identidade é unha categoría psicolóxica, o rol é unha categoría sociolóxica e o status, unha categoría política. A identidade fíxase grazas a imposición dos estereotipos de “masculinidade” e “feminidade”, é dicir, dos roles de xénero, un sistema altamente elaborado e que se basea nas necesidades e valores do grupo dominante e se impón sobre todos os individuos desde a infancia máis temperá. Os roles de xénero regulamentan a forma de seren mulleres e homes e a forma de comportamento “naturalmente” feminino e masculino. Finalmente, a institucionalización da superioridade masculina garante ao varón un status sempre superior. A división sexual das tarefas produtivas e reprodutivas ten obrigado ás mulleres a “especializarse” no exercicio das actividades e capacidades humanas relacionadas co coidado material e emocional doutros seres humanos. Esta actividade mantivo ás mulleres apartadas do desenvolvemento doutras capacidades igualmente humanas, as relacionadas coa vida pública, a política, o diñeiro, a fama, o “xenio”<sup>1</sup>. Os traballos do coidado son considerados “reprodutivos”, carecen de valor e non confiren status, fronte o *verdadeiro* traballo, o “produtivo”, que xera beneficios económicos e status.

Despois de esclarecer a existencia e funcionamento da política sexual, o seguinte paso fundamental para desvelar as relacións de subordinación das mulleres no patriarcado foi a creación do concepto

---

1 Unha pregunta mal intencionada e ben estúpida pero que, pese a selo, se facía (mesmo ás veces para poñer en dúbida a aptitude intelectual ou creativa das mulleres e xustificar así a súa ausencia da historia e da cultura era “por que non ten habido mulleres xenio?” Neste libro, nos apartados “Unha vertixinosa viaxe pola (historia da) vida das mulleres” e “Reivindicando o dereito a iguais dereitos” ofrécense razóns abondas que a contestan.

de xénero e a súa posta a punto como unha ferramenta de análise extremadamente eficaz. Foi a antropóloga norteamericana Gayle Rubin, noutro dos textos fundacionais da teoría feminista, "O tráfico de mulleres: notas sobre a 'economía política' do sexo" (1975)<sup>2</sup>, acuñou o concepto *sistema sexo-xénero* para se referir ao conxunto de disposicións polo cal a materia prima biolóxica do sexo é conformada pola intervención humana e social e resolta dunha forma convencional. En todas as sociedades que coñecemos<sup>3</sup> sobre a existencia de seres sexuados construíuse o xénero. O xénero é o conxunto de trazos físicos, de comportamento, de actitudes, sentimentos, condutas, valores que se impoñen sobre as mulleres e os homes e que os diferencian a través dun proceso (toda unha "tecnoloxía de xénero", como chamou a este proceso construtivo outra feminista fundamental, Teresa de Lauretis<sup>4</sup>) que ten varios aspectos: o primeiro, que é unha construción social que se desenvolve ao longo da vida das persoas e no que actúan unha pluralidade de axentes sociais: a familia, a educación, o estado, as leis, o mercado de traballo, os medios de comunicación, a literatura, o cine, as artes, o deporte, a moda, o lecer e as relacións interpersoais. Ademais, o xénero implica un proceso coercitivo; seguindo o argumento de Gayle Rubin, lonxe de ser unha expresión de diferenzas naturais, a identidade de xénero require represión: nos homes, represión de calquera que sexa a versión local de trazos "femininos" e, nas mulleres, represión da versión dos trazos "masculinos". Isto significa que a división dos sexos ten o efecto de reprimir algunhas das características de personalidade de practicamente todos os suxeitos, homes e mulleres, de modo que o mesmo sistema social que oprime

- 
- 2 "El tráfico de mujeres: notas sobre la "economía política" del sexo", en *Revista Nueva Antropología*, noviembre, 1986, VIII, México D.F./Universidad Nacional Autónoma de México, pp. 95-145.
  - 3 Esta afirmación, que achou consenso durante décadas, comeza a ser posta en dúbida por estudos máis recentes. Por exemplo, a filósofa María Lugones afirma que en certos pobos da América precolombina non existía o concepto de xénero nin ningún sistema de xénero. Ela argumenta que este sistema foi introducido polos poderes coloniais como ferramenta de dominación e que isto cambiou de xeito radical as relacións sociais daqueles pobos ("Heterosexuality and the Colonial/Modern Gender System", *Hypatia*, 22/1, Winter 2008).
  - 4 *Technologies of Gender. Essays on Theory, Film, and Fiction*, Bloomington, Indiana Press University, 1987. Un capítulo deste libro, precisamente o titulado "La tecnología del género", está traducido ao español e pode atoparse na rede.

ás mulleres oprime a todas as persoas coa súa insistencia nunha ríxida división da personalidade.

Por outro lado, o xénero é un sistema de valor que se constrúe sobre oposicións binarias onde o primeiro elemento do par sempre ten máis valor que o segundo: home/ muller; cultura/ natureza; mente/corpo; razón/ emoción; intelixencia/ sensibilidade; actividade/ pasividade, obxectivo/ subxectivo, abstracto/ concreto, universal/ particular e un longo etcétera. Esta dicotomía sofre un proceso de sexualización mediante o cal todas as características do primeiro elemento do par son identificadas co sexo masculino e as do segundo co sexo feminino; e, de acordo coa lóxica da superioridade do masculino sobre o feminino, os termos da dicotomía son xerarquizados, sendo o primeiro termo de cada par valorado positivamente ou moito máis valorado que o segundo. Ademais, a dicotomía faise prescritiva. Non só se afirma como é a esencia de cada sexo (dando, de paso, por sentado a existencia de só dous sexos), e cal é superior ao outro, senón como debe ser e actuar cada un (e viceversa, como non debe ser nin actuar cada un). Seguindo a lóxica implacable da superioridade masculina, os termos considerados femininos son definidos como unha imperfección respecto dos outros: a mente é máis importante que o corpo, a razón que a emoción, a intelixencia que a sensibilidade, e así con todos.

Segundo Alda Facio e Lorena Fries (1999)<sup>5</sup>, en todas as culturas se repiten catro trazos que contribúen a construír e manter a idea de que as mulleres son inferiores aos homes; son os seguintes: 1) unha ideoloxía, e a súa expresión lingüística, que devalúa explicitamente ás mulleres outorgando a elas mesmas, ás súas actividades e á súa contorna social menos prestixio e/ou poder que o que lle dá aos homes; 2) a atribución de significados negativos en todo o relativo ás actividades das mulleres a través de feitos simbólicos e de mitos; 3) a exclusión das mulleres de todas as estruturas de participación ou contacto cos máis altos poderes, ou onde se pensa que están eses espazos de maior poder tanto no económico e político como no cultural; 4) a existencia dun pensamento dicotómico, xerarquizado e sexualizado que divide todo en cousas ou feitos da natureza ou da cultura, e que, ao colocar ao home e o masculino baixo a segunda categoría, e á muller

---

5 En "Feminismo, género y patriarcado", Alda Facio e Lorena Fries (eds.), *Género y Derecho*, Santiago de Chile, La Morada/ Lom/ American University, 1999, 6-39.

e o feminino baixo a primeira, fai do home o parámetro e paradigma do humano, ao mesmo tempo que xustifica a subordinación das mulleres en función dos seus pretendidos “roles naturais”.

Ao nacer e dependendo dos seus xenitais, á criatura humana se lle asigna unha etiqueta marcada xenericamente, o que a fará desenvolver unha identidade de xénero que a levará a comportarse e construírse a si mesma de acordo coas normas do seu xénero. O xénero actúa restritivamente sobre os humanos e conforma o noso estar no mundo como mulleres e homes ata tal punto que podemos dicir que o feminino e o masculino constitúen dúas culturas e dous tipos de vivencias radicalmente distintos. A “feminidade” e a “masculinidade” seguen a considerarse como polos opostos dunha única dimensión e, polo tanto, mutuamente excluíntes e incompatibles; para desenvolver unha personalidade “normal” e “equilibrada” os seres humanos deben ser ou mulleres femininas ou homes masculinos<sup>6</sup>. Para o feminismo desta segunda vaga da que estamos a falar, as diferenzas anatómicas son feitos biolóxicos aos que se carga de valores simbólicos, que son realizados en formas diferentes segundo as distintas culturas. O biolóxico pertence á orde da natureza, pero as distincións psicossociais entre mulleres e homes non teñen ningún fundamento biolóxico nin tampouco o teñen os estereotipos de xénero. Podemos afirmar, entón, que o xénero constitúe o pilar da política sexual do patriarcado, o que deixa ben claro que a supremacía masculina non é un feito biolóxico senón político.

A identidade de xénero queda fixada aproximadamente aos dezaioito meses de idade (mentres que o sexo do feto queda establecido

---

6 En “O tráfico de mulleres” Gayle Rubin apuntara algo máis que pasou un tanto desapercibido no seu momento, pero que funcionou como bomba de relojería e estourou case unha década despois, cando estas ideas xunto con outras contemporáneas súas, fundamentalmente de Monique Wittig, callaron converténdose, retrospectivamente, no berce da teoría queer. Para Rubin, igual que co xénero pasa co sexo, por algo son un sistema, o “sistema sexo-xénero”; di Rubin que “o campo do sexo humano, da diferenza sexual e da procreación sufriu a intervención e as modificacións da incesante actividade social durante milenios. O sexo tal e como o coñecemos —identidade sexual, desexo sexual e fantasías—, é, en si mesmo, un produto social”. O sexo, igual que o xénero, é cultura, un produto cultural, e non “natureza”. Volveremos sobre a cuestión ao tratar a teoría queer.



arredor dos catro meses de vida); é a identidade primaria do ser humano, a que primeiro se adquire e a de maior alcance e duración na vida. O termo xénero (*gender*) foi empregado por primeira vez no ámbito da psicoloxía clínica, concretamente por John Money en 1955, para referirse a experimentos levados a cabo por el con bebés intersexuais; na súa investigación, propón o termo "rol de xénero" para describir os comportamentos asignados socialmente a homes e mulleres. Máis tarde, xunto con Anke A. Ehrhardt publicaría o libro *Home e Muller, Chico e Chica* (1972), onde presentaban polo miúdo toda unha serie de interpretacións sobre o dimorfismo e a identidade de xénero. Na introdución á edición española do libro, que levou o título de *Desarrollo de la sexualidad humana (Diferenciación y dimorfismo de la identidad de género)* (1982), Money precisa que, para evitar confusións derivadas da separación da identidade e do rol de xénero, acabou reunindo ambos baixo as siglas G-I/R (gender-identity/rol, ou sexa, identidade/rol de xénero), que non é produto da natureza nin da educación, nin da herdanza nin do medio ambiente actuando por separado, pois natureza, herdanza e medio ambiente interactúan durante un período crucial do crecemento. Pola súa parte, no seu libro *Sex and Gender* (1968), o psiquiatra e psicanalista Robert Stoller define a identidade de xénero como a crenza ou sentimento de pertenza a un dos dous xéneros e considera que non estaría determinada polo sexo biolóxico senón polo feito de ter vivido experiencias e hábitos asignados a un deles; para el, detrás da identidade de xénero sitúanse varios factores que entran en conxunción: a forza biolóxica, a asignación de sexo, as formas en que nenas e nenos son percibidos e criados no seo familiar, os fenómenos biopsíquicos e as diferentes percepcións que o eu ten sobre o seu corpo sexuado. "Xénero" non ten un significado biolóxico, senón psicolóxico e cultural. Os termos que mellor corresponden ao sexo son 'macho' e 'femia', mentres que os que mellor cualifican ao xénero son 'masculino' e 'feminino'; e estes poden chegar a ser independentes do sexo. De feito, tan arbitrario e artificial (é dicir, manipulado pola intervención humana, cultural) é o xénero, que pode opoñerse mesmo á base somática, como demostra a transexualidade. A personalidade psicosexual é unha suma de trazos adquiridos a través da aprendizaxe social e, fundamentalmente, a través da linguaxe. Sobre os tres anos nenas e nenos xa poden identificar o seu xénero e o das demais persoas, e acomodan o seu propio comportamento para axustalo a ese estereotipo; o esquema de xénero é aprendido moi pronto na infancia, é extremadamente rico

nas súas asociacións e está intimamente conectado coa percepción do propio eu.

Pero entón, por que, se a vivencia, a experiencia, de mulleres e homes é tan distinta, en ocasións e ante os mesmos feitos parecen non facer lecturas radicalmente distintas? Acaso non é a vivencia do xénero un marcador diferencial de enorme potencia e valor? Ou, para dicilo resumiadamente, por que hai mulleres que son cegas ao machismo e mesmo o xustifican? Para explicar este feito rechamante e sorprendente, a crítica feminista axudouse da antropoloxía, que, a partir do estudo do comportamento de grupos humanos minoritarios, deduce que as diferenzas experienciais poden ser escurecidas polas diferenzas en punto de vista (ou, o que é o mesmo, ideolóxicas), no que se coñece como a teoría do grupo silenciado. Esta teoría foi desenvolvida para describir circunstancias nas que determinados grupos de persoas viven en situacións de poder asimétricas (v.g., grupos colonizadores/colonizados ou negros/brancos). Como a linguaxe e as súas normas de uso están controladas polo grupo dominante, os membros do grupo silenciado teñen evidentes desvantaxes á hora de articular a súa experiencia no idioma dominante, pero teñen que facelo, incluso se iso implica unha perda de significado ou unha ausencia do mesmo no caso das experiencias que non poden dicirse coa lingua (e ideoloxía) dominante. As experiencias perdidas nesa “tradución” quedarán acaladas e mesmo non pensadas sequera polo grupo silenciado. As preguntas obrigadas aquí son: pode a lingua do grupo dominante dicir o que ignora, as experiencias do grupo dominado? e, á inversa, pode o grupo dominado pensar e expresar a súa experiencia na lingua que o ten excluído e minorizado? Como afirmaba a poeta e pensadora feminista negra e lesbiana Audre Lorde, “as ferramentas do amo nunca desmantelarán a casa do amo”.

Valla só unha breve indicación reflexiva sobre a produción literaria hexemónica da nosa contorna. A comezos do século XX, no mundo occidental, o analfabetismo feminino era aproximadamente do 70%. Coa extensión da instrución universal pareceu que mulleres e homes eramos herdeiros por igual da cultura, que a cultura era universal, indistintamente dirixida a todas e todos; porén, ao poñernos os lentes lilas, podemos ver, como fixo a crítica feminista da segunda vaga, que a cultura e o seu legado, lonxe de ser de e para todo o mundo, asemellábase a un club privado para cabaleiros: os sisudos filósofos, os doutos eruditos e os apaixonados poetas eran todos homes

e a cultura era o seu patrimonio hereditario, o seu feudo ancestral: un templo masculino, un Panteón de homes ilustres onde as mulleres brillaban pola súa ausencia. *Eles* teñen sido os socios numerosos da cultura; *elas*, ao sumo, “a gran muller que hai *detrás* de todo gran home” e tamén detrás de todo home pequeno. Emprender unha viaxe pola cultura é como viaxar en coche con homes: quen conduce, *naturalmente?* quen senta, *naturalmente* tamén, no asento do lado ou quen, cando hai máis dun home viaxa, *naturalmente*, sempre no asento de atrás? Na nosa formación intelectual, mesmo aínda hoxe, as mulleres están ausentes. Despois de oitenta anos de feminismo, na nosa educación básica pero tamén na especializada seguen a non estar as mulleres. Este borrado é, obviamente, algo intencional e que a crítica feminista ten suplido con décadas de traballo en todos os ámbitos. Pero cando se inclúe ou representa as mulleres hai un mecanismo moi sutil que funciona para preterir ás mulleres e o feminino: a analoxía sexual; por este dispositivo mental todas as formas que existen quedan subsumidas baixo o binarismo masculino/ feminino; e segundo esta lóxica todo o activo, o recto, o color, o movemento, o divertido, o aventureiro, o rápido son masculinos; mentres que o pasivo, o curvo, o fluído, o doce, o lento, o receptivo o introspectivo, femininos. O de rapaces mola; o de rapazas..., non tanto. A laureada debuxante de banda deseñada Alison Bechdel propón un sinxelísimo test para poñer a proba calquera obra de arte narrativa (novela, conto, película) e ver se cumpre ou non a máis elemental norma da arte non sexista. Para evitar caer no sexismo unha obra debe cumprir tres requisitos: 1) na película (ou novela, conto, obra teatral, banda deseñada...) deben aparecer, polo menos, dúas personaxes femininas; 2) estas personaxes deben falar entre si nalgún momento; 3) a conversa non debe ter aos homes como tema. E, claro, tamén é desexable que as mulleres teñan nome. Co pouco que demanda o test, se facemos un exercicio práctico e o aplicamos, por exemplo, as últimas películas que vimos, sorprenderíannos, e moito, os resultados.

## **Feminismos liberal, marxista e radical**

Dito o anterior con carácter xeral, presentamos no que segue algunhas das correntes máis significativas desenvolvidas dentro do pensamento feminista, comezando polas que foron maioritarias nos anos 1960 e 70: o feminismo liberal, o marxista e o radical. A mellor expresión do feminismo liberal contemporáneo atópase na obra de

Betty Friedan *A mística da feminidade*, publicada no 1963. Desde a súa perspectiva, a opresión das mulleres susténtase na existencia dun sistema legal e consuetudinario inequitativo, que bloquea a entrada das mulleres na esfera pública e no mercado de traballo en condicións de igualdade; se removemos esas inequidades, segundo as feministas liberais, e damos ás mulleres as mesmas oportunidades educativas e os mesmos dereitos civís, será un problema *individual* —é dicir, deixará de ser un problema *social*— de cada muller e cada home “triumfar” nunha sociedade de iguais oportunidades para os sexos. A situación das mulleres, por tanto, para o feminismo liberal, é de desigualdade, non de opresión nin de explotación. Este feminismo é o modelo do feminismo reformista de moitos dos partidos políticos de centro semi progresista nos países occidentais, un feminismo non rupturista, de e para a clase media.

Pero foi o feminismo radical, profundamente oposto ao liberalismo, o verdadeiro protagonista da segunda vaga do feminismo. Como outros grandes movementos sociais dos anos 60 e 70 do século XX (o antirracista, a Nova esquerda, o antiimperialista, o pacifista, o estudantil) tivo un marcado carácter contracultural e a súa política estivo marcada por un forte sentido utopista: cambiar o mundo radicalmente (de aí o nome de “radical”, un feminismo que busca ir até a mesmísima raíz onde se cimenta a explotación das mulleres). As feministas radicais non buscaban reformar o sistema, eran anti-sistema: o sistema é o patriarcado, e o patriarcado é irreformable, hai que demolelo. Os textos teóricos do feminismo radical foron o xa mencionado *Política sexual*, de Kate Millett, e *A dialéctica da sexualidade*, de Sulamit Firestone<sup>7</sup>, ambos os dous de 1970. A estas obras debemos conceptos fundamentais para a análise feminista como os de patriarcado, xénero, política sexual e casta sexual (se para elas as mulleres eran unha casta, un pouco máis tarde as marxistas defenderían que as mulleres eran unha clase). Estas feministas fixeron algo inédito e que revolucionaría para sempre a teoría política ao identificar como centros da dominación patriarcal esferas da vida que até entón se consideraban “privadas”: a familia e a sexualidade. Ideas

---

7 Outras feministas radicais imprescindibles, e que por isto é obriga citalas, foron Ti-Grace Atkinson, Mary Daly, Andrea Dworkin, Germaine Greer, Catherine MacKinnon e Robin Morgan.

que quedaron sintetizadas na famosísima frase “o persoal é político”. Para as radicais, o matrimonio, a maternidade, a familia nuclear, tal e como existían, son elos da cadea que subordina ás mulleres. Foron ademais pioneiras en facer comprensible a violencia masculina contra as mulleres como o material máis elemental que sustenta a existencia do xénero, e a este, á súa vez e como xa vimos, como columna basal do patriarcado; a violencia contra as mulleres ten un carácter especificamente sexual, e esta, a violencia sexual, é un *sine qua non* do patriarcado. Coa forza tremendamente apaixonada do seu activismo de rúa, á vez que teórico, conseguiron que a violación e a violencia doméstica foran entendidas como unha parte fundamental do dominio masculino e entrasen, para quedarse, na axenda política; tamén fixeron comprensibles a pornografía e a prostitución como industrias de explotación e banalización da violencia sexual contra as mulleres. Pero aínda fixeron outras dúas aportacións fundamentais ao movemento feminista; a primeira, a creación e organización de grupos de auto conciencia, pequenos grupos onde cada muller poñía en palabras a súa conciencia ou experiencia de opresión como muller. Construíase así, desde o persoal e experiencial, a teoría feminista; esta non era un corpus de ideas abstracto que viña imposto desde arriba, senón que se construía desde a propia experiencia, desde abaixo e en conxunto, entre todas. Ademais, este exercicio de toma da palabra resultaba empoderante para un colectivo historicamente silenciado e de quen a súa palabra era considerada unha insignificancia ou frivolidade ou futilidade. A outra aportación fundamental do feminismo radical foi a concreción da idea da solidariedade entre mulleres no concepto de sororidade, resultado de toda unha serie de prácticas colectivas, de e entre mulleres, que se materializou na creación de espazos de encontro non mixtos, só para mulleres, de centros alternativos de axuda e auto axuda, como foron os espazos de saúde non patriarcal e as clínicas xinecolóxicas, garderías, casas para mulleres maltratadas, festivais de música e arte de mulleres ou centros de defensa persoal. En boa medida, o empurrón máis forte para que comezasen a ofertarse nas universidades cursos de feminismo dérono tamén as radicais. O feminismo socialista e postcolonial achacarían ás feministas radicais non estar o suficientemente atentas ás interseccións do xénero coa clase e a raza, como veremos máis adiante. Tamén desde o principio un certo sector do feminismo radical manifestouse en contra da existencia das persoas transexuais; as integrantes dese grupúsculo chamáronse a si mesmas

Trans Exclusionary Radical Feminists (TERF) e a súa transfobia supuxo un (tamén radical) desmembramento deste movemento, xa que moitas feministas se descolgaron del.

Outra liña ideolóxica deu forma ao feminismo da segunda vaga, o marxismo, revisitado desde unha perspectiva feminista e que se nutriu, tamén, da revisión feminista da teoría psicanalítica. Para as feministas marxistas (tamén chamadas materialistas ou socialistas) é imposible lograr unha xenuína igualdade de oportunidades nunha sociedade clasista, na que os medios de produción están en mans dos (e moi poucos) homes. A opresión das mulleres é o produto de estruturas políticas, sociais e económicas asociadas co capitalismo. Para a teoría marxista ortodoxa, son as forzas materiais —é dicir, a produción e reprodución da vida social— os motores da historia. Segundo Marx, nun aserto xa clásico, non é a conciencia dos individuos a que determina a súa existencia, senón ao contrario, son as condicións de existencia social as que determinan a conciencia. Para as feministas marxistas, do traballo das mulleres, fundamentalmente doméstico (ou sempre e ademais doméstico), que esixe o servizo físico e emocional permanente aos homes, derívase a súa situación na sociedade pero tamén a percepción que as mulleres teñen de si mesmas e a súa configuración psíquica. Este engadido á teoría marxista clásica é o que define este feminismo. Juliet Mitchell foi unha das primeiras feministas marxistas en opoñerse á afirmación marxista tradicional de que a situación das mulleres é unha consecuencia do sistema económico e de clases. Na súa obra *Feminismo e psicanálise* (1974) defende que a posición das mulleres é única e resulta do seu lugar en catro estruturas sociais: produción, reprodución, sexualidade e socialización da infancia. Para superar a opresión das mulleres hai que eliminar o sexismo de todas as áreas e non, como postula o marxismo ortodoxo, só da área da produción. As feministas marxistas teñen analizado lucidamente o papel que desempeña a familia como soporte da institución do sistema capitalista e do patriarcado e a forma en que o traballo das mulleres na reprodución (a produción de seres humanos) se considera non produtivo mentres que o traballo masculino de produción de obxectos é considerado o traballo (por excelencia: o traballo); ademais, o traballo doméstico gratuíto das mulleres provee aos homes, que constitúen a forza asalariada de traballo, do benestar material e emocional que o capitalismo necesita para seguir funcionando como unha máquina ben

engraxada. Destas análises, as marxistas concluíron que, mentres o traballo caseiro e o coidado da infancia e da vellez non se socialice, non terminará a opresión das mulleres como grupo. A liberación das mulleres (de todas, e non do minoritario grupo privilexiado por nacer nunha clase social determinada ou en determinada zona do mundo) ten que pasar necesariamente pola abolición dun sistema social cuxos cimentos son o capitalismo, o imperialismo (que sanciona a desigualdade económica non só entre as clases senón tamén entre os chamados primeiro e terceiro mundo) e o patriarcado e a súa substitución por un sistema que socialice os medios de produción e reprodución. Para as marxistas, o feminismo é indisociable da xustiza social e económica.

Por outro lado, o feminismo marxista oponse a idea da existencia dun suxeito —a muller— homoxéneo e unificado, como o que sustentan as premisas do humanismo tradicional. A ideoloxía patriarcal representa a diferenza sexual como algo dado por natureza: unha feminidade inmutable, transhistórica, correlato dunha masculinidade universal e igualmente natural; unha feminidade e unha masculinidade estáticas, utópicas e ucrónicas, establecidas como identidades xenéricas naturais e esenciais. Que o xénero se constrúe socialmente e que esa construción produce relacións de poder asimétricas é unha evidencia. Non existe un produto humano que non estea mediado polo xénero, de aí que poida dicirse que todos os feminismos son materialistas, porque asumen que o coñecemento e as formas de vida que os seres humanos asentamos sobre el dependen do contexto histórico e da realidade material que nos rodea; que nada é dado e, polo tanto, todo é modificable pola acción da ideoloxía e da resistencia ao poder. Atender á construción do coñecemento é tanto como dicir atender á construción das ideas, da linguaxe e da cultura, e ás complexas interseccións de ideas, linguaxe e cultura coas condicións materiais da existencia e cos procesos de cambio histórico. O feminismo materialista é, polo tanto e nun sentido clásico, "dialéctico".

A historiadora e economista marxista Hilary Rose propuxo hai case cincuenta anos que o que define socialmente ás mulleres é o que ela denominou *o traballo do amor* e instou a que o feminismo incluíra os coidados entre as bases materiais da explotación das mulleres. Por moi recubertos que estean de amor e de afecto, os *traballos do amor* (agora chamámoslos dos coidados) deben ser considerados parte fundamental do sistema patriarcal: desvélese así o aspecto material

do que ten sido considerado e definido como esencialmente *sentimental*: para as mulleres aquí e agora, *querer* supón aquel conxunto de actividades incesantes que implican a cobertura de todas as necesidades materiais, afectivas e psicolóxicas das persoas queridas. As mulleres “naturalmente” acostumamos querer a homes, sexan parellas, fillos, pais, irmáns, amigos, pero podemos e debemos preguntarnos se todo este *querer* non é acaso consecuencia dun sistema social que consegue, para beneficio dos homes, servizos gratuítos e permanentes das mulleres; un sistema que, ademais, nos convence de que estes servizos nos gratifican emocionalmente ás mulleres. Os coidados son unha obriga permanente para todas as mulleres e tan só un acto voluntario e esporádico para os homes. O traballo dos coidados non só non está remunerado senón que tampouco está recoñecido social nin economicamente, nin sequera está incluído no cálculo do Produto Interior Bruto dos países. Segundo a OIT (Organización Internacional do Traballo) en España, agora mesmo, este traballo tería no PIB un peso económico similar ao do sector industrial: un 26’24%. Deste traballo non pagado e “invisible” as mulleres realizan o 70% (entre o coidado das persoas —físicos, emocionais, sanitarios, educativos, todos os que son necesarios para o sostemento da vida— e o coidado da casa —limpeza, orde, alimentación, coidado da roupa, facer as compras e os desprazamentos empregados en facer todas esas tarefas—). Desde a perspectiva marxista, este é o traballo reprodutivo (ademais, obviamente, do que ten que ver co embarazo, parto, lactancia), non pagado, non recoñecido e que se diferencia do produtivo —a produción de bens e servizos—, asalariado e recoñecido socialmente. Normalmente para as mulleres o traballo reprodutivo implica unha dobre xornada, unha sobrecarga que ten consecuencias na súa vida laboral (a concentración de mulleres nos traballos peor pagados e nos traballos a tempo parcial, a brecha de xénero nos salarios e nas pensións de xubilación, entre outras) e na súa saúde. Se está desempeñado por traballadoras do servizo doméstico, moitas veces supón unha forma de economía somerxida ou informal (sen contrato, sen dereitos) e está profundamente racializado. En todos os casos representa a apropiación patriarcal da forza de traballo das mulleres. As feministas materialistas refiren a actual crise dos coidados como unha crise civilizatoria e sosteñen que capitalismo é igual a violencia económica, desposesión, migración e pobreza forzadas e expulsión da maior parte da poboación mundial do benestar social. Nesta liña, as economistas feministas apelan a entender a economía como un



sistema de procesos orientados non á produción de capital senón á xeración dos recursos necesarios que poñan a sustentabilidade da vida no centro.

## **Feminismos lesbiano e negro**

Que a muller non *nace* senón que se *fai*, tese sostida por primeira vez en *O segundo sexo* por Simone de Beauvoir, é un dos axiomas centrais da teoría feminista, sobre o que se fundamenta a tarefa de deconstrución do xénero e dos paradigmas e prácticas culturais que o sosteñen. O feminismo conseguiu crear, grazas á teoría feminista e grazas ao movemento social feminista, un suxeito político que non existía: as mulleres. Moi pronto, non obstante, este novo suxeito “xenerado” (‘con xénero’) das políticas feministas manifestouse como unha ficción unitaria que invisibilizaba, ao non telas en conta, outras dimensións da construción da identidade individual e social. Que a cultura é *macho* foi algo que a política sexual feminista dos 70 puxo en evidencia flagrante. Que a cultura, ademais, era branca, heterosexual e burguesa (e racista, heterosexista e clasista) foi a denuncia do feminismo negro, lesbiano e marxista dos anos 1980 e primeiros 90. “Muller”, a priori, parecería un termo estable e nada problemático, pero desde case o principio da súa andaina a teoría feminista comezou a analizar o xénero como unha construción que é modificada por outras matrices da identidade: a clase, a raza, a opción sexual, a idade, a formación intelectual, as capacidades funcionais, as crenzas relixiosas, a cultura, a lingua e un longo etcétera. Esta idea, sementada polas feministas lesbianas e negras será o xermolo da terceira vaga do feminismo. Os trazos sobresaíntes deste novo feminismo son a heteroxeneidade e a resistencia á integración e á asimilación nun suxeito *muller* universal. Na segunda vaga as análises feministas deron a miúdo por feito que todas as mulleres eran como esas mesmas mulleres que levaban a cabo as investigacións sobre as mulleres: académicas, brancas, de clase media, heterosexuais, sen discapacidades, nunha franxa de idade que as situaba nunha posición económica e intelectual consolidada. O xénero era esa experiencia común, unha vivencia idéntica para todas e que nos caracterizaba como mulleres. O feminismo da terceira vaga volveuse cara esa idea, denunciando o reduccionismo, esencialismo, racismo, heterosexismo e elitismo dese postulado, ao mesmo tempo que poñía énfase no carácter situado do suxeito (todo suxeito vive nun contexto histórico concreto), acentuaba o seu

carácter relativo (non universal), producido (non natural) e relacional (non substantivo), en contra desa categoría esencialista “muller” inmune ás diferenzas. O feminismo lesbiano e o feminismo negro foron os encargados de abrir a caixa dos tronos desta denuncia que cambiaría para sempre o feminismo.

Dentro do movemento feminista cada vez máis mulleres sentíronse libres para recoñecerse como lesbianas; para elas, o lesbianismo era unha *opción* que calquera muller podía adoptar. O lesbianismo pasou a ser considerado por moitas feministas como a quintaesencia do feminismo, porque significaba antepoñer as mulleres no afectivo, no social, no político e no sexual, unha acción radical, que alteraba até a mesmísima raíz (recórdese o dito sobre o feminismo radical) a concepción patriarcal das relacións humanas, nas que o home sempre ocupa o lugar central. Significaba materializar un tipo de relación revolucionaria porque tiña como norma a sororidade e o xinoafecto. A lesbiana era tamén a muller independente dos homes, a demostración viva de que unha muller sen home é un ser humano completo, pese a todos os séculos de adoutramento patriarcal en sentido contrario. O grupo neoiorquino *Radicalesbians* explicara xa nun famoso panfleto de 1970 que, como feministas lesbianas, elas eran “mulleres xinoidentificadas”. Acababa de nacer este concepto. Charlotte Bunch, do colectivo *The Furies*, outra das pioneiras da política feminista lesbiana, definiu tamén o lesbianismo como unha *opción política* que se articula en termos de *xinoidentificación*: opción política porque as relacións entre homes e mulleres son relacións políticas; implican poder e dominio. Posto que a lesbiana rexeita esa relación e escolle ás mulleres, desafia o sistema político establecido. Pero sen dúbida unha das pensadoras fundamentais na deconstrución da heterosexualidade como institución política foi Monique Wittig, unha das feministas francesas máis destacadas, escritora e teórica marxista. En 1978 presentou un texto que produciu estupefacción e un verdadeiro escándalo, “O pensamento hetero”, no que afirma que a heterosexualidade é un réxime político que descansa sobre a apropiación e o sometemento das mulleres aos homes, sobre a escravitude das mulleres. Para Wittig, as lesbianas son mulleres que se fugan da casa do amo, auténticas escravas fuxitivas de todo un sistema de opresión. Ademais, “lesbiana” é un concepto que está máis aló das categorías de sexo (home/ muller) porque o suxeito ao que designa, a lesbiana, *non é unha muller*. O que crea ás mulleres é unha relación

social específica cos homes, que ela define como escravitude, porque implica obrigas persoais e físicas ademais de económicas, unha relación da que as lesbianas escapan negándose a ser ou seguir sendo heterosexuais. Dado que o concepto 'muller' ten significado só nos sistemas de pensamento e económicos heterosexuais e as lesbianas sitúanse fóra do sistema de intercambio heterosexual, "as lesbianas non son mulleres". Esta idea brillante e brutal na súa sinxeleza —só cinco palabras— sintetiza como ningunha outra a emerxencia dunha radicalidade de pensamento e activismo que alterará para sempre as políticas da identidade. En 1980, Adrienne Rich publica outro texto fundante da teoría lesbiana, "Heterosexualidade obrigatoria e existencia lesbiana", no que se opón á idea de opción sexual e defende a necesidade do recoñecemento e estudo da heterosexualidade como institución política a través da cal se exerce unha inmensa presión social cara o que ela denominou *heterosexualidade obrigatoria*, que define como un complexo de forzas a través das que as mulleres foron convencidas de que o matrimonio e a orientación sexual cara os homes son inevitables, a pesar de ser compoñentes insatisfactorios ou opresivos das súas vidas. Para Rich, a obriga da heterosexualidade e as normas de xénero asociadas con ela son a ferramenta por excelencia do patriarcado.

Tanto Rich como Wittig defenden que aceptar o lesbianismo como "preferencia sexual" é falaz, xa que se dá por válido que os seres humanos optamos libremente pola orientación que damos á nosa sexualidade e manter isto significa ignorar a inmensa presión social que empurra os individuos, nun mundo no que a heterosexualidade é obrigatoria, a "optar libremente" pola heterosexualidade. O desexo sexual é unha aprendizaxe, pensaron as feministas lesbianas: nunha sociedade heterosexista apréndese a ser heterosexual; a heterosexualidade está en todas partes, é hipervisible e modélica, ademais dunha obriga. O feminismo lesbiano propoñía a desaprendizaxe; desaprender a ser heterosexuais significaba converter a sexualidade nunha elección, a homosexualidade en alternativa. O lesbianismo constituíuse en si mesmo nunha posición privilexiada para a análise da cultura, a linguaxe e a política do patriarcado, un de cuxos instrumentos de poder máis efectivos é o heterosexismo, do que a lesbofobia é un piar. Finalmente, ao desnaturalizar a heterosexualidade puido desvelarse como esta é capaz de "producir" mulleres obedientes aos valores heteronormativos. A deconstrución da norma heterosexual, o

cuestionamento do heterocentrismo e da heterosocialidade son grandes legados da teoría lesbiana.

A febril actividade militante e comprometida das feministas lesbianas ao longo da década de 1970 tivo un efecto imperecedeiro: a creación dunha conciencia sororitaria. E a sororidade, o sentimento de comunidade entre mulleres, estendeuse como a pólvora tamén grazas os festivais de música de mulleres, de inmenso éxito e poder de convocatoria daquela, e grazas as editoriais, xornais e revistas tanto feministas como lesbianas, ás librerías feministas e lesbianas e aos lugares de encontro, que crearon toda unha infraestrutura de redes de apoio a e entre mulleres.

No que concirne ao feminismo negro ten en común co lesbiano que ambos os dous puxeron en marcha proxectos similares: por un lado, a crítica interna aos feminismos hexemónicos por heterosexistas e racistas e, por outro, a formulación de proxectos de coñecemento e políticos baseados na propia experiencia e perspectiva e na propia historia e cultura de cadansúas comunidades. As feministas negras organizáronse como resposta ao racismo do movemento feminista pero tamén ao sexismo do movemento de liberación negro, pois as mulleres negras constituían un grupo invisible en ambos os dous movementos. Pensadoras e activistas negras denunciaron, de igual modo que o facían as lesbianas coa lesbofobia, o racismo inconsciente ou consciente das feministas brancas, tan parecido nas súas prácticas ao que estas estaban denunciando do sexismo: incomprender, ignorar, establecer xuízos e prioridades excluíntes, borrar a diferenza; e tamén como a crítica lesbiana, a crítica negra tivo que loitar por recuperar unha tradición perdida, unha historia borrada das vidas das mulleres negras. Ambas críticas xogaron un papel crucial á hora de examinar e desactivar o racismo e o heterosexismo do propio movemento feminista branco, ao que acusaron de promover unha muller "imperial" (e imperialista), canónica, normativa, normal(izada): a muller.

Fonon activistas afroamericanas e chicanas quen, nos Estados Unidos, deron nacemento ao feminismo negro. Hai que ter en conta que, nese momento, "mulleres negras" era intercambiable por "mulleres de cor", termo que incluía a afrodescendentes, a chicanas e caribeñas e a asiáticoamericanas. Para as feministas negras e chicanas, o termo mulleres de cor (ou do terceiro mundo, que tamén se usaba

como sinónimo) tiña un compoñente non só “racial” senón fundamentalmente político, que refería a un contexto común de loita contra estruturas de poder racistas, sexistas e imperialistas. As feministas brancas, como vimos, situaban a raíz da opresión das mulleres no xénero e na institución do patriarcado; segundo as feministas negras, centrarse só nas relacións de poder dos homes sobre as mulleres sen situalas no contexto político e económico máis amplo era ignorar hasta que punto o racismo estrutura todas as relacións. Tan pronto como no ano 1974 un grupo de escritoras, artistas e intelectuais feministas negras formaron o *Combahee River Collective* buscando articular unha teoría e unha práctica que lles permitise tomar conciencia e enfrontar as discriminacións que sufrían nas súas vidas. A súa “Declaración” constituínte foi pioneira en presentar toda a complexidade dunha problemática que se convertería en nuclear, a da multiplicidade de opresións a que se ve sometida a gran maioría das mulleres máis aló do xénero. Pola importancia deste manifesto, traducimos un fragmento significativo: “Estamos comprometidas na loita contra a opresión racial, sexual, heterosexual e de clase e consideramos a nosa tarefa particular o desenvolvemento dunha análise e unha práctica integradas baseadas no feito de que todos os maiores sistemas de opresión están interconectados. A síntese de todas estas opresións crea as condicións nas que se desenvolven as nosas vidas. Como mulleres negras consideramos o feminismo negro o movemento político lóxico para combater as múltiples e simultáneas opresións que enfrontan todas as mulleres de cor. Esta é unha declaración de gran magnitude. Para que un único movemento poda enfrontar todas esas opresións requírese unha acción estratéxica multifocal, que é o que as mulleres negras e do terceiro mundo necesitamos. É importante que o feminismo negro aborde os modos en que o racismo, o sexismo, o clasismo e o heterosexismo funcionan para perpetuarse mutuamente”.

O propio termo “feminismo” resultaba problemático<sup>8</sup> para algunhas mulleres de cor, que atacaron ao feminismo por consideralo unha for-

---

8 Este malestar non é ningunha novidade na historia do feminismo: a sensación das “outras” mulleres de ser invisibles e irrelevantes —esas que non eran nin brancas, nin burguesas nin heterosexuais, ou diferentes en calquera outro sentido e en calquera outro eixo de diferenza identitario— foi un problema dende o mesmísimo principio da loita das mulleres polos seus dereitos: recordemos

ma máis de imperialismo cultural e subliñaron as dificultades que enfrontan as feministas do terceiro mundo á hora de seren escoitadas polo movemento feminista; e isto conducirá a unha xerminal reconfiguración na relación entre feministas de países ricos e pobres, entre mulleres do norte e do sur global. Alice Walker, a coñecida escritora da novela *A cor púrpura* (que Steven Spielberg converteu en película en 1985, con Whoopi Goldberg como actriz principal) acuñou en 1983 o termo *mullerismo* para substituír ao de feminismo; unha mullerista é, para ela, unha feminista negra ou de cor implicada tanto na loita feminista como na loita da súa comunidade contra o racismo, a explotación económica e a indiferenza polo seu desenvolvemento a que a ten sometida o primeiro mundo. O feminismo branco conseguira facer da sororidade un dos motores do feminismo. Do sentimento de exclusión da sororidade dunha boa parte das mulleres negras daqueles anos, en cambio, fala a mítica Angela Davis no documental *Un lugar para a rabia*, de 1991, onde chega a dicir que a gran maioría das mulleres negras non sentiran ningunha conexión co feminismo da década de 1970. Reflexionando sobre certos postulados do seu libro *Mulleres, raza e clase* (1981), Davis afirma que cando o escribiu non se tiña por feminista, e moitísimo menos nos anos sesenta e setenta, cando as mulleres negras tentaban distanciarse a toda costa daquel feminismo branco de clase media “tan racista” (isto é literal). Non obstante, uns anos máis tarde recoñecerá ser feminista, porque o feminismo xa non é un movemento ou unha liña de pensamento monolítico senón un marco radical dentro da política social no que a loita contra a supremacía masculina únese coa loita contra o racismo, o clasismo e a homofobia.

Nos textos das feministas negras sublíñase a necesidade de comprender a importancia da escritura e da memoria para crear unha conciencia (de resistencia) colectiva, marcada pola herdanza da escravitude, da migración forzosa, do colonialismo, do imperialismo e do xenocidio. É imprescindible chamar a atención sobre o feito de que as feministas de cor tachan tamén de colonización a apropiación das

---

a pregunta que a abolicionista afroamericana Sojourner Truth lanzou á cara ás mulleres reunidas en 1851 no Congreso da Muller, en Akron (Ohio): “Acaso non son eu unha muller?”. Esa cegueira racial que se perpetuou no feminismo da segunda vaga foi a tacha que o feminismo negro obrigou a asumir e a combater, e con iso cambiou para sempre a faciana do feminismo.

súas experiencias e loitas polos movementos feministas hexemónicos brancos e pola tendencia a considerar as mulleres do terceiro mundo como "víctimas" en espera de salvación polas feministas do primeiro. Chandra Tapalde Mohanty, recoñecida feminista postcolonial asiáticoamericana, por exemplo, afirma que a diferenza analítica fundamental entre o feminismo da segunda vaga e o postcolonial é que o primeiro fixo do xénero o seu instrumento fundamental, mentres que para o segundo o xénero non pode lerse senón desde o modo (os modos) en que intersecciona coa raza, a clase e a sexualidade; todos estes termos son relacionais, é dicir, están sempre en relación e sempre, ademais, están xerarquizados. Tamén para bell hooks, outra feminista negra fundacional, ninguén "se fai muller" só porque ten un corpo feminino. As ideoloxías da femineidade teñen tanto que ver coa clase e a raza como co sexo. Asumir que *ser muller* é unha cuestión "de xénero" e asumir que o feminismo é, sobre todas as cousas, unha teoría e unha política sobre o xénero é esquecer que a nosa conciencia e a nosa existencia individual e social de "ser muller" está permeada e é inseparable das relacións do xénero cos outros factores de diferenza e que as experiencias de opresión son tremendamente diversas dependendo de causas históricas, culturais e individuais. Todos os eixos de opresión conxúganse e fúsiónanse de maneiras múltiples, "embrolladas", como as describira Gloria Anzaldúa, feminista lesbiana chicana en *Borderlands/La Frontera*<sup>9</sup> (1987), onde propuxo a "nova mestiza" como suxeito do feminismo, un suxeito muller complexo e produto de todo ese magma que é a identidade. A "mezcolanza" (conservamos a palabra do orixinal) de identidades fora resaltada por ela mesma e por Cherríe Moraga (poeta e ensaísta chicana e lesbiana) en *As miñas costas, esa ponte* (1981). Como Audre Lorde, a poeta e pensadora negra e lesbiana, escribiu, "as loitas unidimensionais non existen, porque non vivimos vidas unidimensionais". Anzaldúa, Moraga e Lorde son tres grandes e moi influíntes pioneiras do feminismo negro e chicano.

Froito de todo este potentísimo argumentario insurxente, Kimberlé Crenshaw, fundadora da Teoría crítica da raza, acuñou, no 1989

---

9 Este é o título orixinal, que non quixemos traducir, como facemos cos outros títulos de obras ao longo do libro, para visibilizar que Anzaldúa escribe en chicano.

o termo de “interseccionalidade” para aludir ás complexas interseccións e interaccións entre identidades e as relacións de poder que se crean entre elas. Refírese ás maneiras en que diferentes categorías sociais moi heteroxéneas, que son á vez sistemas de identidade e de opresión (xénero, raza, clase, preferencia sexual, lingua, nación, discapacidade, formación cultural, idade, relixión e etcétera), afectan á experiencia vivida, actúan en simultaneidade e reforzanse entre si multiplicando os seus efectos. Ademais, a interseccionalidade tamén se refire á maneira complexa na que se organiza a desigualdade no plano social, de forma que uns grupos sociais teñen poder relativo respecto a outros, é dicir, que poden ser prexudicados dalgunha maneira por algunha “diferenza” e privilexiados por outra, e isto colócaos en alturas ou planos diferentes na pirámide da desigualdade. Cantas máis diferenzas se sumen, máis pesará sobre un grupo a desigualdade e máis difícil será a existencia cotiá dese grupo: máis invisible, máis desorganizada, máis sen dereitos, máis vulnerable, máis sen recursos.

Os feminismos negros/ do terceiro mundo/ poscoloniais traballan para forxar lazos entre as loitas políticas das mulleres, para incorporar as ideas do indixenismo e outros movementos feministas do terceiro mundo á corrente principal do feminismo occidental; para que se deixen de utilizar modelos eurocéntricos das sociedades occidentais como marco para o resto do mundo e que se recoñezan os diversos procesos de resistencia dos suxeitos subalternos. A Gayatri Chakravorty Spivak, prestixiosa teórica india, marxista, feminista e referente do campo dos estudos poscoloniais e da perspectiva crítica da globalización, débemoslle a comprensión das mulleres como un suxeito subalterno. No seu influínte ensaio “Pode falar o suxeito subalterno?” (1985), texto fundacional dos estudos poscoloniais, defende que o suxeito subalterno, ese pertencente a un grupo oprimido e sen voz (as mulleres, as persoas de sexualidades non normativas, o campesiñado, os grupos étnicos e tribais...) non pode falar porque o seu lugar de enunciación é inexistente por ignorado, soslaido ou silenciado. Ou fala *como* un suxeito do primeiro mundo e coa súa linguaxe (véxase máis arriba a teoría do grupo silenciado) ou convértese nun suxeito incomprendible porque a súa lingua non é unha linguaxe: con ela farfalla ou parlorea ou balbuce, é dicir, o que fan os suxeitos inmaturos, infantís, retrasados, tarados... ou femininos. A muller é un



suxeito colonial e, polo tanto, subalterna; ademais, é tamén a subalterna do subalterno.

O traballo intelectual, académico e activista das feministas negras revelou as xerarquías de poder implícitas nas categorías identitarias e a “cegueira” sobre os propios privilexios: nas sociedades nas que o racismo está institucionalizado, as relacións de raza outorgan privilexios ás mulleres brancas individual e colectivamente, queiran ou non acceder a eles. Estes privilexios están xa aí agardándoas, sonlles conferidos por nacemento e están á súa disposición para seren utilizados. Para unha muller branca, cando se mira a si mesma, a raza é invisible, porque así funcionan os privilexios. Cando unha muller de cor se mira a si mesma, a raza é visible, porque así funcionan as discriminacións: tanto privilexios como discriminacións están sempre encarnados. Audre Lorde, a influínte pensadora negra a quen aludimos antes, dixo tamén: “Como mulleres, algúns dos nosos problemas son comúns, outros non. Vosoutras, as brancas, temedes que ao crecer os vosos fillos varóns se sumen ao patriarcado na vosa contra. Nosoutras, en cambio, tememos que aos nosos os saquen dun coche e lles disparen a queimarroupa en plena rúa, mentres vosoutras lles dades as costas ás razóns polas que están morrendo”. A vixencia destas palabras, pronunciadas hai case corenta anos, é absoluta, aí está a teimuda realidade para demostralo e o movemento masivo e mundial Black lives matter para seguir combatendo a violencia racista. Lorde dixo tamén en *Irmá, estranxeira*, do 1984: “Son o rostro dun dos teus medos. Porque son muller, porque son negra, porque son lesbiana, porque son eu —unha muller guerreira negra e poeta que fai o seu traballo e veño preguntarche—: estás ti facendo o teu?”.

Este foi, é, o traballo e a contribución inmensa do feminismo negro.

## **Feminismo queer**

Desde a década de 1990, as investigacións sobre a sexualidade demostraron que unha das súas principais características é a profunda complexidade da súa natureza, na que o individual (físico, psíquico, afectivo e emocional) e o colectivo (o conxunto de autorizacións, prohibicións e valoracións que cada cultura constrúe ao redor da sexualidade) imbrícanse de xeito inextricable. Que a sexualidade non é un mero feito natural queda demostrado na diversidade e disparidade de formas e prácticas nas diferentes culturas e ao longo da historia: o

que nalgunhas está permitido pode ser, noutras, delito penado co cárcere e mesmo coa morte<sup>10</sup>, e o que é atractivo, desexable ou erótico varía tamén entre culturas. Neste contexto producírase un verdadeiro asalto teórico e desafío á supremacía da heterossexualidade hexemónica, e o activismo e a militancia queer ocupará o espazo dese campo de disidencia sexual. Pero, que é queer?

A tradución convencional de queer é “raro”, “estraño”, “anormal”. En argot, usábase como un insulto moi degradante dirixido ás persoas sexualmente “raras” e “anormais”, ata que estas lle deron a volta ao insulto e comezaron a usalo como palabra de autodesignación desde o orgullo; queer pasa a referirse, así, a todas as sexualidades non normativas (LGTB: lesbianas, gais, transexuais, bisexuais). A apropiación política do termo prodúcese nos Estados Unidos no ámbito da militancia no contexto da pandemia da SIDA. No ano 1990 un dos grupos máis activos nas protestas contra os recortes en gastos sanitarios e contra a codicia das compañías farmacéuticas chamouse, precisamente, *Queer Nation*. Nese mesmo ano, “queer” pasa a ter outro sentido: unha das grandes pensadoras feministas, Teresa de Lauretis, organizou na Universidade de California en Santa Cruz, na que traballaba, un congreso que titulou *Teoría queer*. O éxito (e o escándalo) do oxímoro foi fulgurante por engadir ao venerable e académico “teoría” o insulto vulgar “queer”. No 1998, tres profesoras da Universidade de Vigo, María Jesús Fariña Busto, Belén Martín Lucas e Beatriz Suárez Briones organizamos nela un Curso de especialización en Teorías feministas. Aquí Teresa de Lauretis fixo unha historia das orixes do queer e subliñou dúas das súas características: a primeira, o seu carácter de palabra “franca” da comunidade de “anormais” sexuais: queer era abreviatura de LGTB+<sup>11</sup>; a segunda, que a Teoría queer ten

---

10 Segundo a ILGA (Asociación Internacional de Lesbianas e Gais), neste momento hai unha ducia de países onde manter relación sexuais cunha persoa do mesmo sexo pode ser castigado coa pena de morte. Son Afganistán, Arabia Saudí, Brunei, Catar, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Mauritania, Nixeria, Pakistán, Somalia, Sudán e Yemen. Dos 193 países que conforman a ONU, 68 prohiben explicitamente as relacións homosexuais, o que quere dicir que en máis dun terzo dos estados do mundo son ilegais os actos sexuais consensuados entre persoas do mesmo sexo.

11 Este signo (+) marca o crecemento imparabile dun sintagma en curso: Lesbianas Gais Transexuais Transxénero Travestis Bisexuais Queer Intersexuais

as súas raíces nos Estudos lesbianos e gais e estes son inseparables da Teoría feminista. En canto aos seus obxectivos, poderían resumirse en (transformando o substantivo en verbo) queerizar (é dicir, volver estraña e sospeitosa) a heterosexualidade normativa, as súas institucións e o tipo de subxectividades, de sociedades e de saberes que (re)produce, ocultando coidadosamente o traballo de produción e facéndoo pasar pola forma en que as cousas son por natureza, sen intervención humana. “Heteronormatividade” foi un concepto acuñado por Michael Warner en *Medo a un planeta queer* (1993). Uns anos despois, Lauren Berlant e Michael Warner afinaron o seu significado para referir ás institucións, estruturas de pensamento (recordemos a Monique Wittig e o seu “O pensamento hetero”, de 1978), orientacións e prácticas que fan da heterosexualidade algo intrinsecamente natural e sen fisuras, coherente e, ademais, privilexiado. A heteronormatividade non é heterosexualidade senón heterosexualidade obrigatoria ou institución política. Analizar a heteronormatividade permite reconsiderar os rituais, os costumes, a aparencia, os privilexios e dereitos asociados coa heterosexualidade (branca e burguesa, sobre todo), e visibiliza o feito de que a heterosexualidade é tamén construción cultural, un produto que é presentado como natureza. Queer supón a impugnación radical de normas e ideas sobre o xénero, a sexualidade e a identidade. Implica unha actitude inconformista ou disidente no que respecta á sexualidade e o xénero. É anti-institucional e absolutamente crítica co impulso cara á normalización dos suxeitos: contesta (é un movemento contestatario) que se teña que ser ou volverse “normal” para converterse en alguén lexítimo. Así que, en realidade, non se trata do que a Teoría queer é senón do que *fai* ou, mellor, desfai.

En 1990 publicábase tamén un libro que colocará á súa autora, Judith Butler, no ollo do furacán. Butler é a estas alturas unha figura mítica, das máis influíntes da teoría cultural contemporánea. Filósofa, activista en favor dos dereitos civís e das minorías sexuais, feminista, lesbiana, xudía, unha das nais da teoría queer. Branca, de clase media, forma parte da elite intelectual da esquerda estadounidense. É tamén unha escritora densa, abstracta, esotérica, difícilísima e, non obstante, incrivelmente popular: alí onde vai move multitudes. Unha

---

Asexuais...: é imposible poñer punto final a un complexo identitario (ou antiidentitario) en proceso de expansión e transformación.

boa parte da súa produción hai que entendela inscrita na tradición de pensamento sobre a liberdade sexual do feminismo pero, ao mesmo tempo, esencialmente enfrontada e crítica coas propostas normativas e represivas de certo feminismo. Nese libro que a lanzou á fama, *O xénero en disputa*, Butler defende que a identidade de xénero se constrúe e estabiliza a través da repetición de normas: os humanos executamos certos actos, aprendidos a través da mímese cultural desde a infancia máis temperá e que estamos obrigados a repetir e repetir e repetir e repetir adecuadamente como nunha actuación teatral (performace); esta actuación (como a das actrices e actores que, canto mellor é, maior sensación de "realidade" ofrece) crea a impresión de espontaneidade ou naturalidade e borra o traballo de elaboración, co cal o xénero parece algo natural e non o que realmente é: actuación, copia, produto cultural. Disto Butler deduce que non hai unha identidade de xénero detrás da actuación do xénero; non hai un orixinal detrás da copia: a identidade constrúese a través da súa expresión ou actuación: é performativa (a isto volveremos un pouco máis adiante). No canto de ser substancia, o xénero é o efecto de actos reiterativos de copia que crean a ilusión de que existe un núcleo inmanente e constitutivo do ser: o sexo feminino e a feminidade e o sexo masculino e a masculinidade. Os actos que actúan (insistimos na redundancia) o xénero producen unha aparencia de realidade e de esencialidade e borran o seu carácter construído por sistemas regulatorios fortisimamente normativos que impoñen esa lóxica circular e perversa da normalización das identidades: todas aquelas persoas que, por non cumprir as normas culturais obrigatorias para ser suxeitos, non poden alcanzar o estatuto de suxeitos, quedan sen a capacidade de representarse a si mesmas. O seu estatuto é o do Outro. Do distinto, do diferente, do raro; do que produce desconfianza, sospeita, medo (ao seu ataque, ao seu contaxio); do que é desagradable, noxento, incivilizado, inferior; do que pode ser excluído, desconsiderado e mesmo eliminado.

Pero en *O xénero en disputa*, ademais, Judith Butler realiza un pasoso xiro copernicano ao pensamento sobre o xénero e o sexo: *in-virte* a forma habitual de pensar o sexo como o 'material biolóxico en bruto' —así o definira Gayle Rubin en "O tráfico de mulleres", como xa vimos— sobre o que se impón o xénero. O xénero, para Butler, é un mecanismo produtivo: xera suxeitos que non existen a priori, senón que son creados na fábrica da cultura, dun modo similar a aquel en

que os obxectos manufacturados son producidos na cadea de produción das fábricas: a ela entran pezas separadas e heteroxéneas que, ao ir ensamblándose, dan como resultado o obxecto final, o coche, a lavadora, a nave espacial, o que sexa, a muller, o home. Isto é importante, así que reteñamos a metáfora: pezas heteroxéneas que illadas e en si mesmas non teñen sentido e que só o adquiren ao ser ensambladas unhas con outras da maneira apropiada para crear o obxecto. Para que exista a nave espacial debe existir previamente a idea e o proxecto da nave espacial. E para que existan “homes” e “mulleres” debe existir antes unha idea de “home” e “muller”, un plan, un proxecto: isto é para Judith Butler o xénero, ese plan que ten como resultado que o xénero inviste ao corpo do seu sexo. O sexo non é a base biolóxica do xénero senón o seu efecto máis poderoso. É dicir, non hai un ‘sexo’ prediscursivo (natural), punto de referencia estable sobre o que actúan e ao que se superpoñen as prácticas do xénero. Tanto xénero como sexo son produtos que se crean a través de discursos e prácticas ideolóxicas que teñen un efecto de verdade: malia ser produtos culturais, preséntanse como a verdade que preexiste a eses discursos. Dicotir que un corpo é deste ou destoutro sexo parece, en principio, unha afirmación meramente descritiva; pero esa declaración, por inocente ou obvia que poida parecer, constitúe por si mesma “unha lexislación e produción de corpos”. Estes procesos de construción e produción son constitutivos do suxeito e constitutivos no sentido de que, sen eles, o suxeito é imposible. E a repetición ritual das normas culturais produce tanto corpos intelixibles como corpos abxectos. Para Butler o sexo non é simplemente algo que temos ou unha descrición do que somos (unha muller, un home): para ela, “é unha das normas polas que o “ser” faise viable, o que coloca un corpo ao longo da súa vida dentro do dominio da intelixibilidade cultural”. O sexo créase grazas á ensamblaxe de toda unha serie de funcións biolóxicas, órganos, funcións, sensacións e praceres que doutro xeito non estarían necesariamente relacionados. Estas son as pezas heteroxéneas que, tras ser xuntadas, crean o obxecto previamente deseñado: lavadora, coche, nave espacial, “home”, “muller”. Así que o sexo é unha unidade “artificial”, non natural, pero ficticio e artificial como é o seu poder resulta enorme: para ser “correctamente” humano, o ser humano debe estar adecuadamente sexuado; o sexo discrimina o normal do abxecto, e o inhumano do recoñecible como humano. Ademais, as normas de regulación do “sexo” operan de forma performativa para construír a materialidade dos corpos e para materializar

o sexo do corpo, e, de paso, a diferenza sexual ao servizo da consolidación do imperativo heterosexual.

Pero volvamos outra vez ao xénero. Como apuntamos máis arriba, Butler utiliza unha característica propia dos actos lingüísticos performativos (eses que realizan, ao pronunciala, a acción que enuncian: frases como “prometo que” ou “agradezo” ou “perdóote” ou “escúsame”, por exemplo, que teñen consecuencias reais ou efectos legais), a performatividade, para analizar e deconstruír o xénero. Este non é unha característica innata do suxeito, que emana da estrutura binaria determinada pola bioloxía, senón un conxunto de actos que, ao repetirse, crean a ilusión da existencia dun orixinal. A repetición mimética deses actos é obrigatoria e debe ser incesante para producir o efecto desexado: a aparencia de naturalidade do que non é senón “actuación”; ao mesmo tempo os actos que realizan o xénero deben actuarse continuamente para garantir a corrección da actuación: representar un xénero “verdadeiro”. Pero a repetición nalgún momento pode fallar; podemos cometer erros, equivocarnos. Ao subliñar as incertezas e falibilidades inherentes ás actuacións de xénero, sae á luz a posibilidade de alterar ou inventar dentro do proceso cultural de creación dos significados do xénero. Agora ben, que o xénero sexa performativo (é dicir, todo un conxunto de protocolos que aprendemos copiando a actuación de xénero dos individuos do mesmo xénero ao que somos adscritos os seres humanos ao nacer) non quere dicir que sexa voluntarista, que se poida actuar (ou non) a vontade, coma se existise a posibilidade de crear libre e conscientemente a propia identidade de xénero. Pero se o xénero é actuación, queda aberta a posibilidade de modificalo a través de actuacións paródicas: da mascarada, do travestismo. Para acabar coa normatividade que produce o xénero, Butler chama á confusión e á proliferación, á parodia do xénero, á súa desnaturalización. Así se demostra que, detrás da actuación da feminidade, non hai ningunha muller nin da masculinidade ningún home; detrás da actuación da heterosexualidade non hai ningún/ningunha heterosexual: como se pode apreciar, este é un movemento radicalmente anti-identitario ou postidentitario.

Na súa segunda grande obra, *Corpos que importan* (1993) Butler vai máis aló ao facer derivar o xénero da (imposición da) heterosexualidade. Esta é unha norma cultural superimposta ao individuo a través da sanción cultural e do tabú. A heterosexualidade non é unha identidade esencial ou natural, ningunha identidade o é. A heterosexualidade

obriga á existencia de dous tipos humanos, mulleres e homes: dous sexos, dous xéneros, que se complementan "naturalmente". Butler argumenta que a identidade (sexual e de xénero) non é algo que *somos*, o máis profundo, esencial e inmutable do que nos fai persoas, senón unha ilusión retroactivamente creada pola performance/actuación do sexo e do xénero. Como efecto engadido, ademais de crear a ilusión da identidade, a repetición ritual de normas culturais produce tanto corpos e suxeitos intelixibles (normais, sans, agradables, sexis) como corpos e suxeitos abxectos (anormais, patolóxicos, de mal gusto, desagradables, que dan noxo). Sexo e xénero son *normas* de intelixibilidade cultural. Os corpos e os suxeitos ilexítimos son usados por Butler para cuestionar e rearticular o mesmísimo concepto de lexitimidade cultural e así pasar á acción política. Teorizar sobre o sexo e o xénero permítelle pensar as condicións de posibilidade dunha democracia radical; e viceversa: a súa elaboración sobre a democracia nos seus textos políticos baséase no intento de pensar o espazo político radical onde podan ser incluídos os corpos e os suxeitos que "non importan".

Non deixa de resultar curioso que esta percepción da sexualidade como algo non monolítico e dunha peza, senón como algo construído, complexo e cambiante, en curso, se vira validada pola Bioloxía, a ciencia por excelencia da natureza. Por exemplo, a xenetista Anne Fausto-Sterling, en *Corpos sexuados* (2008), observou que, no que se refire tanto ao sexo como ao xénero, hai diversidade en todos os niveis da bioloxía humana (cromosomas, hormonas, xenitais, estrutura cerebral e en moitos dos aspectos que encaixan coa idea que temos de macho e femia e masculino e feminino). Pola súa parte, Cordelia Fine, desde o territorio da psico/neurociencia, investiga como os roles de xénero teñen un efecto nos nosos cerebros grazas á repetición das normas de xénero (confirmando así a idea de Butler de que é a repetición das normas de xénero a que crea o xénero e non á inversa) e como esta repetición constante dá forma ás nosas conexións neuronais; grazas á neuroplasticidade do cerebro, o xénero faise, pero podería tamén desfacerse (tal como argumentou Butler). En definitiva, nos últimos cento cincuenta anos e baixo a influencia de distintas forzas culturais, o corpo ten sido obrigado a abandonar a súa residencia no polo natureza da dicotomía natureza/cultura e ten sido forzado a residir, xunto a todo o demais que é humano, dentro da cultura. Ningún outro pensamento crítico como o feminista e o queer tivo tanto

que ver coa inscrición do corpo no social e político e coa transformación radical da nosa comprensión das formacións culturais que son xénero, sexo, sexualidade e identidades sexuais, tanto no campo do activismo como no da academia.

## **Transfeminismo**

Como vimos, no feminismo viñéronse dando desde mediados dos anos 70 unha serie de debates e prácticas de deconstrución do sistema sexo/xénero que fixeron emerxer todo un modo diferente de pensar o suxeito (tamén o suxeito do feminismo) e que deron lugar a novas micropolíticas postidentitarias e a novos activismos de grupos máis minoritarios que estaban emerxendo nas comunidades feministas, negras, lesbianas, maricas, trans, okupas, anticapitalistas e de defensa das traballadoras sexuais. A conexión de toda esta serie de formas organizativas deu lugar ao transfeminismo. En España a presentación oficial do movemento transfeminista ten lugar nas Xornadas estatais de organizacións feministas en Granada no 2009. É tarefa imposible resumir nunhas poucas liñas que é e para que serve o transfeminismo, pero aquí vai, en píldoras e a trazos moi grosos o resumo: en primeiro lugar, o propio termo transfeminismo busca visibilizar que o feminismo é un conxunto moi plural de teorías e activismos que actúan contra unha pluralidade tamén de opresións (algo que, por outro lado, o feminismo sempre foi, mesmo se hai un sector feminista máis conservador que non apoia algunha das loitas dos colectivos enunciados máis arriba). Nalgúns contextos españois, transfeminismo é un sinónimo de queer aínda que, sobre este termo, ten ao seu favor que é transparente e visibiliza a palabra "feminismo"; o prefixo "trans-", que significa 'a través de', só indicaría a ampliación de estratexias e suxeitos e loitas do feminismo. En segundo lugar, o transfeminismo implica unha serie de alianzas novas que son móbiles e se reconfiguran segundo novas temáticas identitarias e novas estratexias e loitas políticas: sobre a corporalidade (novas identidades corporais e a relación de corpo e tecnoloxía), a despatoloxización da transexualidade, o traballo sexual, a (post)pornografía, a crítica ao feminismo institucional e á institucionalización tamén do movemento LGTB, ás problemáticas e loitas transmigrantes, a precarización da vida das minorías, a feminización (e a LGTBQización) da pobreza, de onde o carácter intrinsecamente anticapitalista e antisistema (o



sistema, non esquezamos, é o heteropatriarcado *gore*<sup>12</sup>) das loitas transfeministas. En terceiro lugar, o pegamento entre todos estes grupos e a difusión das súas insurreccións ten lugar no ciberespazo: internet fixo totalmente accesible compartir e poñer en circulación información, coñecemento, convocatorias, crónicas persoais, lugares de opinión e crítica micropolíticos á marxe do sistema produtivo hexemónico.

Queremos rematar este apartado cunha cita do filósofo Paul B. Preciado que resume á perfección ese territorio fronteirizo e pánico á vez de loitas, de vontades e obxectivos do feminismo que vimos resumindo nestas páxinas: plural, polifónico, viral, do século vinteún. Escribe Preciado<sup>13</sup>: “Eles din representación, nós dicimos experimentación. Din identidade. Dicimos multitude. Din lingua nacional. Dicimos tradución multicódigo. Din domesticar a periferia. Dicimos *mestizar* o centro. Din débeda. Dicimos cooperación sexual e interdependencia somática. Din desafuzamento. Dicimos habitemos o común. Din capital humano. Dicimos alianza multiespecies. Din diagnóstico clínico. Dicimos capacitación colectiva. Din disforia, trastorno, síndrome, incongruencia, deficiencia, minusvalía. Dicimos disidencia corporal [...] Din enxeñaría social. Dicimos pedagogía radical. Din detección temperá, terapia xenética, mellora da especie. Dicimos mutación molecular anarcolibertaria. Din dereitos humanos. Dicimos a terra e todas as especies que a habitan teñen tamén dereitos [...] Din que o FMI e o Banco Mundial saben máis e toman mellores decisións. Pero, cantos transfeministas seropositivos hai no comité de dirección do FMI? Cantas traballadoras sexuais migrantes pertencen ao cadro directivo do Banco Mundial? [...] Din copyright. Dicimos código aberto e programación estado beta: incompleta, imperfecta, procesual, colectivamente construída, relacional. Din home/ muller, branco/ negro, humano/ animal, heterosexual/ homosexual, válido/ inválido, san/ enfermo, tolo/ cordo, xudeu/ musulmán, Israel/ Palestina. Dicimos xa ves que

---

12 Así denomina Sayak Valencia á “economía do crime” do capitalismo predatorio (en *Capitalismo gore*. Madrid: Melusina, 2010).

13 En “Dicimos revolución” (París, 20 de marzo de 2013), en *Un apartamento en Urano. Crónicas de cruce* (Barcelona, Anagrama, 2019). Trátase dunha colección de artigos que Paul B. Preciado publicou durante varios anos no xornal *Libération*.

o teu aparato de produción de verdade non funciona [...] Necesitamos inventar novas metodoloxías de produción de coñecemento e unha nova imaxinación política capaz de confrontar a lóxica da guerra, a razón heterocolonial e a hexemonía do mercado como lugar de produción do valor e da verdade [...] A nosa insurrección é a paz, o afecto total. Xa sabemos que a paz é menos sexi que a guerra, vende menos un poema que unha racha de balas e unha cabeza cortada pon máis que unha cabeza parlante. Pero a nosa revolución é a de Sojourne Truth, a de Harriet Tubman, a de Jean Deroin, a de Rosa Parks, a de Harvey Milk, a de Virginia Prince, a de Jack Smith, a de Ocaña, a de Sylvia Rae Rivera, a do Combahee River Collective, a de Pedro Lemebel [...] Din crise. Dicimos revolución”.

## Capítulo 2

# Ler con lentes lilas

*Asegúrovos que alguén se lembrará  
de nosoutras no futuro.*

Safo

### **Unha vertixinosa viaxe pola (historia da) vida das mulleres**

A Prehistoria é o período máis longo da historia da humanidade. Abarca milenios de escuridade onde non existía a escritura, polo que o seu estudo céntrase en xacementos e descubrimentos pictóricos: está tan afastada no tempo e os restos materiais das culturas humanas son tan insuficientes que é imposible facer un relato detallado de como eran as vidas e a organización social daqueles primeiros grupos humanos; un relato que require, ademais, especial cautela para non incorrer en explicacións anacrónicas e nesgadas. Ao longo dos milenios que durou, a humanidade viviu innumerables cambios e transformacións transcendentos: o descubrimento da agricultura e da gandería, a sedentarización e a aparición de sistemas sociais marcados polas diferenzas de status e de xénero, entre outras. Ao preguntarse como se organizaban as sociedades humanas, en ausencia dunha perspectiva de xénero, a historiografía abordou a nosa historia evolutiva desde un notable androcentrismo, nesgo sexista que perante séculos ten impregnado o mundo académico e os modelos que produce.

Pese a que sabemos moi pouco dos roles de xénero e formas de organización na prehistoria, as imaxes que se constrúen seguen, sistematicamente, os mesmos tópicos<sup>14</sup>. Unha visión baseada no prexuízo sexista construíu a mirada e a narración e imaxinou un mundo onde os homes aparecen máis, con máis protagonismo e en papeis centrais; eles eran os cazadores, os construtores e artistas que traballaban o sílex mentres as mulleres se dedicaban á recolección e ao coidado da prole. A arqueoloxía feminista leva unhas poucas décadas revisando aquel pasado remoto desde unha perspectiva diferente. Por exemplo, ao analizar as figuras rupestres humanas, estilizadas e sen marcas de sexo perceptibles -ou mesmo algunhas con mamas claramente definidas- a arqueoloxía patriarcal viu sempre cazadores; fronte a isto, a arqueoloxía feminista ve tamén cazadoras. Esta mirada desde o xénero pode construírse grazas a feitos documentais: en moitas das primeiras tumbas descubertas, as mulleres prehistóricas foron enterradas con armas como arcs e frechas, corroborando así a tese de que as mulleres foron tamén cazadoras. Por outro lado, desde hai uns corenta mil anos ata hai uns once mil, algunhas das obras de arte máis enigmáticas creadas polo ser humano fixéronse sobre rochas en cavernas do sur de Francia e o norte de España. Artistas de quen nada sabemos pintaron figuras humanas cazando e estamparon as súas mans como firma ou con valor ritual. A arqueoloxía tradicional imaxinou a artistas ou chamáns varóns pintando cazadores varóns. Ata que Dean Snow, arqueólogo

---

14 Dous exemplos que poden parecer menores, pero son un síntoma que delata como, dende o máis pequeno ao máis grande, dende o que pode parecer casual e sen importancia ata o (mal)intencionado, as mulleres son borradas do relato histórico: cando no 1992, no xacemento prehistórico de Atapuerca, en Burgos, se descubre un cráneo cunha antigüidade de 1,2 millóns de anos, o que o converte no primeiro homínido de Europa e que pertenceu a un individuo do que se descoñece se era home ou muller..., cal é o sexo que se lle asigna a ese cráneo fósil? Dado que o bautizan como Miguelón, xa sabemos o seu sexo (e pouco importa que, neste caso, o nome sexa unha homenaxe a Miguel Induráin). No 2002 aparece no xacemento de Orce, en Granada, un dente de leite 200.000 anos anterior á mandíbula de Atapuerca. Pertenceu a unha nena ou neno de hai 1,4 millóns de anos. É, por tanto, o fósil humano máis antigo de Europa. O seu nome? O *Neno de Orce*. Por que Miguelón non foi Manuela ou Xoana e o Neno de Orce a Nena de Orce? De verdade pensamos que nomear en masculino non ten importancia, ou deberíamos lelo como unha práctica significativa e repetida de prelación do masculino e borrado do feminino?

da Universidade de Pennsylvania, realizou un estudo desas pinturas que ofreceu un resultado sorprendente: o 75% das impresións das mans nas rochas das covas que analizou foron realizadas por mulleres (ou varóns moi novos), o que en absoluto casa coa narración tradicional sobre a autoría das pinturas prehistóricas e o seu valor. Pero se o discurso verbal está claramente nesgado para crear unha idea dos roles de xénero, non menos sexistas son as representacións visuais das vidas das xentes prehistóricas en museos ou libros de texto: as mulleres aparecen preferentemente dentro do espazo doméstico, axeonlladas ou sentadas en actitudes pasivas, mentres que os homes aparecen de pé, dedicados a diferentes actividades. Moitas veces as mulleres son meras figurantes en segundo plano, mentres que os homes aparecen xeralmente como figuras principais. A caza, como vimos, é un bo exemplo de nesgo de xénero: a narración épica e de engrandecemento viril implica que son eles os que cazan, xeralmente caza maior, cando seguramente a caza era maioritariamente menor ou de tamaño medio e nela se implicaba todo o grupo dalgún modo. Tampouco aparecen, polo xeral, mulleres liderando actividades ou á comunidade, e o mesmo ocorre no ámbito do ritual. Os homes están totalmente ausentes, en cambio, nas actividades do coidado. O prexuízo sexista funciona tamén cando se atribúen directamente os enxovais de armas a tumbas masculinas e os enxovais con xoias a tumbas femininas. É moi difícil saber como era a organización tribal dos grupos humanos deste período, se era de dominio e submisión ou de complementariedade entre os sexos; en cambio, a narración tradicional construíu un relato de sociedades calcadas das nosas. Outra forma de mirar, a mirada desde unha perspectiva de xénero, ou feminista, subliñaría as aportacións das mulleres á historia da humanidade como inventoras de numerosos feitos culturais de importancia: o comezo do cultivo dalgunhas plantas, orixe da agricultura; diversas técnicas de transformación de produtos alimenticios e medicinais; a cerámica, o curtido das peles, as artesanías do tecido, a elaboración de certas ferramentas. Co paso do tempo, o paulatino control sobre a natureza, a domesticación de plantas e de animais, o control sobre o abastecemento de alimentos e a aparición dos excedentes alimentarios, o aumento demográfico e a formación dos primeiros núcleos de poboación estables, que producirán a revolución "urbana", marcan un punto de inflexión: o poder masculino vai impoñéndose nas novas sociedades protohistóricas e aparece a sociedade patriarcal, onde queda establecida a desigualdade entre homes e mulleres. A

propiedade da terra causará os primeiros conflitos entre poboacións veciñas: grazas aos intercambios de mulleres, a exogamia<sup>15</sup>, créanse vínculos familiares entre clans, o cal garante a paz entre os grupos.

Fai uns tres mil anos deu comezo o período que coñecemos como historia. A invención da escritura marcou un novo punto de inflexión, ao permitir coñecer o pasado desde a propia palabra nos documentos escritos. Curiosamente, foi unha muller, Enheduanna, unha sacerdotisa acadia que viviu ao redor do 2.280 antes da nosa era en Mesopotamia, a autora do primeiro texto escrito firmado na historia, composto por máis de corenta himnos. No Oriente Próximo xurdiron os pobos que sentarán as bases das estruturas sociais, políticas, económicas e relixiosas que conformarán as sociedades patriarcais, estruturas que irán cambiando dependendo dos diferentes avatares históricos e chegarán ata hoxe. Por iso solemos dicir que non hai patriarcado senón patriarcados. A familia, é dicir, o grupo humano, máis ou menos amplo, formado por individuos unidos por vínculos de sangue e de propiedade, foi a célula básica da organización social. O matrimonio era o contrato mediante o que unha muller era cedida a un home, de quen pasaba a ser posesión. A muller abandonaba a súa familia e pasaba a vivir coa do home. A obriga da esposa era a de darlle fillos ao home e ocuparse do coidado da prole e do fogar. Como o matrimonio era a forma de organización básica, a existencia de mulleres solteiras, independentes dos homes, era máis ben escasa e as que había estaban consagradas maiormente á vida relixiosa.

A historia de Europa cimentouse nas principais civilizacións antigas, entre elas, e sobre todo, a grega. Berce dos sistemas políticos modernos, como a república ou a democracia, foi unha sociedade profundamente misóxina que excluíu ás mulleres de todo o público e as relegou ao xineceo. Gran parte dos pensadores e científicos gregos (Aristóteles, que seguiu sendo autoridade intelectual en Europa até o século XVI, todo o corpus hipocrático, Hesíodo, entre outros) defenderon a natural inferioridade física e intelectual das mulleres. Porén, a pesar da profunda misoxinia da súa contorna, temos chegado algún nome que demostra que as mulleres, dadas circunstancias

---

15 No xa mencionado "El tráfico de mulleres: notas sobre la "economía política" del sexo" a antropóloga Gayle Rubin aborda, precisamente, a cuestión de como as mulleres son "traficadas", e o seu intercambio serve de ligazón entre homes.

excepcionais —ter nacido nunha familia podente que alentase a educación das súas fillas—, podían sobresaír nas artes e no pensamento. Sen dúbida o mellor exemplo é Safo (século VI antes da nosa era), a poeta de Lesbos a quen Platón consideraba a décima musa e Dionisio de Halicarnaso o principal expoñente da poesía lírica en Grecia. Se Homero era coñecido como “O poeta”, Safo era “A poeta”. Así de inmensa era a súa reputación. A súa obra foi condenada á fogueira pola Igrexa medieval, e perdeuse por completo<sup>16</sup> ata que, a finais do século XIX, uns arqueólogos británicos acharon uns sarcófagos envoltos en pergamiño sobre os que eran lexibles un seiscentos versos de Safo. Así o relata Indro Montanelli na súa *Historia dos gregos. A vida cotiá na antiga Grecia*. Grazas a este achado afortunado púidose recuperar parte da obra dunha poeta que desempeñou un papel fundamental na configuración da linguaxe do amor e o desexo, en claves e matices que alimentarán a poesía lírica ata hoxe. E tamén nos chegaron nomes de filósofas, como Téano de Crotona (s. VI antes da nosa era), considerada a primeira muller matemática. Foi discípula da academia de Pitágoras, primeiro, e a súa muller despois. Erudita e mestra da escola pitagórica, atribúenselle tratados de Matemáticas e sobre a proporción áurea, e tamén de Física e Medicina. Ou Hiparquia (s. IV a. da nosa era), filósofa da escola cínica, eloxiada polos seus contemporáneos como mestra na arte retórica e da argumentación.

Roma herdou boa parte das ideas de Grecia e o seu panteón patriarcal de divindades. As leis romanas, base de lexislacións posteriores, ata moi recentemente, tratou ás mulleres como seres imperfectos e inferiores, necesitados da constante tutela legal dun home: o *pater familias* primeiro e o marido despois. A diferenza de Grecia, en cambio, as mulleres de clase alta, as matronas romanas, recibían unha educación esmerada, tiveron unha vida pública abundante, e mesmo poderosa influencia política na sombra. Algunhas delas foron autoras recoñecidas entre os seus contemporáneos, como Cornelia, Corina, Mesala Corvino ou as dúas Sulpicia, ambas poetas. Mulleres cultivadas, en suma, que tamén organizaron os primeiros salóns literarios da historia.

---

16 Non exactamente por completo, pois algúns versos de Safo conserváranse en citas ou referencias doutros poetas coetáneos.

No que todas estas culturas coincidiron foi en perseguir e penalizar o adulterio feminino e o aborto, en considerar a violación como unha responsabilidade das mulleres, ben pola súa actitude provocativa ou por non defenderse o suficiente, e en consentir a prostitución, o que nos dá unha pista de como e desde cando a sexualidade feminina estivo baixo o control, a vixilancia e o castigo masculinos, fronte á sexualidade masculina libre de expresarse como forza incontida da natureza. No século IV da nosa era o emperador romano Constantino convértese ao cristianismo e pouco despois esta relixión vólvese a oficial de todo o Imperio, comezando así o lento camiño de substitución da cultura clásica pola teocéntrica que levará ao cristianismo a impregnar todas as esferas da vida en Europa e á Igrexa a acaparar un poder practicamente omnímodo até practicamente hoxe en día. Neste mesmo século IV vive na Gallaecia Exeria, unha muller pertencente á aristocracia imperial e a autora do *Itinerarium Egeriae*, libro no que, en forma epistolar, conta ás amigas, desde Constantinopla, a súa viaxe de peregrinación a Terra Santa. O manuscrito foi descuberto, formando parte doutro códice, no 1884, e está incompleto, pois só se conserva a súa segunda parte. A historia é apaixonante: entre os anos 381 e 384, Exeria cruzou tres continentes, percorreu máis de cinco mil quilómetros e foi a primeira viaxeira da historia en deixar un documento escrito no que daba conta do seu formidable periplo, converténdose así o seu *Itinerario* nunha obra pioneira na literatura de viaxes<sup>17</sup>. Desde a Gallaecia, Exeria seguiu a vía Domitia, cruzou o Norte de España, o sur de Francia e, atravesando Italia, embarcou para Constantinopla. Despois chegou a Palestina, estableceu en Xerusalén o seu centro de operacións e visitou Xericó, Belén, Nazaret e Cafarnaún. No ano 382 continúa a súa viaxe por Exipto. De aí volta a Xerusalén para viaxar ao monte Sinaí, Antioquía, Mesopotamia, o mar Bermello e Siria. Na súa volta cara Costantinopla, pérdese o seu rastro camiño de Éfeso. Nada máis volvemos saber dela, se regresou ou non a casa ou se faleceu polo camiño. Exeria, que durante catorce séculos estivo desaparecida da historia, ten coñecido a fama no século XX:

---

17 Pódese ler a tradución ao español revisada e anotada por Carlos Pascual *El viaje de Egeria. El primer relato de una viajera hispana* (La línea del horizonte, 2017). Tamén, para saber máis de intrépidas viaxeiras, o libro de Cristina Morató titulado, precisamente, *Viajeras intrépidas y aventureras*, Barcelona, Plaza y Janés, 2007.



o seu *Itinerario* foi traducido desde o latín vulgar orixinal ao español, francés, alemán, ruso e inglés. En 1941 a editorial DC Comics crea, baseándose no mito grego, unha serie de cómicos sobre as Amazonas, unha sociedade matriarcal de semideusas e súper heroínas, entre as que a máis famosa é Wonder Woman<sup>18</sup>. A tenente do exército das Amazonas e capitana da garda chámase, precisamente, Exeria. En 1984 Filatelia Española emitíu catro millóns de exemplares do selo dedicado ao XVI centenario da viaxe de Exeria. No mesmo ano, María Xosé Queizán narra, na súa novela *Amantia*, a vida de Amantia e as súas amigas, habitantes de Vicus Spacorum no século IV da nosa era, o noso Vigo contemporáneo; entre elas está Exeria, a muller viaxeira a Terra Santa á que Amantia ama e a que agarda con devoción. No 2009 a Xunta de Galicia creou Exeria<sup>19</sup>, unha aplicación informática para facilitar o uso dunha linguaxe non sexista. No 2014, a Universidade de Vigo creou os Premios *Exeria* á inclusión da perspectiva de xénero nos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster e no 2018 puxo o nome de Exeria ao edificio da Xerencia e Servizos Centrais. Segundo certas fontes, Exeria non sería galega senón do Bierzo, e tanto en León como en Ponferrada hai unha rúa Exeria; tamén unha cervexa artesá do Bierzo leva o nome desta muller, primeira cronista de viaxes na historia<sup>20</sup>.

Ao final do século IV Roma dividiuse en dous territorios: o Imperio Romano de Oriente e o Imperio Romano de Occidente. Exipto quedou incluído neste último e, na súa capital, Alexandría, naceu, entre o 355 e o 370, Hipatia<sup>21</sup>, unha muller que se ten convertido nun mito con-

---

18 En 2017 estreouse a película *Wonder Woman*, da Warner, protagonizada por Gal Gardot; foi un éxito de público e está considerada como a cuarta das dez mellores películas de súper heroes de todos os tempos.

19 A aplicación informática estivo dispoñible no enderezo electrónico <http://www.exeria.net>. Despois do goberno do Bipartito, co regreso do PP ao goberno galego, a aplicación quedou inactiva ata hoxe.

20 Non podemos resistirnos a mencionar a outra galega intrépida, Isabel Barreto de Castro. Nace ao redor de 1560 e descoñécese a data da súa morte; navegante e gobernadora das Illas Salomón, foi a primeira muller na historia en acceder ao almirantado.

21 Pódese ver *Ágora*, o filme que Alejandro Amenábar dirixiu no 2009 sobre a vida de Hipatia, e que acadou sete Premios Goya, incluíndo os de mellor guión

temporáneo polo inspirador da súa vida e tamén, seguramente, polo espantoso da súa morte. O seu pai, Teón de Alexandría, foi un famoso matemático e astrónomo, profesor na Biblioteca de Alexandría. Ela recibiu unha educación esmerada, que a levou a ser mestra de filosofía e líder da escola neoplatónica de Alexandría a comezos do século V da nosa era; segundo o seu contemporáneo, o historiador Sócrates Escolástico, chegou a superar con moito a todos os filósofos do seu tempo. Viaxou a Atenas e Roma e era experta en Platón e Aristóteles. Ás súas clases, nas que ela discutía cos alumnos sobre filosofía, matemáticas, astronomía, ética e relixión, acudían estudantes de todas partes do mundo coñecido, atraídos pola súa reputación. Era coñecida e respectada polos seus valores éticos e a súa sabedoría, e chegou a ter unha notable influencia entre a alta aristocracia e na esfera política. Escribiu sobre álgebra, xeometría e astronomía. Así mesmo, Hipatia interesouse pola mecánica e a tecnoloxía. Sábese que inventou o densímetro, instrumento que serve para medir a densidade dun líquido, o nivelímetro, para medir o nivel da auga e o hidroscoPIO, para pesar os líquidos; mellorou o deseño dos astrolabios e elaborou un planisferio celeste; por todo isto está considerada como unha pioneira na historia das mulleres na ciencia. Pero era pagá e a súa situación foi volvéndose máis perigosa nunha cidade cada vez menos tolerante, máis hostil ao paganismo e sumida nun clima de extrema violencia, dominada polas loitas internas entre distintas faccións da Igrexa e entre esta e o poder imperial. A todo isto hai que sumar o odio e a envexa que lle profesaba Cirilo, o bispo de Alexandría, que a acusou de bruxa e de dedicarse á maxia negra. No ano 415 Hipatia foi linchada por unha turba de cristiáns fanáticos.

No mesmo século V, coa caída do Imperio romano de Occidente, comeza a Idade Media, un dilatado período de dez séculos que, pese a imaxe estendida de barbarie e escuridade, para as mulleres tivo aspectos positivos porque contaron con dereitos e posibilidades de vida que non tiveran nunca antes e que volverán perder, curiosamente, a partir do Renacemento, esa idade dourada do humanismo e da cultura. Desde o século XI e co desenvolvemento e despegue das urbes aparece unha burguesía cuxa base económica se organiza arredor dos oficios e o comercio. Aquí as mulleres forman parte da

asociación familiar e colaboran e axudan aos pais e aos maridos, aos que mesmo poden suceder como propietarias dos negocios. Para Régine Pernoud<sup>22</sup>, durante a Idade Media as mulleres tiveron un papel esencial na economía, a relixión e a cultura. Exerceron moi diversos oficios: foron mestras, boticarias, copistas, miniaturistas, encadernadoras; foron xuízas, músicas, trobadoras, xograresas, fiandeiras. Fiar foi, de feito, a tarefa feminina por excelencia do Medievo, independentemente do grupo social; foron panadeiras, taberneiras, zapateiras, curtidoras, tecelás e tendadeiras. Traballaron na agricultura e noutros oficios ás veces como propietarias dos negocios e outras como asalariadas. Mesmo había mulleres que, tras casar, continuaban exercendo o mesmo oficio de cando eran solteiras. En numerosas actas notariais consta que as esposas facían operacións comerciais sen precisar autorización do marido. Segundo Margaret Wade Labarge, non existiron practicamente oficios onde non houbera presenza feminina. Grazas ao estudo dos rexistros dos distintos gremios e dos foros municipais sabemos que, nos reinos hispanos, a presenza de mulleres na construción foi numerosa, e que traballaron tamén na construción das grandes catedrais góticas. En Burgos, Toledo, Xirona, Zaragoza e noutras cidades varias confrarías de oficios agrupaban a mulleres que exercían de canteiras, carpinteiras, albanelas e vidreiristas. É ao final da Idade Media, a partir do século XV, que se prohibe a incorporación de mulleres aos gremios e confrarías. Tamén nalgúns aspectos as mulleres desfrutaron de igualdade xurídica respecto ao varón: podían votar nas asembleas ou nos municipios rurais. Por exemplo, nas xuntas da Mesta castelá tiñan voz e voto e nas asembleas locais de pastores o voto feminino era tan válido como o dos seus colegas varóns. As mulleres, ademais, foron propietarias de terras ou participaron na xestión do patrimonio rural e comercializaron todo tipo de produtos. E, por suposto, todas, ademais, dedicábanse ás labores domésticas e á crianza.

As damas compartiron o goberno e a defensa dos señoríos en ausencia do marido ou á súa par. Frecuentemente a tarefa de defender o castelo recaía sobre as mulleres cando os maridos estaban fora

---

22 Especialista no Medievo, Régine Pernoud (1909-1998) é autora, entre outros, dos libros *A muller no tempo das catedrais* e *A muller no tempo das cruzadas* e das biografías de Leonor de Aquitania, Xoana de Arco, Cristina de Pizan, Hildegarde de Bingen e Branca de Castela.

na fronte de batalla; e tampouco foi raro que as mulleres guerrearan encabezando tropas compostas por homes: no tempo das Cruzadas, os cronistas árabes e os cristiáns describen a mulleres loitando nos exércitos. Non en van podían formar ordes de cabalería; en España estaban presentes, por exemplo, na Orde de Calatrava. As crónicas medievais sitúan en numerosas ocasións ás raíñas á fronte dos exércitos, na organización e deseño das campañas e no comando, administración e financiación das actividades bélicas. Neste respecto, son coñecidos os casos de dona Urraca (1081-1126), a primeira raíña titular da historia de España, raíña de Galicia, León, Castela e Toledo; de Berenguela de Navarra (1170-1230), raíña de Inglaterra, duquesa de Normandía e condesa de Anjou; de Maria de Molina (1264-1321), raíña de Castela, e de Isabel I, a Católica (1451-1504), raíña de Castela. A aprendizaxe da estratexia militar formaba parte da educación das mulleres da realeza medieval e das liñaxes nobres. Elas dificilmente podían quedar á marxe da realidade da guerra, que estaba no seu día a día, e dunha ideoloxía bélica que impregnaba por completo á sociedade feudal. Delas esperábase non só que cumpriran a súa función como reprodutoras da liñaxe, senón que cumpriran tamén cos deberes inherentes á súa condición de "señoras": o goberno e administración dos seus señoríos, a impartición de xustiza e asunción das funcións militares, financiando e dirixindo as súas tropas e participando na guerra. Estas mulleres da aristocracia e a alta nobreza souberon facer a guerra pero tamén a paz, a través de alianzas e da concertación de matrimonios que vencellaban estirpes. E que pasaba coas mulleres campesiñas ou burguesas dunha sociedade concibida e estruturada en torno á guerra? Documentada está tamén a súa presenza e participación en motíns, revoltas e exércitos populares. A guerra impregna o mundo das ideas, das mentalidades, das representacións e, por suposto, a realidade cotiá de todas as mulleres medievais. Fóra do ámbito hispánico, sen dúbida a máis coñecida e mítica guerreira dos tempos medievais é Xoana de Arco (1412-1431), patroa de Francia desde 1920 e da que soubo Christine de Pizan, a feminista<sup>23</sup> máis importante de toda a Idade Media, que lle dedicou a súa derradeira obra. Con apenas dezaioito anos, Xoana de Arco

---

23 Permítasenos usar anacrónicamente esta palabra, "feminista", que non existiu até o século XIX para designar as persoas defensoras das mulleres e os seus dereitos.

comandou un exército de máis de cinco mil homes co que obtivo vitorias importantísimas fronte a Inglaterra provocando un xiro radical na Guerra dos Cen Anos e facendo posible a coroación do delfín de Francia como rei. Con dezanove anos é capturada polos ingleses e queimada viva na fogueira, acusada de bruxería. Dito todo isto, tamén hai que sinalar que, sobre todas as cousas, as mulleres foron, na Idade Media e en todos os tempos ata o presente, vítimas das guerras e botín de guerra.

O poder que exerceron algunhas mulleres da nobreza reflíctese tamén na actividade cultural e literaria; moitas actuaron como mecenas que apoiaban coa súa influencia o desenvolvemento de centros culturais pero tamén foron autoras que escriben as súas obras en lingua vulgar. Unha das máis importantes mecenas da Idade Media foi, sen dúbida, Leonor de Aquitania (1124-1204), raíña consorte de Francia primeiro e de Inglaterra despois e que exerceu unha tremenda influencia política en Europa. Nas cortes occitán xorde no século XI a lírica do amor cortés, que se estende por Europa, seguindo os camiños de Santiago, desde o século XII ata o XIV e cobra forma poética nas *chansons de femme* primeiro e nas cantigas galego portuguesas despois. As *trobairitz* occitanas foron, ademais de poetas, as primeiras compositoras coñecidas de música secular occidental. As trobadoras eran mulleres nobres que se atreveron a cantar ao amor e o erotismo, mesmo nalgúns casos desde unha perspectiva homoerótica. Coñecidas son Beatriz de Día, Castelloza ou María de Ventadorn. En Galicia cabe recordar a María Pérez, a Balteira, unha das soldadeiras<sup>24</sup> máis destacadas da Idade Media. Fóra de España hai que sinalar dúas figuras importantísimas: María de Francia, que pode ser considerada a iniciadora da escritura narrativa feminina, foi autora dos moi famosos *Lais*, relatos sobre a materia mítica de Bretaña, e de *Isopete*, primeira adaptación en lingua romance das fábulas de Esopo; tamén traduciu do latín o *Purgatorio de San Patricio*. E Christine de Pizan, xa mencionada no parágrafo anterior e que é a autora do primeiro tratado feminista da historia, do que falaremos no seguinte apartado.

---

24 As soldadeiras eran mulleres que acompañaban a trobadores e xogares e que tiñan por oficio cantar e bailar, polo que recibían un salario, unha soldada, de onde lles ven o nome. A figura de María Balteira é recreada pola escritora Mari-ca Campo no relato que da título á colección *Confusión e morte de María Balteira*.

Durante o período comprendido entre os séculos XI e XVI aproximadamente, en Europa algunhas das mulleres que ousaron desobedecer as normas de xénero do seu tempo viviron en mosteiros. O monacato feminino foi practicamente a única alternativa das mulleres que non desexaban o papel de esposas e nais. En moitas congregacións as abadesas tiveron un poder tan grande como o dos señores feudais. Caso paradigmático é a alemá Hildegarda de Bingen (1098-1179), unha das persoas máis influíntes da cristiandade; abadesa, mística, sabia, escribiu tratados de medicina, de ciencias naturais e de teoloxía, foi compositora de máis de setenta obras musicais moi apreciadas e asesorou a papas e emperadores. Na Península destacan polo seu poder as abadesas Flora (960?-1025?), do mosteiro dúplice de Santiago de León, e Inés Laynez (principios s. XIII-1253) de Santa María a Real de Las Huelgas, pertencente á orde do Císter. As abadesas de Las Huelgas desfrutaron dunha autonomía e poder que estaba por riba dos bispos e dependían directamente só do papa. Tamén foi abadesa Isabel de Villena, a primeira escritora en valenciano e a quen se considera precursora do feminismo do século XV. Os mosteiros foron centros de cultura durante toda a Idade Media; neles, monxes e monxas dedicáronse a preservar a cultura, copiando e traducindo textos, creando fermosísimos códices iluminados, estudando grego, latín, composición musical e ciencias naturais e botánica. Ende, ou En, foi unha iluminadora de manuscritos. É a primeira artista da que se ten rexistro en España e unha das primeiras de Europa. Suponse que viviu e traballou no mosteiro dúplice de San Salvador de Tábara (Zamora), onde iluminou unha das versións do *Beato de Liébana*, asinada no 975. Ende non ten por que ser un caso único. Seguramente máis monxas e segres tiveron un rol importante na creación de manuscritos e códices, medios de transmisión do coñecemento e cultura ao longo da Idade Media. Este fugaz repaso ao papel das mulleres no ámbito relixioso non podería quedar completo sen facer mención ás beguinas, un movemento que xorde nos Países Baixos a finais do século XII e se estende por Europa: foron mulleres espirituais organizadas en comunidades femininas alleas ao poder dos homes e á marxe das institucións cristiás. Non se casaron nin fixeron voto de castidade. Eran laicas, independentes, autosuficientes, non tiñan regras establecidas e fomentaron a educación e a razón por riba da fe; crearon todo un movemento internacional que deu especial importancia aos labores intelectuais (foron escritoras e tradutoras de obras relixiosas ás linguas vernáculas) e á educación (fundaron escolas) e

ao coidado dos colectivos máis pobres (crearon hospitais e comedores benéficos). Traballaban para manterse e eran libres de deixar a asociación cando querían. Pretendían ter un contacto inmediato con Deus, sen intermediacións. Como movemento internacional mantiveron moitos contactos entre si, mediante a viaxe e as cartas. Por suposto, a Igrexa non podía aturar a aldraxe ao seu poder que representaban estas mulleres, que non aceptaban a súa autoridade; pero, mesmo se foron perseguidas e condenadas como sospeitosas de herexía, non puideron acabar con elas. A súa forma de vida persistiu até a actualidade. No 2013 morreu a derradeira beguina do mundo, a irmá Marcella Pattyn. Margarida Porete (1250-1310), beguina francesa, foi a máis famosa de todas. Apenas se sabe da súa vida, aínda que se supón que foi dunha familia nobre dada a súa profunda cultura e dominio do latín. Escribiu en francés un libro considerado entre os máis importantes da mística de todos os tempos, *O espello das almas simples*. Foi detida en París no 1308 e condenada á fogueira por herexe, por un tribunal eclesiástico ante o que ela se negou a abxurar das súas ideas. A súa obra, que foi traducida nos séculos XIV e XV ao latín, italiano, inglés e alemán, circulou como anónima despois da súa morte; de feito non foi ata 1946 que non se “descubriu”<sup>25</sup> e restituíu a Margarida a autoría do seu libro.

A partir do século XV esténdese pola Cristiandade unha psicose colectiva: a caza de bruxas, que empezou a finais do século XIV e perdurou até o XVIII en Europa e América; ao longo destes séculos decenas de miles de persoas, principalmente mulleres, foron executadas por practicar a “bruxería”, incluíndo ese termo unha ampla serie de actos e comportamentos, desde practicar as mulleres a medicina, a elaborar beberaxes e medicamentos, practicar a adiviñación e a maxia até manter condutas sexuais e sociais rexeitadas polas autoridades relixiosas; calquera muller que escapase dos roles de xénero ou que quedara fóra do control masculino era apta para ser considerada bruxa: mulleres soas, solteiras ou viúvas, pobres, vellas, curandeiras, comadrosas, tolas, calquera muller marxinal ou diferente e socialmente feble. Bastaban rumores ou denuncias para poñer

---

25 “Descubrir” e restituír ás mulleres para contrarrestar o seu borrado sistemático é unha das tarefas máis elementais da historia das mulleres en todas as disciplinas. Pode lerse máis sobre mulleres formidables borradas da historia en *Las olvidadas*, de Ángeles Caso (Barcelona, Planeta, 2005).

en marcha a maquinaria xudicial, que levaba a conseguir confesións falsas a través da tortura. A maioría das vítimas da persecución da bruxería foron mulleres; considérase que en torno ao 75%, aínda que nalgunhas zonas de Europa a proporción chegou a ser do 90%, o que da mostra da profunda misoxinia detrás desta persecución, unha verdadeira guerra contra as mulleres<sup>26</sup>.

Pero tamén houbo luces e esplendor para a historia das mulleres na Idade Media, mesmo se fraguou o xurdimento de todo un pensamento protofeminista de defensa e vindicación do valor das mulleres e mesmo da súa humanidade. No século XII comezan a crearse en Europa as Universidades. Detrás da súa fundación está en moitos casos a Igrexa, polo que as mulleres tiveron prohibido o acceso á educación universitaria. Houbo, non obstante, algunha excepción a esta regra: en Italia funcionou a partir do século X a Escola Médica Salernitana, considerada por algúns sectores como a primeira universidade europea; o seu carácter era laico e estaba aberta tamén ás mulleres, tanto como alumnas como profesoras. Trótula foi a médica máis famosa das mulleres da Escola de Salerno, onde ocupou unha cátedra no século XI, desde a que ensinou a moitas mulleres nobres, o grupo coñecido como *Mulieres Salernitanae*. Os seus tratados sobre xinecoloxía e obstetricia foron moi coñecidos, ata o punto de circular por Europa durante séculos, unha vez borrada a súa autoría, iso si. A partir de finais do século XIII está documentada a presenza de mulleres dedicadas á práctica da medicina, a cirurxía e a oftalmoloxía nas grandes cidades europeas. Pero pouco a pouco foise dificultando o seu traballo ata quedar definitivamente prohibido no século XVI, prohibición que chegou até finais do século XIX. Tamén as universidades de Bolonia e Montpellier admitiron ás mulleres nos estudos de medicina ou leis. A Universidade de Bolonia permitiu ás mulleres asistir a clase desde os seus inicios no século XII e a xurista Bettisia Gozzadini e a filósofa e médica Dorotea Buca ocuparon senllas cátedras nela nos séculos XIII e XIV respectivamente. No Renacemento, caracterizado polo *renacer* do interese polo coñecemento e difusión das linguas e a cultura clásicas, as mulleres da nobreza formaron parte dos selectos

---

26 Para saber máis sobre a caza de bruxas é imprescindible a lectura do libro de Silvia Federici *Calibán e a bruxa. Mulleres, corpo e acumulación orixinaria*, Madrid: Traficantes de sueños, 2010 (de onde se pode descargar de forma gratuita).



círculos de humanistas que durante os séculos XV e XVI floreceron nas cortes europeas, especialmente en Italia, Francia e Inglaterra. Na península ibérica, no ambiente erudito e culto das cortes da raíña Isabel I de Castela e de Dona María de Portugal deuse a mesma preocupación pola formación intelectual e artística das fillas da nobreza. A raíña Isabel de Castela foi unha das mulleres máis poderosas da súa época; muller culta e mecenas das letras e as artes, creou ao seu redor un ambiente erudito e na súa corte floreceu o nutrido grupo de mulleres brillantes dedicadas á investigación e ao estudo da cultura e as linguas clásicas. Foron coñecidas como as *Puella doctae*; formadas nas disciplinas máis variadas, tiveron unha gran influencia na relixión, política, filosofía e literatura da época, e alcanzaron postos que antes só ocuparan varóns. Un dos instrumentos que puxo Isabel ao servizo da súa corte e especialmente do grupo de mulleres cultas foi a súa gran biblioteca privada. Entre as lecturas predilectas de Isabel I encontrábase, por certo, a obra de Christine de Pizan e de Isabel de Villena, que defenderon a valía das mulleres fronte a misoxinia rampante de clérigos e laicos. Isabel mesmo creou a Casa da Raíña, espazo de encontro destas mulleres eruditas. Entre as máis prestixiosas daquela corte destacaron Beatriz de Bobadilla (1440-1511), camareira maior e conselleira de estado da raíña Isabel, e Beatriz Galindo (1465-1535), que estudou na Universidade de Salamanca; humanista, escritora e tradutora dos clásicos foi alcumada "a Latina" polo seu dominio desa lingua, que falaba e escribía con total fluidez. A súa fama estendeuse primeiro por Salamanca e despois por todo o reino, até o punto de ser chamada á corte, no 1486, por Isabel para ser a súa mestra de latín e gramática e preceptora das súas fillas: Isabel (1470-1498), que chegou a ser raíña de Portugal, Xoana (1479-1495), raíña de Castela, María (1482-1517) raíña de Portugal, e Catalina de Aragón (1485-1536), raíña de Inglaterra. Tamén foi chamada á corte de Isabel Teresa de Cartagena (1425-¿?) abadesa do mosteiro de Las Huelgas e autora do tratado místico *Arboredo dos enfermos*. En resposta a certas opinións que consideraban que ese libro, pola súa calidade, era obra dun home que asinaba cun pseudónimo feminino, Teresa escribiu outro libro, *Admiración das obras de Deus*, en defensa do valor das mulleres e da súa capacidade intelectual. Teresa de Cartagena é a primeira pensadora e escritora mística en español, e a súa obra está considerada como o primeiro texto protofeminista escrito por unha muller española, na estela das *querelas das mulleres* inauguradas por Christine de Pizan. Froito do impulso á educación feminina

dado por Isabel a Católica, algunhas destas mulleres cultas chegarían a ser profesoras universitarias, como foi o caso de Luisa de Medrano (1484-1527) e Xoana Contreras, que ensinaron na Universidade de Salamanca. Francisca de Nebrija, filla de Elio Antonio de Nebrija, non só colaborou co seu pai na redacción da primeira *Gramática* castelá, senón que, á morte do pai, en 1522, ocupou a súa cátedra de Retórica na Universidade de Alcalá. Ningunha delas podería ter desenvolvido unha actividade cultural da que as mulleres estaban excluídas se non fose pola defensa e amparo da raíña Isabel. Esta atmosfera de promoción do estudo e o saber das mulleres propiciou tamén a aparición dun bo número de escritoras, entre as que podemos destacar á antes mencionada Isabel de Villena, que viviu entre 1430 e 1490 aproximadamente; posuidora dunha gran cultura e dunha obra ampla, foi unha firme defensora da dignidade das mulleres e do seu dereito a falar en público. Participou, como Christine de Pizan, no debate europeo sobre a valía das mulleres. A súa obra e toda mención á súa existencia parecen ter sido eliminadas por mandato do rei Carlos I. Tamén hai que mencionar a Leonor López de Córdoba, válida da raíña de Castela Catalina de Lancaster, que a finais do século XIV ou principios do XV escribiu as súas *Memorias*, considerada a primeira autobiografía escrita en español. Tamén en Al Andalus, na corte dos Omeyas, brillaron por méritos propios mulleres excepcionais. Se retrocedemos até o século X, Córdoba era unha das cidades máis grandes e fermosas do mundo. Calcúlase que durante a época califal tiña ao redor dun millón de habitantes, musulmáns, cristiáns e xudeus que convivían pacificamente. A cidade tiña rúas magnificamente pavimentadas e foi a primeira cidade de Occidente con sumidoiros e alumeadado público nocturno; contaba, ademais, cunha das bibliotecas máis importantes do seu tempo, con máis de cincocentos mil libros. Durante os reinados de Abderramán III e o seu fillo Alhakem II, Córdoba era o maior mercado de libros do mundo occidental. Alhakem, rei piadoso e culto, instituíu o ensino obrigatorio para nenos e nenas. As crónicas árabes afirman que, nesa época, vivían en Córdoba máis de cento setenta mulleres letradas, dedicadas a copiar e traducir manuscritos, dato que dá idea da cultura das mulleres durante o califato. Lubna de Córdoba, nada nunha familia escrava, foi unha das primeiras intelectuais andalusíes; secretaria privada de Alhakem, copista, escribinte, matemática e poeta. Foi nomeada conservadora da gran biblioteca de Córdoba, como dixemos antes unha das máis importantes da época, con máis de medio millón de libros; experta en adquisicións viaxou a O Cairo,

Damasco e Bagdad en busca de libros para engadir á biblioteca. Lubna non foi a única muller intelectual destacada na corte califal. Xunto ao nome dela chegounos o de Fátima. Sábese que foi íntima amiga de Lubna e tamén copista e xefa de bibliotecarios. Experta en gramática e poética, foi unha das encargadas da supervisión das setenta bibliotecas que Alhakem fundou durante o seu reinado. Como parte da súa responsabilidade, ela tamén percorreu os mercados e librerías de Bagdad, Constantinopla, O Cairo e Samarcanda como olleadora de libros, para ampliar a colección de Alhakén II.

A semente do feminismo comezará a agromar coa educación das mulleres e vai dar os seus froitos en pensadoras valentes e transgresoras que se atreveron a pensar e defender a liberdade das mulleres e ás que seguiremos a continuación con maior detemento.

## **Reivindicando o dereito a iguais dereitos**

O pensamento feminista, que iría crescendo até a eclosión do feminismo organizado de finais do século vinte, converteuse nunha corrente constante e xa imparable de mulleres ousadas que se atreveron a poñerse en pé e contraatacar, coa súa obra e mesmo coa súa vida, a brutal misoxinia dos seus tempos. Neste outro apartado queremos poñer de relevo a reflexión sobre a igualdade consignada en textos de diversa índole, así como a reclamación explícita por parte das mulleres do dereito á educación e aos dereitos políticos. Conscientemente, o percorrido que, ao respecto, trazaremos, concirne, cunhas mínimas excepcións, ao ámbito hispánico.

A teoría feminista supuxo unha verdadeira revolución no mundo das ideas ao poñer á disposición un argumentario completísimo e, con el, toda unha caixa de ferramentas críticas coas que puidemos ir desvelando e deconstruíndo a maquinaria do patriarcado como institución política e o seu relato androcéntrico; grazas a ela somos quen de entender o funcionamento deste sistema e as súas estratexias de naturalización da desigualdade entre homes e mulleres. Entre esas estratexias, as que mellor rendimento tiveron para o mantemento do patriarcado sitúanse os estereotipos de xénero e a súa xerarquización, que fixeron da capacidade intelectual, política e de xestión o reino da masculinidade e da domesticidade e as actividades vinculadas coa procreación o da feminidade, sendo desterradas, baixo tal escusa, as mulleres do ámbito da educación e de todos os espazos

de poder e de produción de pensamento, como quedou dito en apartados anteriores. Os discursos culturais, non obstante, achegan a proba da permanente posta en cuestión de semellante construción e revelan como o debate sobre a (des)igualdade pode ser rastrexado ao longo do tempo e vai da man da reivindicación de iguais dereitos por parte das mulleres. Convén outorgar a este feito a importancia decisiva que posúe, porque as mulleres foron sempre suxeitos activos e opuxeron resistencia ás normas que as relegaban. O patriarcado foi máis forte, pero iso non significa que non encontrase oposición e que as voces discordantes non escapasen polas súas fracturas e deixasen a súa pegada en textos que hoxe lemos como fitos dun fío condutor que non se rompe en ningún momento da historia, mesmo agochado, desprezado ou posto en ridículo.

É ben sabido que desde sempre, e partimos aquí da Idade Media, conviviron mensaxes de misoxinia e de desprestixio das mulleres (en boa parte derivadas das narracións dos textos bíblicos e da filosofía aristotélica) coas de defensa das súas capacidades. Os exemplos son numerosos en ambos sentidos<sup>27</sup>, pero é evidente que as primeiras, as mensaxes misóxinas, sostíñan un pensamento que viña de lonxe e que seguiría a difundirse provocando toda sorte de atrancos para as mulleres. Atendendo a este aspecto, non resulta tan importante, cremos, se as ideas expostas constituían opinión dos propios autores ou se trataba de meros exercicios retóricos, como ás veces se opina; en calquera caso, estíbese a ofrecer, e a perpetuar ao facelo, un imaxinario de misoxinia. De forma temperá, aínda que poucas veces se fale delas, apareceron tamén voces femininas que xa entón se preguntaban polas causas desa insistencia na misoxinia e ofrecían exemplos para contrarrestala. Nese momento temperán, é preciso destacar a Christine de Pizan (1364-1430), da que xa fixemos mención nas páxinas precedentes. Pizan escribe o seu libro de *A cidade das damas*

---

27 Exemplos coñecidos son o do *Corbacho* (1438) e a súa exposición de toda sorte de tachas femininas, o das *Coplas de las calidades de las donas* (ao redor de 1458), de Pere Torroella, ou o *Espill* (1460), de Jaume Roig, onde un narrador aconsella ao seu sobriño afastarse por completo das mulleres. Pola contra, están o *Triunfo de las donas* (1438-1441), de Juan Rodríguez del Padrón; o *Tratado en defensa de las virtuosas mujeres* (1441), de Diego de Valera; o *Libro de las claras e virtuosas mujeres*, de Álvaro de Luna (1446); ou o *Jardin de nobles doncellas* (1500), de Martín de Córdoba.

(1405) precisamente procurando respostas á pregunta<sup>28</sup>e, ao mesmo tempo que ofrece mostras de mulleres exemplares, detense en temas como a educación e a violencia, temas sobre os que a reflexión continuará ininterrompidamente ao longo dos séculos seguintes. Como pode ser que haxa homes que cren que as mulleres non deben estudar alegando que os estudos arruinarían os seus costumes, preguntase Pizan, xulgando que esa posición resulta inadmisibile; pero di máis: di que todo o que é posible facer e aprender está ao alcance das mulleres, sexa no campo que sexa, material e intelectual, requira forza física, intelixencia ou calquera outra facultade (Libro II, cap. XIII). Matiza, tamén, que non todos os homes ven mal que as mulleres estuden e que, os que o ven mal, son aqueles que menos instrución teñen e sentirían desgusto de que as mulleres soubesen máis ca eles (Libro II, cap. XXXVI). O seu razoamento é dunha claridade rotunda, a mesma que a escritora manifesta cando alude ao matrimonio como xugo ou á violencia que se produce dentro da casa, destacando o gran número de mulleres que se atopan encadeadas a un matrimonio dentro do cal o que reciben son malleiras acotío e sen razón algunha (Libro II, cap. XIII).

En España, en plena contemporaneidade con Pizan, e como xa apuntamos anteriormente, Leonor López de Córdoba escribía as súas *Memorias* (1401-1404), primeira autobiografía castelá aínda que non se editaría até 1875, e, máis avanzado o século, Teresa de Cartagena escribiría *Arboredo dos enfermos* (hacia 1481). Non hai nelas o sentido crítico de Pizan pero si un xeito de autorización dos seus textos moi significativo para aquel momento, sobre todo tendo en conta a discusión que, a propósito de súa autoría, sufríu o libro da segunda, a mesma que xerou a *Nova Filosofía da natureza do home* (1587) de Oliva Sabuco e moitos outros libros incluso en tempos moi posteriores. Como ironizará tres séculos despois Rosalía de Castro na “Carta a Eduarda” (1865), nada do que escribe unha muller é seu, escribeo o marido e ela asina, pois os homes miran as literatas peor que mirarían ao diaño e unicamente algún de verdadeiro talento sabe estimalas no que valen.

---

28 Di: “Preguntábame cales poderían ser as razóns que levan a tantos homes, clérigos e laicos, a inxuriar as mujeres, criticándoas ben de palabra ou ben en escritos e tratados. No é cousa dun home ou de dous [...] senón que non hai texto exento de misoxinia”

Na segunda metade do século dezasete, son ben coñecidas as reivindicacións de Juana de Asbaje (sor Juana Inés de la Cruz -México, 1648-1695-), que decidiu entrar no convento non por vocación senón pola total negación que tiña ao matrimonio e por non querer desempeñar ocupación obrigatoria algunha que entorpecese a liberdade do seu estudo nin ruído de comunidade que impedise o tranquilo silencio dos seus libros. Afirmao así, sen rodeos, na *Carta a sor Filotea da Cruz*, onde fai ademais unha relación de mulleres destacadas en distintas disciplinas. No referente a ela mesma, a súa vida e obra constitúen a proba máis elocuente da súa crenza de que o sexo non é parte da intelixencia e de que os homes culpan ás mulleres daquilo do que eles mesmos son responsables, como sostén nas redondillas do seu moi citado poema “Hombres necios”. Crioula e bastarda, sor Juana foi quen de desenvolver toda a súa capacidade intelectual e creativa aínda tendo que loitar contra todo tipo de obstáculos e que sufrir, ao final da súa vida, a aldraxe de verse forzada a desprenderse dos seus libros.

Algo menos coñecida é María de Zayas, novelista e poeta madrileña (1590-1647) que precede no tempo a sor Juana pero é contemporánea da francesa Marie de Gournay (1565-1645), autodidacta experta en linguas clásicas que escribiu o *Tratado de igualdadade dos homes e das mulleres* (1622), onde traza argumentos similares aos da autora madrileña. Desta, de María de Zayas, son moi poucos os datos que se coñecen da súa vida, pero queda a sátira dalgún dos seus contemporáneos, que a ridiculiza polo seus trazos físicos, e quedan tamén os comentarios dun dos seus editores, xa ben entrado o século vinte, que tira estrafalarias conclusións sobre a autora a partir das súas obras<sup>29</sup>. Nos relatos das *Novelas amorosas e exemplares* (1638) e dos

---

29 Queremos dar os nomes dun e do outro. No primeiro caso, referímonos a Francesc Fontanella e, no segundo, a Agustín de Amezúa, que na introducción á súa edición das *Novelas exemplares e amorosas* (Madrid, Austral, 1948) escribe: “Dona María, como muller, ama o detalle, a orde na casa, a organización do fogar [...] Teño para min que, ademais de escritora e poetisa, foi dona María excelente ama de casa, coincidencia e circunstancias que se deron igualmente nalgúns outras escritoras modernas que seguiron os seus pasos no camiño da novela”. Curiosamente, no 2019, a investigadora Rosa Navarro Durán sostivo que detrás de María de Zayas se esconde un autor, Alonso de Castillo Solórzano, hipótese contradita por outros estudos. É curioso este posicionamento de Navarro Durán, que coincide coa estratexia de negación da autoría feminina

*Desengaños amorosos* (1648), Zayas deseñou a imaxe dunha sociedade onde as mulleres estaban excluídas da educación, fose física ou intelectual, o que redundaba, por unha banda, no enfraquecemento da súa forza e, por outra, as separaba do mundo do coñecemento. A contundencia das palabras dalgún personaxe, que conectan coas que escribira Pizan, subliña como o sistema patriarcal (é obvio que Zayas non usa o termo, inexistente no seu momento no sentido actual) consolidaba as diferenzas entre homes e mulleres e delimitaba espazos e comportamentos para os uns e para as outras. Entende a autora que se as mulleres fosen educadas nas armas non tolerarían que ningún home as agraviara e que, de poder estudar e exercer unha profesión, competirían cos varóns en argumentos e en postos, razóns polas que, di textualmente, temor é o abatelas e obrígalas a que exerzan as cousas caseiras. A agudeza de Zayas amosa a desigualdade do sistema, que ten na falta de educación das mulleres un dos seus piares, idea que atravesa a obra de escritoras e pensadoras de todas as épocas e en todas as linguas de Europa. A finais deste mesmo século dezasete, en Inglaterra, por exemplo, Mary Astell (1666-1731) escribe *Unha proposta seria para as damas* (1694), onde defende apaixonadamente a educación feminina, e *Reflexións sobre o matrimonio* (1700), onde encarece a autonomía das mulleres fronte a unha institución como a matrimonial que, na súa opinión, as escraviza (idea que se anticipa nun século e medio a *A suxeición das mulleres*, de John Stuart Mill, de 1869).

A lóxica patriarcal (que ademais é violencia) interesada e perpetuada a través dos séculos, será amplamente debatida, xa no século XIX, nos discursos de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851- Madrid, 1921), brillante narradora, ensaísta, tradutora (precisamente, e entre outras, da obra de Stuart Mill) e polemista que prestou atención a todo o que palpitaba no seu momento (non só no ámbito literario, senón científico, artístico, político) e que non tivo pelos na lingua ao abordar a chamada no seu tempo *cuestión da muller*, cuestión que ela consideraba a máis importante entre as que se axitaban daquela e que cría que acabaría por impoñerse pola forza da razón, botando por terra os prexuízos, nas súas palabras, dos cerebros débiles e as

---

utilizada en moitos momentos da historia (como foi o caso de Oliva de Sabuco, que xa comentamos).

intelixencias petrificadas pola tradición do absurdo. Coa lucidez, intelixencia e ironía que a caracterizan, a autora argúe, e seguimos case literalmente o seu razoamento (exposto no discurso “A educación do home e da muller”, de 1892), que non quere dar a entender que exista unha confabulación dun sexo para suxeitar ao outro, xa que os grandes fenómenos de dominio e submisión na historia non son resultado de combinacións precisas, senón do impulso ditado polo interés colectivo, pero que o instinto colectivo do varón abondou para fabricar o concepto do destino relativo da muller e para dar a ese erro xigantesco a fortísima consistencia que o sostén, erixíndoo no último pero formidable baluarte da desigualdade ante a lei no seo da sociedade moderna, que sen dúbida proclamou os dereitos do home pero ten sen recoñecer aínda os da humanidade. Transcorreran cen anos desde a “Declaración dos dereitos da muller e da cidadá” (1791), que Olympe de Gougues escribira reproducindo punto por punto a “Declaración dos dereitos do home e do cidadán” (aprobada pola Asamblea Nacional Constituínte Francesa no 1789) e que lle custou morrer guillotínada, mais as mentalidades mudaran pouco ao respecto. Entre as causas, como sinalaban as predecesoras e fará tamén Pardo Bazán, unha educación inexistente, asunto que percorrerá toda a obra da coruñesa pero no que non estaba soa, pois a educación das mulleres como elemento esencial para a consecución da súa igualdade social foi un tema clave ao longo de todo o século XIX, aínda que, como vimos, viña de moi atrás e, en España, a finais do XVIII xa Josefa de Amar y Borbón (1749-1833), contemporánea de Olympe de Gougues (1748-1793) e de Mary Wollstonecraft (1759-1797), escribira o “Discurso sobre a educación física e moral das mulleres” (1790) e, antes, o “Discurso en defensa do talento das mulleres e da súa aptitude para o goberno” (1786). Sostén Amar y Borbón que, a pesar de que da educación depende a felicidade pública e privada, a das mulleres era considerada materia de pouca entidade, algo que prexudicaba en primeiro lugar a elas mesmas pero tamén ao estado. A súa proposta é limitada, pois, non obstante o devandito, establece desemellanzas entre as necesidades educativas das mulleres segundo a súa clase. Con todo, é importante a reflexión da autora ao revelar as carencias da educación feminina.

No caso de Pardo Bazán, a relevancia da súa postura radica en que, para ela, o dereito a unha educación completa e ao seu beneficio constituía un dereito universal humano e, en consecuencia, correspondía



ao estado outorgala as mulleres do mesmo xeito que aos homes. A diferenza dalgunhas das súas contemporáneas (caso da chilena Rosario Dorrego ou da peruana Mercedes Cabello), que baseaban a necesidade da educación para as mulleres, ou esa era a estratexia que usaban, en tanto que nais, é dicir, polo seu labor como educadoras da prole, Pardo Bazán consideraba que para as mulleres o dereito á educación é un dereito en si mesmo, dirixido ao desenvolvemento da súa propia razón e entendemento e non relativo a nada, de igual modo que o tería que ser o seu destino, non relativo nin subordinado a un destino alleo (enténdase, ao destino do varón). A autora coloca sobre unha sociedade totalmente hipócrita, que ve honra e gloria a educación nos homes pero deshonra e monstruosidade a educación nas mulleres, a responsabilidade de non formar a estas, facendo abandono das súas obrigas<sup>30</sup>. A xurista Concepción Arenal (Ferrol, 1820-Vigo, 1893) abundará no tema en "A educación da muller"; para ela, que tivera que disfrazarse de home para seguir os estudos de Dereito (lembrems que, en España, é 1910 cando se admite ás mulleres en todos os centros de ensino), a educación das mulleres ten que ir máis alá de educalas para realizárense como esposas e como nais; inculcar nelas esa idea constitúe, segundo a autora, un dos erros máis graves e lesivos, pois o importante é que se preocupen e tomen parte activa nas cuestións sociais.

Parece claro que a educación das mulleres se sitúa como a maior entre as reivindicacións do século dezanove pero, en paralelo, avanzará a reivindicación dos dereitos civís, que adquirirá a súa máxima forza cara a finais do século e nas dúas primeiras décadas do vinte. Vai da man do movemento sufraxista, do que tan mal falaban algúns intelectuais e escritores<sup>31</sup> e que tivo tamén en Pardo Bazán unha ferverosa

---

30 Segundo datos ofrecidos por Herminia Pozas na *Historia das mulleres en Galicia. Época contemporánea* (2011), no 1822 había en España 595 escolas de nenas fronte a 7.365 de nenos e, en 1845, o alumnado galego que asistía á escola primaria era de 41.356 nenos fronte a 6.802 nenas.

31 Así Rubén Darío, dato moi interesante á hora de estimar o pensamento dalgúns próceres das letras no que compete aos dereitos das mulleres. Sen entender que era xusto que elas tivesen os mesmos dereitos que os homes, o nicaragüense frivlizaba dicindo que as sufraxistas eran poucas, ademais de vellas e feas, unhas marivarones, esas lindezas, como escribiría Pardo Bazán, que se din das mulleres cando estas ousan reclamar os seus dereitos.

defensora. Na opinión da autora galega, as mulleres teñen todo o dereito a escoller a quen van ditar as leis e decidir as obrigas que cumprir, pero sostíña algo máis, que expresa de modo categórico: que as mulleres deben ser electoras e ademais elixibles, afirmación que fai de Pardo Bazán, de novo, unha adiantada, como o foi, igualmente, no campo da crítica literaria, anticipando as dúas liñas que caracterizarán os estudos literarios feministas na década dos oitenta do século XX: a da chamada “imaxes da muller”, que se preocupa pola análise das representacións femininas en obras de autores, e a “xinocrítica”, interesada pola análise de obras de autoras.

O movemento sufraxista foi un dos motores do movemento das mulleres de principios do século XX. O voto feminino espertou unha oposición implacable porque removía as bases do sistema de xénero e o monopolio masculino do espazo público. Para as sufraxistas, o dereito ao voto implicaba ser cidadás de pleno dereito. Por entón, un único país europeo, Finlandia concedera o voto ás mulleres, en 1906; resulta significativo que a maior parte dos Estados non introducirían o sufraxio feminino até datas máis tardías. Así, Gran Bretaña, coñecida pola súa traxectoria liberal e por un poderoso movemento sufraxista, non lexislou o sufraxio feminino en igualdade de condicións até 1918. En España, a partir das dúas primeiras décadas do século vinte, existe un movemento feminista á par doutros países de Europa e dos Estados Unidos e créanse as primeiras organizacións feministas. A barcelonesa Consuelo Álvarez de Pool (1867-1959), que usou o pseudónimo de *Violeta*, funda en 1909 a asociación Damas Rojas de Madrid, en defensa da mellora do traballo feminino e do dereito ao voto e ao divorcio; e María Lejárraga comeza a participar, desde 1914, no movemento feminista español e internacional como secretaria española da Alianza Internacional del Sufragio de la Mujer (IWSA, International Women's Suffrage Alliance). O ano 1918 será decisivo para a creación de organizacións de defensa dos dereitos cívicos das mulleres. En Madrid créase a Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME), liderada por María Espinosa e integrada, entre outras, por Clara Campoamor, Elisa Soriano, María de Maeztu e Victoria Kent. Tamén a Cruzada de Mujeres Españolas, dirixida por Carmen de Burgos, *Colombine*, que organizará en Madrid en maio de 1921 a primeira manifestación en favor do voto feminino, que remata coa entrega no Congreso dun manifesto no que se solicitaba a igualdade completa de ambos sexos canto a todos os dereitos civís e políticos. Ademais,

xorden outras agrupacións por toda España e cada vez máis voces súmanse á defensa pública dos dereitos das mulleres. A aristócrata pontevedresa María Vinyals (1875-1940), que se identifica sempre como feminista (en 1914 escribe o artigo "Feminismo")<sup>32</sup>, destaca polo seu traballo periodístico, no que sempre sobresaie a reflexión sobre o papel social da muller e os seus dereitos, así como o interese pola educación, a vida infantil e o pacifismo. A xa citada Carmen de Burgos, considerada unha das primeiras corresponsais de guerra e autora dunha importantísima obra sobre os dereitos das mulleres, abriu en 1903, no *Diario Universal*, do que era reporteira, unha enquisa sobre o divorcio que desatou un fortísimo debate social e puxo contra ela aos sectores sociais máis reaccionarios, pero os resultados da mesma, que recollería no ano seguinte en *O divorcio en España*, non puideron ser máis favorables: 1462 votos positivos e só 320 en contra. Pola contra, o resultado dunha enquisa sobre o voto que promoveu no *Heraldo de Madrid* en 1906 foi negativo. Pola súa parte, a tinerfeña Mercedes Pinto, amiga persoal de Carmen de Burgos, en 1923 pronuncia na Universidade Central de Madrid a conferencia "O divorcio como medida hixiénica", atrevemento, entre outros, que provocou o seu exilio en Montevideo (onde, por certo, o divorcio era legal desde 1907). Ademais tratou o tema na novela *Él* (1926), sobre a que Luis Buñuel construíu a historia da película de igual título. O que Pinto defendía era unha modernización lexislativa que permitise un divorcio

---

32 Interesa sinalar, como escribe Ángeles Ezama, que "Cando María publica este artigo pódese documentar xa unha tradición no uso do termo e unha reflexión sobre o concepto de feminismo por parte das mulleres españolas, na que podemos situar á escritora Emilia Pardo Bazán en *A Ilustración Artística* (dende 1898), Concepción Gimeno no *Album Ibero-americano* (onde asina seccións como 'Crónica feminista' dende 1897 e "Feminismo" dende 1898), e sobre todo a escritora mexicana Blanca Valmont en *A Última Moda* (dende 1897). Máis tarde sumaranse á nómina Carmen de Burgos en *O Globo* ("De feminismo", 2 de xaneiro de 1903) e *O Diario Universal* ("De feminismo", 27 maio 1903; "O feminismo en España", 23 de xuño de 1903); o suplemento de *A Ilustración Catalana*, *Feminal*, que comeza a editarse no 1907 baixo a dirección de Carme Karr [...]; a primeira revista feminista, *O Pensamento Feminino*, que inicia o seu traxecto no 1913, dirixida por Benita Asas; ou a discusión da memoria presentada por Ángel Galarza no Ateneo madrileño, entre xaneiro e abril de 1913, sobre 'O problema feminista' (Véxase en "De aristócrata a socialista: María Vinyals, escritora, periodista y oradora", *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo*, XC, 2014, 231-263).

rápido co obxecto de evitar males maiores no seo do matrimonio. O Código Civil de 1889 sentenciaba que o matrimonio se disolvía coa morte dun dos cónxuxes; de non ser ese o caso, o matrimonio podía estar separado de feito (o que fixo Emilia Pardo Bazán) pero non casar de novo, circunstancia á que Mercedes Pinto alude ao final da súa conferencia. Finalmente, a Constitución republicana, no Título III, cap. II dirá que “o matrimonio fúndase na igualdade de dereitos para ambos sexos, e poderá disolverse por mutuo disenso ou a petición de calquera dos cónxuxes”.

No que respecta ao dereito ao aborto, que seguía tipificado como delito no Código Penal de 1922, foi defendido tamén por Carmen de Burgos, a quen é preciso que volvamos para referirnos ao seu libro *A muller moderna e os seus dereitos*, cuxa publicación en 1927 tivo unha ampla repercusión dentro e fóra de España. Todo o traballo periodístico e literario en defensa dos dereitos das mulleres desenvolvido pola autora durante as décadas precedentes culmina neste libro no que comeza por dicir que poucas doutrinas foron tan combatidas e tan mal entendidas como o feminismo, e ofrece unha definición que estimamos interesante reproducir: “feminismo significa: partido social que traballa para alcanzar unha xustiza que non escravice a metade do xénero humano, con prexuízo de todo el”, subliñando ademais que non se trata só dunha teoría, senón dun feito, e que representa a aspiración á liberdade da muller oprimida e vexada. A autora argúe contra todo o pensamento antifeminista de filósofos e sociólogos e ofrece un panorama da situación de todas as cuestións que a preocupaban e que estaban candentes no momento; ao longo de catorce capítulos, trata sobre as orixes do feminismo, a discriminación social da muller, o dereito á educación e ao traballo, os dereitos políticos, a muller na familia e no matrimonio, na lexislación, na relixión, na milicia, aportando fontes de todos os campos do coñecemento e utilizando o método comparativo para contrastar a situación de España coa doutros países. O sufraxio universal, o matrimonio civil e o divorcio foron aprobados pola República, pero o golpe de estado franquista acabou tamén de golpe con eles e o escurantismo da ditadura e o seu modelo de muller sometida conforme aos principios da moral católica prohibiu este libro e todos os da autora, moi destacada na reivindicación dos dereitos das mulleres, nas obras e na vida.

Como Pardo Bazán, Carmen de Burgos foi unha activa colaboradora en diarios nacionais e internacionais, contribuíndo coas súas

opinións a crear debate e introducir novas perspectivas sobre os problemas sociais e a falta de dereitos das mulleres. Aínda que de maneira indirecta, xa anotamos algo en parágrafos anteriores sobre a importancia da colaboración das mulleres na prensa. Sucede en toda Europa. Crecen as firmas femininas en xornais e revistas pero ademais algunhas mulleres fundan periódicos e ocupan a súa dirección. Pardo Bazán faise eco do caso de *La Fronde*, diario francés fundado en 1896 e dirixido por Marguerite Durand no que todo o persoal era feminino, tanto as empregadas como as periodistas<sup>33</sup>. A propia Pardo Bazán creara en 1891 o *Novo Teatro Crítico* (revista verdadeiramente singular ao estar todas as súas seccións escritas pola autora) e, anos antes, a cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda o *Álbum cubano do Bo e do Belo* (1860) e a turolese Concepción Gimeno, que se definía como feminista conservadora, *A ilustración da Muller* (1873). A outras dúas coruñesas cábelles o mérito de ser, unha, a primeira española correspondente permanente dun diario no estranxeiro (o *ABC*) e, outra, a primeira muller en dirixir un xornal de ámbito estatal (*La Vanguardia*); son, respectivamente, Sofía Casanova (1861-1958) e María Luz Morales (1898-1980). Todas coinciden e insisten na importancia vital da educación e na necesidade da modernización lexislativa. A catalana Carmen Karr (1865-1943), que dirixiu a revista *Feminal* (suplemento de *La Ilustración Catalana*) entre 1907 y 1917 e avogou por todos os dereitos políticos ademais de pola modernización do ensino das mulleres e pola súa autonomía a través do traballo, no 1913 crea Llar (Fogar), primeira Escola da Muller e residencia para unha ampliación de estudos de profesoras e estudantes. Margarita Nelken (1898-1968), militante no Partido Socialista Obreiro Español, publicou en 1919 *A condición social da muller en España* onde denunciaba a falta de educación das mulleres, a falta de dereitos, a súa explotación como traballadoras e a súa total ignorancia sexual. A valenciana María Cambrils (1876-1939), autodidacta e colaboradora habitual na prensa obreira, publica en 1925, cun prólogo de Clara Campoamor, *Feminismo socialista*, no que reflexionaba sobre o feminismo de clase. Neste sentido, distínguese claramente do resto das autoras, pois achega unha reflexión sobre un feminismo non só claramente vencellado ao socialismo senón tamén á clase obreira. Outras mulleres,

---

33 A *La Fronde*, que califica de "periódico de combate", dedicou Pardo Bazán un artigo publicado no número 909 de *La Ilustración Artística*, en 1899.

como Ángeles López de Ayala, Rosario Acuña ou Amalia Domingo Soler desempeñaron igualmente un papel decisivo na promoción do feminismo e dos valores seculares e republicanos.

A demanda de educación para as mulleres foi unha prioridade para todas as autoras mencionadas. As elevadas taxas de analfabetismo feminino falan por si soas: a comezos do século XX representaba o 71 % (fronte o 55,57 % de analfabetismo masculino) e cara a 1930 as cifras reducíranse ao 47,5 (o masculino ao 36,9 %). Canto a educación superior, o monopolio masculino non rematou até 1910, cando se permitiu de xeito oficial o acceso das mulleres ás universidades; a finais da década dos anos 1930, o 14 % da poboación universitaria eran mulleres, que se concentraban nas carreiras de Farmacia, Medicina, Dereito e Humanidades. Moitas destas universitarias partirían ao exilio co triunfo do fascismo na guerra civil española e case ningunha das que quedaron chegou a exercer debido á hostilidade da contorna pola incorporación das mulleres á vida profesional. Ademais da creación por Carmen Karr do Instituto de Cultura Feminina en Barcelona e da Residencia de Señoritas en Madrid, no 1915 (dirixida por María de Maeztu e onde se formarían as Sinsombrero, ese grupo de mulleres talentosísimas da Xeración do 27), ao longo de España agromaron iniciativas femininas para abrir espazos educativos e culturais de calidade para o conxunto das mulleres e movementos de reforma educativa, como o promovido por Suceso Luengo en Andalucía ou o de renovación pedagóxica de Rosa Sensat en Barcelona. Nos salóns da Residencia de Señoritas (institución relacionada coa Institución Libre de Enseñanza e á que estiveron vencelladas practicamente todas as mulleres que tiveron algo que dicir no primeiro terzo do século XX) naceron o Lyceum Club<sup>34</sup>, escenario feminista de gran relevancia intelectual e cultural, e a Asociación Universitaria Femenina. O Lyceum, que chegou a ter unhas cincocentas socias, estaba formado

---

34 Para saber máis: "El Lyceum Club de Madrid: un refugio feminista en una capital hostil", de Shirley Mangini (*Asparkia*, 17, 2006, 125-140). É ben coñecida a anécdota (que lembran tanto Carmen Baroja como María Teresa León nas súas memorias) de cando convidaron a Jacinto Benavente a dar unha charla e o premio Nobel declinou a invitación dicindo aquela frase inmortal: "No puedo dar una conferencia a tontas y a locas". Despois da guerra, o Lyceum pasou a mans da Sección Feminina, que o transformou no Club Medina, dedicado a formar a católicos "anxos do fogar".

por mulleres da elite sociocultural; entre elas: Carmen Baroja, Clara Campoamor, Zenobia Camprubí, Ernestina de Champourcín, María de Maeztu, Victorina Durán, Elena Fortún, Carmen Gallardo Martín-Gamero, Matilde Huici, Julia Iruretagoiena, Victoria Kent, Rosario Lacy, María Lejárraga, María Teresa León, Pura Maortua, Concha Méndez, Carmen Monné, Margarita Nelken, Isabel Oyarzábal, Helen Phillips, Mabel Rick, Rosa Spottorno e María del Mar Terrones Villanueva. En canto ás *Sinsombrero*, no grupo estaban Ernestina de Champourcín, María Teresa León, Concha Méndez, María Zambrano, Rosa Chacel, Josefina de la Torre, Marga Gil Roësset e Maruja Mallo. E hai que dicir que non poucas destas mulleres excepcionais foron lesbianas. O clima de intelectualidade, apertura, espírito artístico e feminismo que se respiraba naqueles “tolos anos 20” fixo que puidera existir, de forma máis o menos explícita, un círculolésbico e crearse o Círculo sáfico de Madrid, por Victorina Durán. Habituais do círculo foron as escritoras e periodistas Carmen de Burgos, Carmen Conde, Rosa Chacel, Elena Fortún, Carmen Laforet, Lucía Sánchez Saornil, Carlota O’Neill, Ana María Sagi e Irene Polo, a xurista Victoria Kent, a pedagoga María de Maeztu, a grafóloga Matilde Ras, a pintora Marisa Roësset, a actriz Margarita Xirgu, entre outras<sup>35</sup>. Unha minoría ficou, trala caída da República, en España, onde deberon gardar enormes niveis de discreción para salvarse; máis abertas foron as vidas das que partiron ao exilio, a gran maioría delas. Haberá que agardar até o 1979 para que se creen novos gruposlésbicos en España. Poucos meses despois da proclamación da II República, o Código Penal republicano eliminou a homosexualidade de entre as condutas tipificadas como delito; coa vitoria fascista de 1939 as e os homosexuais e transexuais volveron ser consideradas delincuentes: quedaron incluídas na Ley de vagos y maleantes, substituída en 1970 pola Ley de Peligrosidad social, que estaría en vigor ata novembro de 1995, aínda que dela se eliminaran, no 1979, os artigos que facían alusión á homosexualidade.

As eleccións municipais do 14 de abril de 1931 deron unha avultada vitoria ás forzas republicanas e proclamouse a Segunda República. Nese mesmo ano, cando as mulleres aínda non podían votar pero si

---

35 Para saber máis pode lerse “*El beso deseado de tu boca. Nombres y voces para una ginealogía lesbiana* (España y Portugal, primeras décadas del siglo XX)”, de María Jesús Fariña Busto en *Investigaciones feministas* n.º 10 (1), 2019, pp. 79-96.

ser electas, son elixidas deputadas Clara Campoamor (1888-1972), en representación do Partido Radical, Victoria Kent (1897-1987) polo Partido Socialista Radical e Margarita Nelken representando ao PSOE (tres deputadas de catrocentos setenta escanos). Durante os debates de elaboración do proxecto de Constitución da nova República, Clara Campoamor foi a principal defensora do sufraxio feminino no hemisferio. Porén, os partidos progresistas foron contrarios ao voto feminino co argumento da influencia reaccionaria da Igrexa católica sobre as mulleres. Victoria Kent, nese momento directora de prisións (como o fora no seu tempo Concepción Arenal), votou en contra. A moción foi aprobada por 161 votos a favor, 121 en contra e 183 abstencións. Ir contra a posición do seu propio partido, por certo, arruinou a carreira política de Campoamor. A Constitución de 1931 concedeu o voto ás mulleres, ademais de potenciar unha lexislación progresista no referente á familia (apróbbase o matrimonio civil e o divorcio, por exemplo) e en materia de educación. España foi así dos primeiros países do mundo en aprobar o voto feminino<sup>36</sup>. Nas eleccións de 1933 e 1939 Clara Campoamor e Victoria Kent non repetiron escano; si o fixo Margarita Nelken; a ela sumáronse, ademais, a comunista Dolores Ibárruri; polo PSOE, María Lejárraga (1874-1974), as mestras asturianas Veneranda García-Blanco Manzano (1893-1992) e Julia Álvarez Resano (1903-1948), a primeira muller en España gobernadora civil; a pedagoga e periodista cántabra Matilde de la Torre (1884-1946). E Francisca Bohigas (1893-1973), inspectora de Educación, foi a primeira deputada dun partido de dereitas.

En xullo de 1936 prodúcese o alzamento fascista<sup>37</sup> en contra da República e comeza a guerra civil. Nese mesmo ano a anarquista Federica Montseny ocupará o Ministerio de Sanidade e Asistencia Social. É a primeira muller ministra na historia de Europa; terían que transcórren

---

36 Nova Zelanda foi o primeiro país do mundo en aprobar o sufraxio feminino, en 1893; despois chega Finlandia (en 1906, como xa quedou dito) e pouco despois Noruega e Suecia. En Rusia apróbbase no 1917, en Gran Bretaña e Irlanda no 1918, en Estados Unidos no 1920. Francia, por certo, país de referencia dos principios de liberdade e igualdade, non o faría até 1945. En todos os casos, este dereito custou loitas encarnizadas ás sufraxistas.

37 Unamuno arengaba ás tropas que partían a Madrid coa delatadora frase lapidaria "¡Derrivad la República de las *tiorras!*" (en Mikel Rodríguez Álvarez, *Historia* 16, n.º 349, 2005, págs. 12-29).



corenta e sete anos para que outra muller ocupara un posto no Consello de Ministros español. Pouco despois do comezo da contenda, arredor de mil españolas foron voluntarias á fronte de guerra. As columnas comunistas e anarquistas atraeron á maioría, aínda que só o Secretariado Feminino do POUM deu formación militar ás mulleres co obxectivo de crear un batallón feminino. As milicianas convertéronse nunha imaxe icónica da España revolucionaria dos primeiros días da guerra e loitaron “como homes” até marzo de 1937, cando foron desmobilizadas oficialmente, unha decisión tomada por políticos e militares varóns en contra das propias milicianas<sup>38</sup>. Pese a ter que enfrontar o sexismo do medio, que obrigou á maioría a exercer funcións de intendencia, enfermería, educativas (aprendendo a ler e escribir aos soldados), de limpeza e cociña, as milicianas non se conformaban con participar nas labores auxiliares e moitas rebeláronse e reivindicaron o seu dereito a loitar e mesmo alcanzaron altos rangos dentro da milicia. Algunhas de estas milicianas son coñecidas<sup>39</sup>; que os poucos nomes que damos aquí sirvan de homenaxe a todas: a comunista Lina Ódena, que, con dezanove anos, prefire suicidarse antes que se render; ou Rosario Sánchez, “la Dinamitera”, cantada nuns

---

38 As milicianas alistábanse para defender, tamén coas armas, á República; e dende logo, sentíanse tan aptas ou máis que os homes para ir á fronte. Así de claramente o expresa Fidela Fernández de Velasco, das Xuventudes Comunistas: “Lo que yo aprendí en el frente es que las mujeres son más valientes que los hombres, más resistentes, aguantan más, incluso el dolor físico” (en Sara Hernández y Luis Ruiz: “Mujeres combatientes en el ejército popular de la República (1936-1939)”, p. 281; a referencia completa do artigo está na nota seguinte).

39 Queremos que estes poucos nomes que citamos aquí sirvan de homenaxe a todas. Para saber máis poden consultarse os artigos “Mujeres combatientes en el ejército popular de la República (1936-1939), de Sara Hernández Martín y Luis A. Ruiz Casero (pp. 277- 292) e “Milicianas, guerrilleras y mujeres de rojo: tres modalidades de lucha y resistencia frente a los sublevados. El ejemplo de León”, de M.<sup>a</sup> Luz Prado de Herrera (pp. 263-176). Ambos os artigos en *El pasado que no pasa*, coordinado por Eduardo Higuera, Ángel Luis López y Sergio Nieves. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2018; tamén o artigo de Luis Antonio Ruíz Casero “La participación de la mujer en primera línea en el Ejército Popular de la República (1936-1939)”, en *Mujeres en la Guerra Civil y la Posguerra*, Alicia Torija y Jorge Morín (eds.). Eudema, 2019, 141-178.

versos de Miguel Hernández; ou Mika Etchebéhere<sup>40</sup>, “a Capitana”, que comandou a súa columna do POUM, composta por cento cincuenta homes; ou as anarquistas vascas Casilda Hernáez Vargas, “a miliciana”, que alcanzou o rango de tenente; ou Soledad Casilda Méndez; ou Aída Lafuente, miliciana comunista, a “Rosa Roja de Asturias”; ou a anarquista catalana Conxa Pérez Collado, ou a anarquista Concha Liaño, unha das fundadoras de Mujeres Libres; ou Maruja Tomico, a artilleira da ponte de Vallecas, ou Jacinta Pérez, do “batallón de Aceiro”; ou Eugenia Sánchez, ou Marina Ferrer, miliciana da Cultura, ou a mestra Concha Aznar; ou Gaby; ou Fifi (Fidela Fernández de Velasco), do Socorro Rojo; ou a mestra galega Enriqueta Otero Blanco, que chegou a ser Comandante do seu batallón<sup>41</sup>, as Milicias da Cultura. Algunhas morreron na fronte, algunhas puideron exiliarse e outras moitas foron asasinadas na posguerra ou as súas condenas a morte foron conmutadas por longos anos de cárcere. Desde o bando nacional, por certo, usouse a violación como ameaza (ameaza real, que se cumpriu en moitas ocasións) para quebrar a vontade das mulleres combatentes e non combatentes. Tamén desde o estranxeiro viñeron unas setecentas mulleres a loitar contra o fascismo nas Brigadas internacionais. Algunhas delas foron as periodistas Fanny Schoon-

---

40 Pódese ler a súa autobiografía: *Mi guerra de España*, Oviedo, Editorial Cambalache, 2014.

41 Para coñecer máis desta muller (e doutras), remitimos ao libro *Mujeres para la historia. La España silenciada del siglo XX*, de Antonina Rodrigo, a historiadora pioneira en España en contar a vida das mulleres cando a practicamente ninguén lle interesaba. Tamén ao libro de Mary Nash *Rojas: las mujeres republicanas en la Guerra Civil española*, Madrid, Taurus, 1999. Unha bibliografía moi documentada e especializada podemos atopar no artigo de Ana Martínez Rus “Mujeres y guerra civil: un balance historiográfico”, en *Studia Historica, Historia Contemporánea*, 32 (2014), 333. Así mesmo teñen aparecido estudos sobre a represión franquista durante toda a ditadura dende o comezo da guerra. Para o caso de Galicia véxase o libro de Aurora Marco *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Edicións Laiovento, 2011) e o libro editado por Julio Prada Rodríguez no 2013 *Franquismo y represión de género en Galicia* (Madrid, Los Libros de la Catarata). Por outro lado, como textos interesantes polas súas imaxes de arquivos fotográficos tanto de milicianas como de cartelería dos dous bandos da contenda civil, pódense atopar na rede o catálogo da exposición *Milicianas*, comisariada por María José Turrión e editada pola Área de Educación e participación cidadá do Concello de Sevilla e o traballo fin de Grao de Mar Ávila Espada *La miliciana en la guerra civil: realidad e imagen* (2017), da Universidade de Sevilla.

hey, holandesa, e Martha Gellhorn (esposa de Ernest Hemingway), estadounidense; a psicanalista e comunista austríaca Marie Langer, a inglesa Felicia Browne; as alemás Margarita Zimbal, Augusta Marx y Georgette Kokoezynyng, que morreron nas primeiras semanas de guerra; a arxentina Mika Etchebéhère, a quen xa mencionamos máis arriba; as francesas Lise London e Simone Weil, a filósofa, que se incorporou á columna Durruti; tamén entre as brigadistas houbo mulleres negras, como a enfermeira estadounidense Salaria Kea, ou Flora a Cubana “a Mulata”, que foi unha das poucas mulleres que traballaron no servizo de ambulancias, onde tamén o fixo a estadounidense Evelyn Hutchins<sup>42</sup>.

As mulleres organizáronse contra o fascismo tanto dentro dos partidos de esquerdas como en organizacións exclusivamente femininas. No 1933 formouse unha fronte común de mulleres de esquerdas, a frontepopulista Agrupación de Mujeres Antifascistas (AMA), coordinada polo Partido Comunista, que foi a organización máis importante do momento, coa equivalente catalá Unió de Dones de Catalunya e o Secretariado Femenino do POUM, liderado por María Teresa Andrade e Pilar Santiago; entre as organizacións xuvenís de mulleres a máis importante foi a comunista Unión de Muchachas. Mención moi especial merece a organización anarquista Mujeres Libres<sup>43</sup>. Fundada en abril de 1936 por Lucía Sánchez Saornil, Amparo Poch i Gascón y Mercedes Comaposada, tivo como obxectivo combater “a tripla escravitude a que [as mulleres] están suxeitas: a escravitude da ignorancia, a escravitude como mulleres e a escravitude como traballadoras”. Coa súa insistencia en poñer a reivindicación feminista ao mesmo nivel que as reivindicacións de clase, Mujeres Libres foi unha organización única; tamén polo feito de que a súa publicación mensual, *Mujeres libres*, estaba producida e escrita totalmente por mulleres. Lucía Sánchez Saornil, por certo, foi unha lesbiana visible e defensora da igualdade de dereitos para as persoas homosexuais.

---

42 Máis información en Giles Tremlett, *Las Brigadas Internacionales: fascismo, libertad y la guerra civil española*, Madrid, Debate, 2020.

43 Consúltese o libro de Mary Nash *Mujeres libres. España 1936-1939*, Barcelona, Tusquets, 1977.

Na retagarda, as mulleres loitaron contra o fascismo en múltiples tarefas, desde organizar os servicios de asistencia social, de saúde pública, de atención as persoas refuxiadas e as nenas e nenos desprazadas pola guerra a traballar nas fábricas de armas ou coser para os exércitos. A valentía e o traballo das mulleres permitiu prolongar a capacidade de resistencia antifascista na retagarda e afondar e preservar os valores de liberdade e igualdade da Segunda República, que a tantas lles custou a vida, o cárcere ou o exilio. Giuliana di Febo<sup>44</sup> considera que, entre 1939 e 1940, as detidas políticas en toda España foron unhas trinta mil e as mulleres condenadas a morte e executadas ao redor dun millar. A partir de 1942 os cárceres comezan a encherse de mulleres membros da resistencia, xa fosen persoal de apoio, enlaces ou guerrilleiras. Estas mulleres están, moitas veces, na raíz de organizacións feministas posteriores e na formación de asembleas de mulleres que, co tempo, darían lugar ao Movimiento Democrático de Mujeres (MDM), primeiro grupo feminista en organizarse na España franquista.

Agregaremos unhas breves liñas sobre os feitos que se desenvolven en Portugal e doutro lado do Atlántico. En Portugal, xa en 1899 creárase a *Liga da Paz*, promovida pola escritora feminista republicana Alice Pestana, e en 1907 fúndase o *Grupo Portugués de Estudos Feministas*, dirixido por Ana de Castro Osorio, gran amiga de Carmen de Burgos e que dirixía tamén a *Liga das Sufraxistas Portuguesas*. En 1909, aparece a *Liga Republicana das Mulheres Portuguesas*, que se declaraba feminista pero, por nacer auspiciada polo Partido Republicano, tiña unha dependencia política do mesmo. Iso motivou que en 1914, sentindo a necesidade de contar cun movemento feminista autónomo, a xinecóloga Adelaida Cabete (1867-1935) fundase o *Conselho Nacional de Mulheres de Portugal*, ao fronte do cal estivo durante vinte anos. A súa importancia residíu no feito de resistir activo até 1947,

---

44 Da súa autoría son *Resistencia y movimiento de mujeres en España (1936-1976)* (Barcelona, Icaria, 1979) e "Resistencia femininas al franquismo: para un estado de la cuestión" (*Cuadernos de historia contemporánea*, 28 2006, 153-168). Unha extensa bibliografía atópase ademais en "Las mujeres en la resistencia antifranquista, un estado de la cuestión", de Mercedes Yusta García (*Arenal*, 12, 2005, 5-34), e en Mercedes Yusta e Ignacio Peiró (eds.), *Heterodoxas, guerrilleiras y ciudadanas. Resistencias femininas en la España moderna y contemporánea* (Institución Fernando el Católico, 2015).

cando o réxime do Estado Novo ordenou o seu peche; publicou, ademais, ao longo de todos os anos da súa existencia, un Boletín no que espallaba as actividades realizadas. Como no caso do *Lyceum* español, as mulleres vencelladas a todas estas asociacións procedían de ámbitos moi diversos (arte, literatura, periodismo, medicina, política), impulsadas todas elas pola urxencia de cambios trascendentes no interior dunha sociedade con fondas desigualdades para as mulleres.

En Latinoamérica, no seu artigo “El movimiento de emancipación de la mujer en la República Argentina” (1919), a poeta Alfonsina Storni dá conta das diversas asociacións que durante as dúas primeiras décadas do século vinte se formaran no país, entre elas a “Asociación de mulleres universitarias”, creada en 1902, un ano despois de que Elvira López defendera na Universidade de Bos Aires a tese de doutoramento “El movimiento feminista. Primeros trazos del feminismo en Argentina”, inédita até 2009, cando foi publicada pola Biblioteca Nacional de Bos Aires. Storni fala tamén da “Liga para los derechos de la mujer y del niño”, que esixía sen ambages a igualdade de dereitos civís e xurídicos para ambos os dous sexos, o divorcio absoluto e a educación laica e mixta para mulleres e homes; da “Unión Feminista Nacional”, da “Asociación Pro Derechos de la Mujer” e do “Partido Político Feminista”, que ela considera a institución feminista máis avanzada do país. Unha multiplicidade, pois, de asociacións con importante transcendencia pública a través de conferencias e outras moi diversas actividades.

Todo isto en Arxentina, pero o inzamento de agrupacións en prol dos dereitos para as mulleres prodúcese en case todos os países latinoamericanos, cada un deles coas súas circunstancias históricas específicas. Ofrecemos outros dous exemplos: en México xorde en 1904 a *Sociedad Protectora de la Mujer* e en 1916 celébrase o Congreso Feminista de Mérida, ao que Hermila Galindo (1886-1954), secretaria do que sería presidente do país Venustiano Carranza e fundadora en 1915 da revista *La mujer moderna*, envía o relatorio titulado “La mujer en el futuro”, onde defende a igualdade intelectual de homes e mulleres e demanda para estas o sufraxio e o que hoxe entenderíamos como educación sexual, ademais de responsabilizar á igrexa de ser un lastre para a consecución dos obxectivos feministas en México. Após a Revolución, en 1919 créase o *Consejo Nacional para las Mujeres* e, en 1923, o *Partido Feminista Revolucionario* e o *Bloque Nacionalista de Mujeres Revolucionarias*, sempre en defensa dos dereitos

políticos absolutos; o mesmo ano ten lugar na Cidade de México o Primeiro Congreso Feminista Panamericano, que resolve solicitar a igualdade civil que permita as mulleres ser elixibles para calquera cargo administrativo no que teñan competencia, a igualdade de dereitos políticos e a igual retribución no traballo. En Chile, onde xa desde 1877 as mulleres podían acceder á universidade, no 1872 a escritora Martina Barros Borgoño (1850-1944) traducira a obra de John Stuart Mill e ao entrar o século vinte aparecen asociacións como o *Consejo Nacional de Mujeres* en 1919 ou o *Partido Cívico Femenino* en 1922; pero os dereitos reclámanse tamén desde espazos non ilustrados, como o da *Asociación de Costureras*, fundada en 1906, e desde a prensa obreira, como *La Alborada* (1905-1907). Entre 1935 e 1953 o *Movimiento Pro Emancipación de las Mujeres de Chile* tomará sobre si o protagonismo da batalla pola igualdade, definíndose como organización de carácter nacional da que podían formar parte mulleres de todas as tendencias ideolóxicas e credos relixiosos unidas polo obxectivo común de loitar pola liberación social, económica e xurídica das mulleres.

Se nos interesan todos estes datos, nomes e obras (que, por outro lado, constitúen tan só unha pequena mostra) é porque son a proba da perseveranza das mulleres na procura dos seus dereitos, por unha cuestión de xustiza igualitaria que nacía da consciencia de que só existindo igualdade nos dereitos podía existir igualdade social e podían esixirse deberes. Na obra da maioría das autoras citadas amósase esta consciencia: máis explícita ou máis agochada está sempre detrás das súas argumentacións, reflexións e reivindicacións. No caso de España, cando todos os dereitos que tanto custara conseguir foron expropiados pola ditadura, tiveron que volver ser reclamados. O réxime franquista calou as voces de moitos homes e mulleres que tiveron que exilarse, pero desde o exilio seguiron falando. E tamén se falaba desde dentro, a pesar dos enormes obstáculos. Un ano antes de que Simone de Beauvoir publicase *O segundo sexo* (1949), apareceu na Revista de Occidente *La secreta guerra de los sexos*, asinado pola aristócrata sevillana María Laffite (1902-1986), que será a fundadora do "Seminario de Estudios sociolóxicos da muller", activo entre 1960 e 1986. Que o texto tivo éxito indícao que en 1950 e 1958, respectivamente, o libro contou cunha segunda e terceira edición. Laffite, coñecida daquela polos seus traballos sobre arte, particularmente unha biografía da pintora María Blanchard (1944), trataba no libro unha temática polémica, xa desde o título, o que, tendo en conta

o momento histórico no que este sae (horas tenebrosas e obcecadas da política cultural española, segundo as palabras do editor, José Ortega Spottorno, nun artigo escrito en *El País* cando morre a autora), suma valor ao libro. Independentemente da distinta perspectiva que, sen dúbida, adoptamos hoxe sobre moitos dos aspectos tratados por Laffite (o tempo e a teoría non pasan en van), *La secreta guerra de los sexos* sinalaba cuestións que seguirían a estar presentes en décadas posteriores, mesmo até a actualidade: a existencia dun matriarcado previo ao patriarcado; o signo viril da cultura que eliminou dela as mulleres; a feminidade e a súa construción social; a maternidade (diferenciando entre unha maternidade biolóxica e outra psíquica); a misoxinia na crítica de arte, literaria e científica. O seu pensamento tamén evolucionou e, así, mentres neste libro o concepto de muller vincúlase á maternidade, en ensaios posteriores (*La mujer como mito y como ser humano*, 1961) ela mesma darase conta dos problemas que produce a súa definición de feminidade e incluso insinuará, como escribe a investigadora Begoña Barrera nun artigo sobre a traxectoria intelectual da autora, a inexistencia do feminino<sup>45</sup>.

Algo máis nova que Laffite, é singular a figura da xurista e escritora Mercedes Formica (1913-2002), unha das primeiras mulleres en exercer a avogacía en España e que mantivo unha loita permanente contra a lei que lle impedía acceder ás oposicións á Xudicatura, á Avogacía do Estado e ás Notarías. En 1950, é dicir, un ano logo da súa publicación, escribe un artigo sobre *O segundo sexo* de Beauvoir onde reivindica a independencia económica das mulleres e fai unha crítica do lugar subsidiario que se lle outorgaba no ámbito profesional. Falanxista declarada, promove, nos anos de maior represión da ditadura de Franco, cambios lexislativos con respecto ao estatuto da muller casada. O seu interese por este tema deriva da noticia do asasinato dunha muller a mans do seu marido e, desde as páxinas do diario *ABC*, avogou por unha reforma da lexislación matrimonial, que, obviamente, era contraria aos intereses do réxime. Nesa contradición viviu Formica, entre o apoio ao franquismo e a súa reivindicación dunha igualdade xurídica para as mulleres. De feito, e aínda que se fixo unha mínima modificación da lei no 1958, da que lle corresponde o mérito,

---

45 Referímonos ao artigo "Ciencia, arte y feminismo: perfiles de la trayectoria intelectual de María Laffite" (*Arenal*, 23/2, 2016, 431-459).

non será até 1975 que se reformen varios artigos do Código Civil referentes á situación xurídica da muller casada e aos dereitos e deberes dos cónxuxes, unha reforma na que culmina un longo percorrido de loita feminista no que destacou o dezo e traballo da extremeña María Telo (1915-2014). Sufriu, como Laffite, o peso dunha lei que lle impedía opositar a Notarías, polo que tivo que facelo ao corpo técnico da Administración Civil do Ministerio de Agricultura, sendo a primeira muller en conseguilo, pero ademais en 1952 asóciase ao Colexio de Avogados de Madrid e abre o seu propio despacho, especializado en dereito de familia, poñendo toda a súa enerxía en pelexar pola revisión do status xurídico das mulleres. En 1971 crea a *Asociación Española de Mulleres Xuristas* e forma parte da comisión encargada da revisión do Código Civil, no que finalmente se consegue a eliminación das normas discriminadoras ao respecto das mulleres casadas, liberándoas de ter que dispoñer do permiso do marido para facer toda unha serie de actividades (traballar ou ter unha conta corrente ao seu nome, por exemplo). Non se conseguiu, en cambio, o dereito á patria potestade nin á administración de bens gananciais, que foron aprobados en 1981, o mesmo ano que a Lei do divorcio, nos estudos previos da cal tamén participara María Telo. Pensemos que o lexislativo é un dos espazos de maior transcendencia para a consecución da igualdade, pois, aínda que non abonda con elas, as leis constitúen o marco imprescindible para o seu desenvolvemento.

Despois da longuíssima noite de pedra da ditadura, o ano 1975 marca un fito na historia do movemento feminista no estado español: durante os días 6,7 e 8 de decembro (dezaseis días despois da morte do ditador) celébranse en Madrid as Primeiras Xornadas pola Liberación da Muller, que reuniron clandestinamente (ata 1978 non se legalizarían as organizacións feministas) a case cincocentas mulleres de todo o estado; no ano seguinte, 1976, as Xornadas Catalanas da Muller, reunirían case catro mil mulleres. A presión exercida polas feministas durante a Transición forzou a sociedade a recoñecer o principio de igualdade e a adoptar moitos conceptos e reivindicacións do feminismo; é dicir, grazas á loita feminista, a nova cultura política democrática partía da base do principio de igualdade que esixía, entre outras cousas, a demolición das leis patriarcais franquistas. Tras corenta anos de ditadura, todo estaba por facer: como xa anotamos, existía a "licencia marital", que obrigaba á esposa a ter permiso do marido para realizar calquera acto xurídico, patrimonial ou administrativo, como



abrir unha conta bancaria, aceptar unha herdanza, administrar os propios bens, obter o pasaporte ou mesmo sacar o carné de conducir. Por suposto, a patria potestade era exclusiva do home; o adulterio (por parte das mulleres) estaba penalizado; non existía o divorcio e os anticonceptivos eran ilegais. A loita feminista desa década desenvolveuse como unha pelexa contra todo e contra todos: os aparatos do estado, as leis, a moral vixente. Pero deuse a batalla: ás feministas da Transición débémolles devolvernos ás mulleres o noso estatuto de cidadás e poñer os cimentos dunha revolución que aínda continúa. No 1977 elimínase, por decreto, o Movemento Nacional e, dentro del, a Sección Feminina<sup>46</sup>. Celébrase, por primeira vez na rúa e de forma unitaria, o 8 de marzo e, en xullo dese mesmo ano, créase a Subdirección Xeral da Condición Feminina, dependente do Ministerio de Cultura, que convoca, no 1978, as primeiras xornadas feministas institucionais. Tamén neste ano entra na Real Academia Española, despois dos seus douscentos cincuenta anos de existencia, a primeira muller académica, a escritora Carmen Conde (na Real Academia Galega o será a historiadora Olga Gallego no 1985)<sup>47</sup>. Suprímese o servizo social, a "mili" obrigatoria para todas as mulleres entre dezasete e trinta cinco anos e da que só se libraban as casadas e as monxas; sen el non se podía recibir o título universitario ou sacar o pasaporte. Legalízanse os anticonceptivos e despenalízase o adulterio, pero haberá que

---

46 Organización liderada por Pilar Primo de Rivera e responsable da formación do "espírito nacional" das mulleres, que era o mesmo que dicir a súa formación como boas patriotas, boas cristiás e boas esposas.

47 En 1952 a RAG nomeara a Sofía Casanova académica de honra. Tampouco queremos deixar de mencionar a algunhas outras pioneiras da historia das mulleres na universidade galega: Manuela Barreiro (Viveiro, 1877) foi a primeira licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago e sétima en España; foi muller pioneira tamén ao abrir a súa propia botica, en Ribadeo, que rexentou até a xubilación. Jimena e Elisa Fernández de la Vega (1895), irmás xemelgas, fóron as primeiras mulleres en estudar Medicina na Universidade de Santiago. Olimpia Valencia (Baltar, 1898) foi a primeira xinecóloga galega; no 1928 abriu en Vigo a súa clínica, das primeiras en España. Rita Fernández Queimadelos (A Cañiza, 1911) foi a terceira muller en España en licenciarse en Arquitectura e a primeira en Galicia. Antonia Ferrín Moreiras (Ourense, 1914) a primeira doutora en Astronomía de España. A entrada das mulleres á universidade, que comezou no século XX, fíxose imparable; hoxe son maioría as estudantes universitarias en España, aínda que esta maioría non se reflicte no escalafón académico ou no mundo laboral.

agardar ata 1981, o mesmo ano en que se produce o intento de golpe de estado de Tejero, para que se legalice o divorcio e Soledad Becerril se convirta na primeira muller ministra desde a Segunda República. Dous anos máis tarde, no 1983, créase o Instituto da Muller; no 1985, co Goberno do PSOE, que gobernou entre 1982 e 1996, despenaliza-se o aborto baixo un limitado número de supostos; e no 1987 establece-se a cota de representación feminina nas listas electorais nun 25%, que irá subindo até chegar ao 40/60% actuais como mínimos e máximos de representación para cada sexo. Desde 1986, España elaborou sucesivamente os diversos plans de igualdade e comezou a desenvolverse un marco institucional que permitiu poñer en marcha as políticas de igualdade derivadas, por un lado, do contexto legal do propio estado español e, por outro, dos compromisos adquiridos ao subscribir os convenios, protocolos e directivas das diferentes instancias supranacionais, como a Unión Europea (onde España entrou no 1986) ou as Nacións Unidas entre outras. As organizacións de mulleres estiveron presentes en todos os foros de redacción das diversas leis que se teñen promulgado nos últimos anos en torno aos dereitos das mulleres, especialmente a Lei contra a Violencia de Xénero de 2004, a Lei de Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes de 2007 e a Lei Orgánica de Saúde Sexual e Reproductiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo de 2010. As mobilizacións do movemento LGTB durante estes anos e a implicación dos partidos de esquerda na defensa dos seus dereitos propiciou ademais a equiparación do matrimonio e a maternidade e paternidade das persoas homosexuais e heterosexuais na coñecida como “Lei de matrimonio igualitario” aprobada en 2005, así como a Lei de Identidade de Xénero de 2007, que está agora mesmo (2021) en pleno proceso de debate na procura da plena igualdade das persoas transexuais. E todo este movemento que se produce a nivel estatal vai acompañado da mobilización e promulgación de leis nas diferentes comunidades autónomas, configuradas na Constitución de 1978. No caso concreto de Galicia, o movemento feminista desenvolveuse con gran vitalidade en todos os eidos<sup>48</sup>, do activismo, asociacionista e cultural, merecendo destacarse a figura e obra de María Xosé Queizán e o proxecto que botou a andar en 1985,

---

48 Para unha información detallada sobre o desenvolvemento do movemento feminista en Galicia remitimos ao libro de Mónica Bar Cendón *Feministas gallegas. Claves dunha revolución en marcha* (Vigo, Xerais, 2010).

a creación da revista *Festa da palabra silenciada*, que deu voz ás escritoras galegas e serviu de canle de difusión das ideas e a teoría que o movemento estaba a producir.

Por outra parte, desde mediados dos anos 1970 xermola pouco a pouco o feminismo académico, que inicia a crítica ao androcentrismo do discurso científico e á investigación orientada a recuperar a visibilidade das mulleres en todas as áreas do coñecemento. Ao mesmo tempo e en paralelo, asentárase unha nova perspectiva feminista na investigación e na docencia, aplicando a perspectiva de xénero sobre todo o proceso de creación do discurso científico. Ao longo da década dos anos 80, e no seo do movemento feminista, organizábase o movemento lesbiano; a finais dos anos oitenta e durante os noventa xurdirá o movemento transexual e os grupos de defensa dos dereitos das traballadoras do sexo e, xa rematando a década, os primeiros grupos queer. Despois de tantas loitas, algunhas delas moi dolorosas e que causa(ro)n enfrontamentos entre os distintos grupos feministas, o movemento feminista español chega, a finais do século XX disperso e atomizado; pero o século XXI traerá tamén o renacer do feminismo cunha forza imparable, ata o punto de que xa ninguén pode dúbida que temos entrado na cuarta vaga do feminismo e que *todxs deberíamos ser feministas*<sup>49</sup>.

---

49 *We Should All Be Feminist* titúlase o breve ensaio de Chimamanda Ngozi Adichie, todo un best seller do pensamento feminista desde a súa publicación no 2015; nese mesmo ano foi traducido ao español (*Todos deberíamos ser feministas*, Barcelona, Random House). En galego foi traducido como *Todos teríamos que ser feministas* (Sushi Books, 2017).



## Capítulo 3

# O que non ten nome non existe

*O feminismo é unha forma de vivir  
individualmente e de loitar colectivamente.*

Simone de Beauvoir

Consideraremos baixo este epígrafe algúns temas que serven para reflexionar, respectivamente, sobre a importancia de dispoñer de termos precisos para designar a realidade e as diferentes realidades e sobre a importancia da linguaxe como medio ao través do cal se transmiten xuízos de valor e estereotipos ademais de constituírse, en certos aspectos, en instrumento de denigración e de invisibilización das mulleres.

Debemos á teoría feminista a elaboración de categorías capaces de recoñecer e pór nome a fenómenos ata entón invisibles, así como ter sacado adiante accións, leis e instrumentos teóricos dirixidos a examinar e esclarecer as engrenaxes da maquinaria patriarcal. A máxima coa que damos título a este apartado constituíu unha verdadeira consigna para o feminismo e son varios os aspectos que se poden abordar en relación con ela. Trátase, por unha parte, de facer visíbeis as voces silenciadas, de dotalas da autoridade que merecen e de incorporalas á historia para que a propia historia non resulte nesgada nin truncada. Trátase, ademais, de dar nome ao que non o tiña (a violencia de xénero, os micromachismos), porque entender un fenómeno comeza pola súa identificación e identificar require dispoñer dun termo que designe ese fenómeno; de non telo, permanecerá escuro, latente nos seus síntomas pero sen posibilidade de ser confrontado

para desentrañalo e desmontalo. Finalmente, trátase tamén de reflexionar sobre a linguaxe e sobre o uso que facemos dela, adquirindo consciencia de como algúns dos seus usos encobren unha parte da realidade e outros a degradan.

Sobre o primeiro aspecto, rescatar do esquecemento as voces silenciadas, o traballo feito pola historiografía feminista ten sido enorme nos diversos ámbitos do coñecemento e en todas as culturas. Nin podemos nin é a nosa intención dar conta aquí de ese traballo, dispoñible nos corpus bibliográficos de cada disciplina, desde a historia até as ciencias políticas e xurídicas pasando pola literatura, a filosofía, a medicina, a antropoloxía, a química, a bioloxía, a física, a arte, en fin todo o conxunto e cada un dos campos do saber. A supresión da aportación das mulleres en todos eles, é dicir, a eliminación da súa contribución ao desenvolvemento do progreso, á mellora da vida e á depuración do pensamento é unha forma de violencia simbólica. Enténdase: esa forma a través da cal a desigualdade entre homes e mulleres é aceptada, consciente ou inconscientemente, por uns (que ocupan a posición dos privilexios) e polas outras (que ocupan o rol secundario). Sobre as diferenzas entre homes e mulleres o patriarcado configurou a desigualdade, facendo pasar por natural unha superioridade masculina que non é máis que unha construción totalmente interesada e innecesaria que se erixe como elemento axial deste sistema social. O patriarcado transforma a diferenza entre mulleres e homes en desigualdade e a desigualdade acaba sendo codificada e naturalizada, proxectada en imaxinarios que a arraigan e a perpetúan provocando enormes tensións e efectos devastadores sobre a vida dos suxeitos.

## **A violencia de xénero**

Calquera desigualdade produce sempre violencia e ademais a perpetúa, pero hai unha violencia específica que ten a súa orixe na desigualdade entre mulleres e homes e na infravaloración de todo o feminino; é o que hoxe coñecemos como *violencia de xénero*, ou violencia machista, que posúe unha dimensión física, material, pero tamén unha dimensión simbólica. Isto quere dicir que ten que ver cos símbolos que os humanos construímos para comunicarnos e para comunicar a cultura: a linguaxe, todos os códigos que compilan, regulamentan e rexistran o que debemos pensar e actuar como mulleres e homes, as ideas, a literatura, as artes; en fin, o conxunto de ideas

e de prácticas non escritas pero que están aí, invisibles como o aire, pero, como o aire, imprescindibles para a vida, para ser unha persoa normal, aceptable, sa. E todo isto, como escribimos arriba, afecta aos comportamentos e explica a violencia tanto psicolóxica como física que se exerce sobre as mulleres polo mero feito de selo. Os datos que regularmente recollen os informes emitidos por institucións e organismos nacionais e internacionais son verdadeiramente pavorosos, como pavorosa é tamén a escasa percepción da súa gravidade por parte da sociedade. Será suficiente para advertir a dimensión desta traxedia atender ás cifras ofrecidas pola ONU no ano 2019: estímase que o 35% das mulleres de todo o mundo sufriron violencia física ou sexual por parte dun compañeiro sentimental ou violencia sexual por parte dunha persoa distinta ao seu compañeiro (unha porcentaxe na que non está incluído o acoso sexual), aínda que algúns estudos nacionais elevan a porcentaxe ata o 70%; que das 87.000 mulleres asasinadas no 2017, máis da metade foron polas súas parellas ou exparellas ou membros da súa familia; que da porcentaxe de vítimas de trata de seres humanos, o 72% é de mulleres e nenas; que aproximadamente 650 millóns de mulleres e nenas no mundo casaron antes dos 18 anos; que uns 15 millóns de rapazas entre os 15 e 19 anos foron obrigadas a manter relacións sexuais nalgún momento; que nos Estados Unidos, un estudo realizado no 2015 en vinte sete universidades, revelou que o 23% das estudantes fora vítimas de agresións sexuais; que un 10% das mulleres da Unión Europea declara ter sufrido ciberacoso desde os quince anos<sup>50</sup>.

Cifras arrepiantes, pero ata hai ben pouco nin sequera existía un nome para designar esta violencia, que se minimizaba como problema atinente ao ámbito doméstico. Recordemos o sinalado por Christine de Pizan na súa *Cidade das damas* a propósito das malleiras recibidas polas mulleres casadas por parte dos seus maridos ou a expresión "O meu marido pégame o normal", de uso incluso na actualidade. O

---

50 No mesmo informe do que tiramos estes datos, ofrécense outros sobre lesbianas e mulleres bisexuais, igualmente pavorosos. Un exemplo: no 2014 e na Unión Europea, o 23% delas afirmou ter sufrido violencia física ou sexual fóra da súa relación sentimental por parte de agresores tanto homes como mulleres. Nestes momentos, a Unión Europea está a debater unha normativa na que se contempla a inclusión da violencia sexual entre as sancións para a defensa dos dereitos humanos.

suceso extremo, o asasinato dunha muller, xulgábase como crime pasional, produto do amor, dos celos ou da honra, circunstancia que indignaba a Emilia Pardo Bazán e sobre o que escribe con frecuencia en artigos e narracións; para ela, tales crimes non tiñan nada de pasional e si todo dunha violencia particular que precisaba de descripción e de nome apropiados. Ela mesma tentou posibilidades, sendo pioneira nisto como en tantas outras cousas, como xa expuxemos. Nos seus artigos, ademais de falar de asasinatos de mulleres, utilizou os termos *ginecidio* e *mujericidio*, anticipándose ao de *feminicidio* que a antropoloxía feminista acuñaría case un século máis tarde. O termo é tradución do *femicide* inglés que Jill Radford e Diana Russell difundiron no seu libro *Femicide. The Politics of Women Killing* (1992), onde sistematizaron e teorizaron a problemática e definiron *femicide* como crimes de odio contra as mulleres. Para a antropóloga mexicana Marcela Lagarde, que o verte ao español como *feminicidio*<sup>51</sup>, trátase dunha categoría de análise da teoría política que permite enfrontar os asasinatos das mulleres como parte da violencia de xénero contra elas. *Feminicidio* non comprende, polo tanto, unicamente os asasinatos, senón que abrangue todo o conxunto de accións violentas contra as mulleres, contra a súa integridade, a súa saúde, a súa liberdade, a súa vida; o asasinato é tan só a punta do iceberg e todo o que está debaixo constitúe o profundo sostén da violencia contra as mulleres, unha violencia sistemática e sistémica que denigra e ningunea o corpo e a vida das mulleres, facendo delas un obxecto, un botín (as mulleres son quen máis sofren nunha situación de conflito armado), unha mercadoría.

Insistimos, por isto, en que nomear e conceptualizar ten sido un dos grandes aportes da teoría feminista, evidenciando fenómenos que, mentres careceron da debida determinación e designación, non puideron ser entendidos na dimensión estrutural que posuían. Así ocorreu con *xénero* e con *violencia de xénero*. A categoría analítica de *xénero* serviu, como xa describimos, para explicar e comprender que, dentro da cultura patriarcal, e atendendo a características biolóxicas e corporais, os suxeitos son sometidos a normas de actuación e de

---

51 O *Diccionario* da Real Academia Española (no sucesivo RAE) define o termo como "Asesinato de una mujer a manos de un hombre por machismo o misoginia". O *Diccionario* da Real Academia Galega (no sucesivo RAG) non o recolle.



producción do eu que os delimitan como masculinos ou femininos e establecen os marcos de actuación respectivos<sup>52</sup> dentro dun sistema binario de construción das identidades que, concibido en termos de desigualdade e discriminación, xerarquiza as diferenzas nun rango de positivo a negativo (ou sexa, con valor e sen valor) e de primacía e privilexio a subordinación e subalternidade, facendo corresponder a primacía co masculino e a subordinación co feminino. Esta xerarquización, que fai desigualdade da diferenza, é reforzada permanentemente por todos os discursos da cultura, empezando polos mitos e polos relatos mestres, que dan lexitimidade a unha violencia que afecta a tantos millóns de persoas e é totalmente contraria aos dereitos humanos e a calquera status de cidadanía. A categoría *xénero*, polo tanto, conleva un carácter relacional que perde ao usarse como sinónimo de mulleres. No sistema binario no que nos movemos, a definición de femineidade faise por oposición á de masculinidade, polo que *xénero* referiría a aquelas áreas, tanto estruturais como ideolóxicas, que comprenden relacións sociais entre homes e mulleres. Párecenos necesaria esta reflexión para entender que a denominación *violencia de xénero* buscou resaltar ese trazo relacional<sup>53</sup> e chamar a atención sobre as raíces culturais deste tipo específico de violencia, revelando que forma parte dos materiais cos que está edificado o sistema patriarcal.

Recoñecer e explicitar que as causas da violencia de xénero son a discriminación e a desigualdade supón a culminación de toda unha serie de procesos desenvolvidos pola teoría e o activismo feminista para revelar e desentrañar os procedementos utilizados pola cultura patriarcal para someter as mulleres. Os primeiros pasos para tipificar

---

52 A cultura naturaliza hábitos, comportamentos e crenzas e establece normas de conduta para cada un dos dous xéneros, normas que se manteñen na súa repetición, reprodución e actuación, como formulou Judith Butler, o que produce que o camiño de desmantelamento de todo o interiorizado e, correlativamente, asumido como espontáneo, siga custando tanta dor e tanto sangue.

53 A RAE non recolle no seu *Diccionario* (tampouco na actualización do 2019) o termo *xénero* co significado que posúe dentro dos estudos feministas. Recolleo, en cambio, o *Diccionario* da RAG (que o define como: "Conxunto de características, comportamentos, funcións e valoracións socioculturais que se asigna como apropiado para cada un dos sexos nunha sociedade determinada. *Identidade de xénero*") e tamén o *Diccionario Panhispánico de Dudas* desde 2005.

a violencia de xénero producíronse nos finais da década de 1970. No ámbito internacional, en 1979 tivo lugar a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, pero nela aínda non se mencionaba a violencia de xénero; será ao longo da década seguinte cando comeza a reclamarse unha lexislación acorde cuns feitos que era urxente contemplar penalmente e será tamén entón cando xurda a necesidade de encontrar a palabra adecuada para desinalos.

En España, no debate previo á aprobación da *Ley de medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género* (de 28 de decembro de 2004) esta denominación foi moi cuestionada, ao considerarse que non transparentaba adecuadamente que eran as mulleres sobre quen se exercía a violencia, pero o Preámbulo da *Lei* (como ocorre tamén na *Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, de 2007) deixa claro que se trata dunha violencia dirixida sobre as mulleres simplemente por ser mulleres, e no Título Preliminar, artigo 3, especificábase que a violencia de xénero a que se refire a *Lei* comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, así como ameazas, coaccións ou a privación arbitraria da liberdade. Por outra parte, recorda que na IV Conferencia Mundial sobre a Muller de 1995<sup>54</sup>, celebrada en Beijing, a Organización de Nacións Unidas definíaa xa como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, o que supón un grande obstáculo para a consecución da igualdade, o desenvolvemento e a paz. Como se ve, o texto da *Lei* atende a todos os factores involucrados: os axentes, as modalidades da agresión e, sobre todo, o recoñecemento de que a desigualdade e a submisión das mulleres dentro da cultura funciona como detonante desta violencia, suxerindo, dese modo, a complexidade e o alcance da mesma. Sácaa, ademais, do ámbito privado da casa e da familia para

---

54 Antes, en 1979, celebrábase a Convención sobre a Eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, pero non se mencionaba a violencia de xénero. É en 1993 cando a Asemblea Xeral das Nacións Unidas emite a Declaración sobre a eliminación da violencia sobre a muller, que no seu Artigo 1 define como “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto producidos na vida pública como na privada”.

sinalar a súa dimensión cultural, un aspecto que queda oculto nas expresións *violencia doméstica* ou *violencia intrafamiliar* que adoptaron países como Porto Rico, Arxentina, Guatemala ou Bolivia para titular as súas leis. É verdade que foron bastante anteriores no tempo á lei española e que tiveron a enorme transcendencia de trasladar á esfera xurídica un drama social, pero pasar de entender o fenómeno de violencia doméstica á violencia de xénero ou violencia contra as mulleres resultou un paso cualitativo. Un paso que se da despois de máis de vinte séculos de historia incapaces de entender e, por suposto, erradicar unha violencia causante de máis mortes que calquera terrorismo, sen dúbida porque a sociedade estivo, e en parte aínda está, cega para admitila e cualificala como o que é. Pensemos que case a metade da poboación europea considera que as mulleres agredidas ou asasinadas “algo terán feito para merecelo”. Algunha responsabilidade ten que ter a cultura para que se produza semellante proporción de reaccións exculpatorias da violencia contra as mulleres, cuxa manifestación máis estendida é o machismo e o sexismo e cuxa expresión límite é o asasinato.

A violencia é o mecanismo que a cultura patriarcal emprega como garante da súa permanencia e contén múltiples variantes, desde as máis difíciles de percibir (a violencia simbólica) ata as máis burdas e de maior impacto (xa mencionadas: o maltrato, o asasinato). Polo tanto, a violencia contra as mulleres non é un tipo máis de violencia, constitúe un elemento estrutural da ideoloxía patriarcal, que non fai excepcións: nin de lugar (ningún país do mundo está libre do feminicidio), nin de clase, nin de posición económica, de raza, de cultura. É moi elocuente que o *Diccionario* da RAE, que incluía ata a súa edición 23, de 2014, unha acepción da entrada **violencia** relativa a “Acción de violar a una mujer”<sup>55</sup>, nesa edición substitúea, curiosamente, por “Acción de violar a una persona”. Na percepción, pois, dos redactores deste *Diccionario*, o vocábulo violencia encerraba en si mesmo, sen necesidade de xuntar ningún adxectivo, o sentido particular de violencia sexual contra as mulleres.

---

55 Esta acepción aparece en todas as edicións anteriores do *Diccionario*; así, na 6.<sup>a</sup>, de 1822, onde falaba de “El acto torpe ejecutado contra la voluntad de alguna mujer”; e na 14.<sup>a</sup>, de 1914, incluía unha cuarta acepción, que, en sentido figurado, remitía á segunda da entrada **violar** (“Gozar por fuerza a una mujer, especialmente doncella”).

A pesar de que as Constitucións dos estados democráticos proclaman, na letra da lei, a igualdade, a non discriminación e a liberdade en todas as esferas da vida para todos os individuos con independencia do seu sexo ou de calquera outra condición, a violencia sexual, un dos eixos da violencia de xénero, non diminúe. O recente movemento do *Me too* (termo empregado desde 2006 pola activista Tarana Burke) xorde precisamente para denunciar a agresión e o acoso sexual, integrado na cultura sen apenas producir malestar, agás para quen a sofre, que son millóns de mulleres no mundo. En canto ao acoso cibernético, o Parlamento Europeo, nunha *Resolución* aprobada en outubro de 2017 na que apelaba á tolerancia cero contra o acoso e os abusos sexuais, chamaba a atención e expresaba a súa alarma ante o incremento de novas formas de violencia na sociedade dixital: cibercoso, ameazas de violación e morte, uso de imaxes degradantes en liña, distribución de fotos e vídeos privados sen consentimento. Nunha liña semellante, neste ano 2020 acábbase de aprobar en México a chamada *Lei Olimpia*, un conxunto de reformas legislativas destinadas a recoñecer a violencia dixital e sancionar os delitos que violen a intimidade sexual a través de medios dixitais.

Parece indubidable que desmontar unha estrutura configurada e interiorizada ao longo de moitos séculos resulta un labor complexo. O primeiro paso, facela visible, está dado; os seguintes, que requiren anular a resistencia a cuestionar, analizar e desentrañar os códigos, discursos e prexuízos que o sistema patriarcal utiliza para a súa perpetuación, son inaprazables e afectan de maneira primordial ao ámbito educativo. O proceso de desmantelamento desta orde discriminatoria, sustentada sobre a desigualdade e a violencia conseguinte, obriga a non aceptar de xeito espontáneo os obxectos da cultura e os valores que arrastran con eles, pois as causas da desigualdade e da violencia non están fóra senón dentro da propia cultura. A misoxinia percorre a historia enteira da humanidade e reflíctese nos seus monumentos culturais, sexa cal sexa a súa natureza, os seus compoñentes ou os materiais que os configuran; funcionan como correas de transmisión e de lexitimación do conxunto de valores polos que se rexen as sociedades, de maneira que a permanente interpelación e revisión dos mesmos resulta crucial para desenmascarar os procesos de naturalización da desigualdade, dos estereotipos, da violencia de xénero e de calquera outra forma de vexación, a transfóbica ou a

homofóbica, por exemplo, pois a homosexualidade quebra outra das matrices do patriarcado, a heterosexualidade.

## Os micromachismos

Ao lado da violencia recoñecible polo explícita, existen outros modos de violencia, máis sutís, para os que o psicoterapeuta arxentino Luis Bonino adoptou en 1990 o termo micromachismos. Con este termo define aquelas estratexias case imperceptibles do exercicio do poder e a violencia masculina na vida cotiá, argucias e manipulacións a través das que os varóns impoñen os seus desexos e a súa razón sobre as mulleres (non hai que recordar que se producen no contexto do tecido social patriarcal). Co prefixo micro- quérese enfatizar ese carácter de pertenza ao ámbito do mínimo, do case inapreciable, do que está nos límites da evidencia; non se trata, polo tanto, de que estes comportamentos sexan pequenos no sentido de carecer de importancia, senón pequenos pola súa imperceptibilidade. Algunhas destas prácticas son conscientes, pero noutros casos, en cambio, obedecen a dispositivos mentais e actitudinais interiorizados no proceso de conformación da masculinidade. Sexa como sexa, constitúen formas de control e de dominio e, aínda que están afastados da violencia física, a longo prazo teñen os mesmos obxectivos e similares efectos: garantir o control sobre as mulleres e perpetuar a distribución inxusta para elas dos dereitos e as oportunidades. Ademais, e precisamente pola súa sutileza, resultan moi efectivos e actúan producindo un dano que se agrava pola súa reiteración a través do tempo. Como recorda o propio Bonino, non é o único concepto que se ten empregado para designar este tipo de violencias diseminadas na vida cotiá; fálase tamén de violencia suave (como fai, por exemplo, Pierre Bourdieu, autor de *A dominación masculina*), de pequenas tiranías ou de neomachismo, para subliñar que se trata de formas de machismo imperceptibles; pero micromachismos é posiblemente a designación de máis éxito.

Estes comportamentos, que Bonino examinou dentro das relacións de parella (no seu estudo, parellas heterosexuais), compren varios obxectivos, entre eles: impoñer e manter o dominio sobre a muller, reafirmar ese dominio cando a muller se rebela e aproveitarse do traballo coidador da muller. De acordo con estes obxectivos, o autor clasifica os micromachismos en tres categorías: coercitivos ou directos, encubertos ou indirectos e os de crise. Nos primeiros, os coercitivos,

os varóns usan a forza moral, psíquica ou económica para limitar a liberdade e capacidade de decisión da muller con procedementos múltiples: a intimidación, o control do diñeiro, a negación a participar nos labores domésticos, o uso expansivo do tempo e do espazo (non negocia, por exemplo, o uso dos espazos da casa), a monopolización dos temas de discusión e das decisións que afectan a todo o núcleo familiar. Os segundos, os encubertos, son quizais os máis efectivos, pois, ao tratarse de artimañas especialmente invisibles, pasan aínda máis desapercibidas; en xeral, correspóndense cos comportamentos masculinos socialmente considerados normais: o abandono das tarefas de coidado (en todas as súas dimensións) como se fosen unicamente responsabilidade das mulleres, a desautorización, o paternalismo (o chamado *mansplaining*<sup>56</sup> situaríase entre a desautorización e o paternalismo) ou a manipulación emocional estarían entre estes micromachismos, que non se apoian na forza, senón nos afectos, e dese modo obteñen mellor rendemento e resultado. Finalmente, os micromachismos de crise prodúcense cando a muller mostra sinais de autonomía e toma decisións en función dos seus desexos e sen buscar a aprobación do home; este reacciona, entón, cun maior control pero tamén con distanciamento, falsos apoios ou vitimismo coa finalidade de recuperar o poder e dominio, de non ter que encarar os cambios e de evitar un posible abandono.

Así como a sociedade, ou alomenos unha parte dela, condena as formas explícitas de violencia contra as mulleres, para este outro tipo de violencias tan sutís segue a existir tolerancia e impunidade, moitas veces porque nin sequera son detectadas e outras porque consisten en comportamentos normalizados por un sistema asimétrico e desequilibrado no que concirne á consideración de mulleres e de varóns. Os seus efectos, porén, son moi daniños, pois, tendo en conta ademais a súa reiteración, chegan a minar a autonomía e a autoestima emocional das mulleres, cos conseguíntes efectos sobre a calidade da súa vida. Compréndese, así, a importancia que ten

---

56 Este neoloxismo, composto polo sustantivo *man* (home) e o verbo *explaining* (explicar), refírese á forma en que un home explica a unha muller calquera tema (mesmo aqueles sobre o que a muller poida saber máis ca el) con actitude de autosuficiencia e paternalismo. Supón a infravaloración da opinión das mulleres.

detectalos e neutralizalos, pois non por ser sutís ou invisibles deixan de ser violencia.

## **A linguaxe (ou como se constrúen os significados)**

Reiterámolo: a historia da humanidade ten sido unha historia de violencia contra as mulleres, nun sentido estrito (acoso, maltrato, asasinato) e nun sentido simbólico: por invisibilidade (no relato histórico e do pensamento), por menosprezo (non recoñecendo a súa capacidade intelectual e creativa), por indiferenza (relegando e ignorando as súas aportacións), por exclusión (na linguaxe, por exemplo). Da linguaxe e da súa importancia falamos a continuación. Ao ser o instrumento básico da comunicación humana, é innegable o valor decisivo que posúe: as palabras revelan, traen á superficie, á conciencia, aquilo que nomean, de maneira que, en efecto, o que non ten nome non existe (a insistencia na frase é adrede). Poñer nomes é facer aparecer e poder examinar os modos en que están representados os suxeitos na linguaxe; permítenos entender a perspectiva que as sociedades e as culturas teñen sobre eles, así como, simultaneamente, os prexuízos e os valores que neles se encarnan. Compréndese, en consecuencia, que desde o primeiro momento a investigación feminista concedese á reflexión sobre a linguaxe un carácter prioritario. Dunha parte, e diso deixamos constancia nas páxinas precedentes, era imprescindible dar nome a realidades que non a tiñan ou cuxas designacións non interpretaban axeitadamente os problemas aos que se referían; doutra parte, e igual de fundamental, era reflexionar en profundidade sobre a propia linguaxe, tanto en canto aos usos como en canto aos mecanismos gramaticais e léxicos; porque que a gramática non teña sexo, como non se cansan de soste os académicos, non significa que a elección e a sobrevaloración dunhas formas sobre outras non estean atravesadas pola ideoloxía (patriarcal). Sexamos ou non conscientes diso, o certo é que a través da linguaxe e dos usos que se fai dela se filtra unha determinada concepción do mundo.

Di Octavio Paz, non precisamente un abandeirado do feminismo, que o que coñecemos non é a realidade, senón esa parte da realidade que podemos reducir a linguaxe e a conceptos. Tal é o seu alcance, do que dá boa mostra, antes que ningún outro feito, que en todos os relatos mitolóxicos da creación o mundo comeza a ser no momento en que é nomeado. Naquel do que está imbuída a nosa cultura, o relato

bíblico da mitoloxía cristiá, Deus primeiro di e, do dicir, xorde o mundo. É a manifestación máis palpable da capacidade creativa da linguaxe, así como tamén do seu poder: a creación é un acto lingüístico, coa linguaxe constrúense realidades e imaxinarios e esas construcións repercuten sobre os comportamentos. Sabemos e repetimos con frecuencia que a linguaxe nunca é inocente, que ten a capacidade de manipular e de intervir sobre a realidade, pero cando a análise afecta aos contidos dos que falamos aquí (a visibilidade e o aprecio do feminino) as voces académicas empéñanse en discutilo ou en negalo, aseverando que a linguaxe é así (nótese a énfase), como se non se tratase dunha creación humana, é dicir, dunha convención, e non arrastrase consigo valores, tópicos e regras.

Non atenderemos aquí aos estudos feitos desde a sociolingüística a propósito de como a fala de mulleres e homes transloce a súa construción sociocultural; centrarémonos en comentar outros aspectos sobre os que investigación feminista puxo o seu foco: os concernentes ao chamado masculino xenérico, os que se derivan das asimetrías patentes nas definicións dos dicionarios e os relativos a certos usos lingüísticos. Todos eles translocen a mesma posición e imaxinería androcéntricas e sobre todos eles existe xa unha bibliografía extensa e intensa. Empezaremos por esa forma gramatical de xénero masculino que, baixo aparencia de neutralidade, nas linguas romances como son o español e o galego (e a elas referímonos) elévase a categoría de universal, escurecendo, en consecuencia, na linguaxe aos suxeitos femininos e, a través da linguaxe, que é a materia prima coa que se edifica a cultura e a memoria, deixándoos fóra da historia e proxectándoos á nada ou á particularidade da forma marcada. Dese xeito, as mulleres resultan invisibilizadas.

Cal é o motivo de que á forma masculina se lle dea un carácter xenérico e valla tanto para seres masculinos como femininos, trátase acaso de algo inherente á lingua? Non sobra aquí un breve excursus. Sosteenen os membros da Academia, infatigablemente, que o xénero é unha forma gramatical e que as palabras teñen xénero, non sexo; pero que as cousas entre xénero (gramatical) e sexo non parecen estar tan claras dedúcese, en primeiro lugar, da propia designación do accidente gramatical (que remite a un universo sexuado: masculino,



feminino)<sup>57</sup>, e, en segundo lugar, do modo en que os gramáticos definírono. Fronte á definición actual, que para o castelán podemos ler na actualización do *Diccionario* da RAE, de 2019 (**Género**, *gram.* Categoría gramatical inherente en sustantivos y pronombres, codificada a través de la concordancia con otra clase de palabras y que en pronombres y sustantivos animados puede expresar sexo)<sup>58</sup>, na súa *Gramática en lengua castellana* (1492), Antonio de Nebrija establecía sete xéneros identificados coa clase de artigo que acompañaba ao nome, pero, en canto accidente gramatical, consideraba o xénero como aquilo que distingue o macho da femia. Pola súa parte, na súa *Arte Kastellana* (1627), Gonzalo Correas escribía: "Los géneros son tres: *masculino*, *feminino* i *neutro*: el masculino para el varón, o macho, i los nonbres que le sighen: el femenino para la henbra, i los de su vando: el neutro para el adjetivo que hazemos sustantivo neutral, sin declarar macho ni henbra"<sup>59</sup>. Aínda máis: na *Gramática de la lengua castellana* da RAE de 1771, falábase de "dos géneros, cuyo significado distingue los sexos, aunque en los nombres que no aluden a machos y hembras no

---

57 Nun artigo no que pretendía demostrar que o español non era unha lingua sexista ("El español, una lengua no sexista", 2002), escribía Álvaro García Meseguer, elocuentemente: "Aínda que indemostrable, non resulta arriscado supoñer que quen bautizou por primeira vez os xéneros gramaticais cos adxectivos *masculino* e *feminino* fíxoo pensando que o primeiro era propio do varón e o segundo da muller. A partir dese momento e tendo en conta que o varón foi ata hai nada quen impuxo todas as regras, non ten que estrañar que as gramáticas das diferentes linguas, agás rarísimas excepcións, outorguen ao *xénero masculino* o dobre valor de xenérico e específico, alegando ademais o principio universal de economía lingüística. Este feito histórico resulta hoxe moi daniño, na miña opinión. Se os xéneros gramaticais, en lugar de chamarse masculino e feminino, se tivesen chamado dende un principio *xénero eme* e *xénero efe* (ou calquera outro modo que non aludise para nada ao sexo), as cousas hoxe serían máis fáciles e estaría máis claro que o xénero gramatical en español non é máis que unha marca que clasifica os nomes en dúas familias e impón regras de concordancia".

58 Ofrecemos o caso do español por non haber en galego exemplos de séculos anteriores. Na definición actual, o *Diccionario* da RAG coincide co da RAE: "Trazo gramatical que marca a oposición entre masculino e feminino nos substantivos, pronomes, adxectivos e determinantes, que é inherente para os substantivos e pronomes e se establece por concordancia con estes no resto dos casos".

59 Tomamos a definición da edición feita por Manuel Taboada Cid (Universidade de Santiago de Compostela, 1984) respectando a ortografía do orixinal.

hay razón que justifique que sean masculinos o femeninos”; na 5.<sup>a</sup> edición do *Diccionario* da RAE, de 1817, lemos: “**Género**: gram. La división de los nombres según los diferentes sexos o terminaciones”; e na 14.<sup>a</sup>, de 1914: “*Gram*. Accidente gramatical que sirve para indicar el sexo de las personas o de los animales y el que se atribuye a las cosas, o bien para indicar que no se les atribuye ninguno”.

Como pode observarse, o asunto ten faragulla. Pero retomemos o fío. Sendo que a realidade é diversa e que as palabras representan a realidade, din a realidade e falan da realidade, causa bastante asombro o malestar que produce opoñerse ao uso do masculino supostamente universal e facer visibles as mulleres na linguaxe co emprego de mecanismos que a propia lingua ofrece e que non atentan contra ningunha regra gramatical. Do uso da forma masculina e feminina xuntas, que entendemos como especificación e non como unha duplicación ao tratarse de formas que remiten a realidades distintas, ofrecen exemplos temperáns os textos literarios (valla o ben coñecido do *Poema de Mío Cid*: “Burgueses e burguesas polas finiestras sone”); pero hai outros mecanismos igualmente concordados coa norma, entre eles o da neutralización ou substitución dun termo con marca de xénero masculino por outro verdadeiramente xenérico (persoa, por exemplo). Por outra parte, no caso da escrita, están xeneralizados recursos como a arroba (@s nen@s), o x (xs nenxs), as parénteses ou as barras (nenos/nenas), e non pasa nada, son estratexias creativas e útiles en certos contextos e responden a esa utilidade (hai algo máis convencional que as grafías?). Como afirmaban as autoras de NOMBRA, comisión asesora sobre linguaxe do Instituto da Muller, un uso da linguaxe que representa as mulleres e aos homes e que nomea as súas experiencias é unha linguaxe que non oculta, non subordina, non menospreza, non exclúe e non quita a palabra a ninguén.

Se a consideración da forma masculina como forma do universal e a propagación do seu uso trae consigo a exclusión das mulleres da linguaxe<sup>60</sup>, efectos similares, aos que se suman os de subordinación,

---

60 Hai modos de masculino xenérico que non o son pola forma lingüística senón por tratarse de expresións usadas para referirse ás mulleres da mesma forma que aos homes; así, “estar en bolas/pelotas”. Tomamos a reflexión e o exemplo do traballo de Delia Esther Suardiaz, investigadora arxentina da que falamos máis abaixo neste apartado.

producen outros elementos, demostración evidente de que se está a utilizar o home (particular) como eixe, prototipo e modelo (universal). Así, chama a atención a escasísima presenza das mulleres nos exemplos aducidos nas definicións dos dicionarios, así como as propias definicións, que delatan unha perspectiva androcéntrica. Realmente, os dicionarios constitúen un excelente paradigma de androcentrismo, tanto nestes aspectos, como, antes que nada, na propia orde en que se ofrecen os vocábulos que remiten a suxeitos animados (aqueles nos que o sexo ten relevancia, alomenos no estado actual das culturas). Por principio, os dicionarios son libros que conteñen palabras ordenadas alfabeticamente, como é evidente na entrada da propia palabra no *Diccionario* da RAG ("Diccionario. Libro que contén palabras dunha lingua [...] ordenadas alfabéticamente"). Porén, tanto neste dicionario como no da RAE (que, significativamente, substituíu "orde alfabética" por "de forma ordenada" na edición de 2001 e por "orde determinada", na última actualización), as entradas referidas a suxeitos masculinos e femininos non respectan esa orde e, para localizar a forma feminina, remítese á masculina. Ata hai ben pouco, no caso do *Diccionario* da RAG en liña, cando se buscaba unha forma feminina (**nena** ou **moza**, por exemplo) o resultado producía a frase "Este termo non se encontra no dicionario", expresión máxima de invisibilidade. Algo mellorou a cousa, pero é importante coñecer estas historias: agora, cando se busca "nena", o resultado é unha entrada (alfabética?) que corresponde a "neno, nena", aínda que para todos os sinónimos e practicamente en todos os exemplos se usa a forma masculina. Máis flagrante é o *Diccionario* da RAE, onde o termo feminino non aparece completo senón reducido a unha terminación que nin sequera respecta a morfoloxía da palabra (**niño, ña, mozo, za**). Abondaría co dito como mostra do androcentrismo e da invisibilización das mulleres, pero a isto hai que engadir o sexismo manifesto nas asimetrías no tratamento de homes e mulleres, en discursos discriminatorios e difamatorios ou en refráns que reproducen e perpetúan estereotipos. Son tan só algúns dos modos dunha cuestión de enorme relevancia, pois a través deste tipo de procedementos constrúense os significados. No *Diccionario* da RAG defínese sexismo como "unha actitude que manifesta discriminación das persoas atendendo ao seu sexo", unha definición claramente incompleta (ou tendenciosa) pois non explicita que esa discriminación é discriminación e aldraxe das

mulleres<sup>61</sup>. Atendendo a este significado preciso da palabra, probas de sexismo encóntranse dabondo nos dicionarios<sup>62</sup>.

A lingua é un organismo vivo, muda inevitablemente, como tamén mudan as sociedades, e, de non adaptarse a estes cambios, convértese en letra morta, incapaz de dar conta dos procesos históricos e dos procesos sociais que os acompañan. Fai poucos anos á fronte do *Diccionario* da RAE en liña figuraba o seguinte parágrafo de presentación: “Las lenguas cambian de continuo, y lo hacen de modo especial en su componente léxico. Por ello los diccionarios nunca están terminados: son una obra viva que se esfuerza en reflejar la evolución registrando nuevas formas y atendiendo a las mutaciones de significado”. Non obstante, alleos aos cambios sociais que afectan ás mulleres, os académicos fan pervivir nos dicionarios acepcións que carecen xa de todo sentido. Porque cal pode ser a razón de manter, por exemplo na entrada **juez, za** a acepción “coloquialmente poco usado, Mujer del juez”<sup>63</sup>? Se no pasado as mulleres non realizaban determinadas actividades e agora si, ese cambio ten que estar recollido na lingua, suprimíndose a acepción obsoleta; se antes non había xuízas, talvez nese momento esa acepción procedería (se realmente era de uso) pero hoxe, cando moitas mulleres exercen como xuízas (e de feito son maioría no conxunto do estado español), resulta totalmente improcedente. Non se trata, por outro lado, dunha acepción pouco usada, senón sen uso, pois na actualidade ninguén chamaría xuíza a unha muller casada cun xuíz como tampouco presidenta á muller dun presidente. Sorprendentemente, parece que os redactores do *Diccionario* da RAE pensan o contrario, pois a acepción “muller dun presidente” para **presidenta** figura na súa última actualización, como coloquial pero non desusada. Convén insistir: as sociedades cambian

---

61 A definición da RAG é coincidente coa dada pola RAE (“Discriminación de personas de un sexo por considerarlo inferior al otro”). En ningún dos dous casos explíctase que o considerado inferior é o feminino.

62 No seu último libro, *Mujer tenías que ser* (2020), María Martín Barranco ofrece numerosos e ben expresivos exemplos ao respecto. A el remitimos.

63 No *Diccionario* da RAG non aparece esta acepción, pero a perspectiva androcéntrica é a mesma: a definición está en masculino e en ningún dos exemplos aducidos se usa a forma feminina. A propósito do vocábulo **jueza** recomendamos o texto de Ana María Vígara Tauste recollido na bibliografía.

e as linguas obrigatoriamente deben facelo tamén, e non se trata unicamente da necesidade de engadir palabras para designar novas realidades, palabras novas ou tomadas doutras linguas (ás veces, por certo, con formas que non respectan as da lingua de chegada, sen que iso posúa relevancia ningunha para os académicos); trátase ademais de introducir acepcións novas e de eliminar aquelas que quedaron totalmente obsoletas e aquelas que reflicten prexuízos, desprezo e odio e que parten de concepcións estereotipadas e rixidas.

Pensamos que logo do dito se comprenderá o interese que para a lingüística feminista tivo desentrañar todo o que rodea a linguaxe, que pouco ten de neutra, xa que viaxa cargada coa súa propia historia e cos valores, prexuízos e mentalidade colectiva das sociedades que a usan e tamén cos de quen a codifican, explican e fixan. Estudos sociolingüísticos, morfolóxicos, lexicográficos, metalexográficos, fraseolóxicos, en fin, desde todos os ángulos ocupáronse de examinar atentamente a lingua, as súas formas, os seus usos, as relacións entre lingua e sociedade. Os primeiros destes estudos desenvolvéronse na década de 1970, entre eles o da investigadora arxentina Delia Esther Suardiaz, que defendeu a súa tese *Sexism in the Spanish Language* en xaneiro de 1973, na University of Washington (Seattle). Non queremos pechar estas páxinas de reflexión sen facer un breve comentario sobre este traballo pioneiro e pouco coñecido incluso despois de ser traducido e editado en español por José Luis Aliaga e Elvira Burgos no ano 2002. Hoxe, cando existe unha bibliografía extensa sobre o tema, da que somos debedoras<sup>64</sup>, cremos que este estudo temperán merece un recoñecemento particular. Suardiaz examina todos os aspectos que resaltarán as análises posteriores: a invisibilidade das mulleres provocada polo uso do masculino (supostamente) non marcado; a construción das mulleres como obxectos (as mulleres como seres sexuais; a dobre moral cando se xulga o comportamento sexual de homes e mulleres; a pasividade feminina); a subordinación das mulleres (infantilización, dependencia, o amor como subordinación garantida); o menosprezo (a consideración da superioridade dos homes en definicións, frases, usos metafóricos; o desprezo de todos os ámbitos

---

64 Mencionar, cando menos, as contribucións de Mercedes Bengoechea e de Eulalia Lledó, que formaron parte do equipo NOMBRA, xa mencionado (acrónimo de "No Omitas Mujeres. Busca Representaciones Adecuadas"). En canto ao galego, destacamos o artigo de Olga Castro que aparece recollido na bibliografía.

tradicionalmente femininos), a misoxinia (en todo o campo da violencia, do corpo das mulleres e nos insultos). Como pode advertirse, un abano de realidades construídas baixo unha lente androcéntrica pero tamén, engade a investigadora, heterocéntrica, pois no seu estudo non deixa fóra este aspecto, ao que dedica o último apartado, que ela mesma cualifica de breve e de incompleto, aínda que preferiu abordalo así, de modo inconcluso, antes que non facelo de ningunha maneira. Suardiaz recorda que a represión da homosexualidade afunde as súas raíces na dominación masculina, a supervivencia da cal precisa da ríxida segregación das persoas segundo roles sexuais diferenciados. En canto ao vocabulario referido á homosexualidade, esta contéplase como unha desviación e, así, se por unha parte o ser humano que exerce de modelo non marcado é o varón, por outra, no léxico referido á sexualidade, é evidente o nesgo heterosexual e o desprezo e ridiculización de lesbianas e homosexuais, de todo o cal a autora aporta mostras pertinentes e esclarecedoras. E, a propósito de exemplos, engadimos nós, para finalizar, que tan importante é nos dicionarios o discurso explicativo que conforma as definicións como os exemplos aportados para cada unha, no que resultan ben elocuentes tanto os empregados no dicionario da RAG como no da RAE. Convidamos a comprobalo.

# Bibliografía

## (ALGUNHAS SUXERENCIAS PARA SABER MÁIS)

### Feminismos

- Beauvoir, Simone de, *O segundo sexo*, I e II, Vigo, Xerais, 2008 e 2010.
- Bar Cendón, Mónica, *Feministas galegas: claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Xerais, 2010.
- Castro, Olga e María Reimóndez, *Feminismos*, Vigo, Xerais, 2013.
- Despentes, Virginie. *Teoría King Kong*. Barcelona, Melusina, 2007.
- Facio, Alda y Lorena Fries, "Feminismo, género y patriarcado", en A. Facio y L. Fries (eds.), *Género y Derecho*, Santiago de Chile, La Morada/ Lom/ American University, 1999, pp. 21-22.
- Gil, Silvia L.: *Nuevos Feminismos. Sentidos comunes en la dispersión*. Madrid: Traficantes de sueños, 2011.
- Millett, Kate, *Política sexual*, Madrid, Cátedra, 1995.
- Platero, Raquel (Lucas) (ed.). *Intersecciones: cuerpos y sexualidades en la encrucijada*. Barcelona: Bellaterra, 2012.
- Suárez Briones, Beatriz, *Sexualidades: teorías literarias feministas*, Alcalá de Henares, Ayuntamiento Alcalá de Henares/Centro Asesor de la Mujer, 2003.
- "Feminismos: qué son y para qué sirven", en Iris M. Zavala (ed.), *Feminismos, cuerpos, escrituras*, Santa Cruz de Tenerife, La Página ediciones, 2000.
- Suárez Briones, Beatriz (ed.), *Las lesbianas (no) somos mujeres. En torno a Monique Wittig*, Barcelona, Icaria, 2013.
- *Feminismos lesbianos y queer. Representación, visibilidad y políticas*, Madrid/México, Plaza y Valdés, 2014.

Tubert, Silvia (ed.), *Del sexo al género. Los equívocos de un concepto*, Madrid, Cátedra, 2003.

Varela, Nuria, *Feminismo para principiantes*. (Edición actualizada). Barcelona, Ediciones B, 2019.

– *Feminismo 4.0. La cuarta ola*. Barcelona, Ediciones B, 2019.

VV. AA. *Feminismo es...* DK, 2019.

Wittig, Monique, *El pensamiento heterosexual y otros ensayos*, Barcelona/ Madrid, Egales, 2006.

## **Unha vertixinosa viaxe pola (historia da) vida das mulleres**

Adovasio, J. M., Olga Soffer y Jake Page, *El sexo invisible. Una nueva mirada a la historia de las mujeres*, Barcelona, Lumen, 2008.

Caballé, Anna, *Una breve historia de la misoginia*, Barcelona, Ariel, 2019.

Cohen, Claudine, *La mujer de los orígenes. Imágenes de la mujer en la prehistoria occidental*, Madrid, Cátedra, 2011.

Del Val Valdivielso, María Isabel y Juan F. Jiménez (coord.), *Las mujeres en la Edad Media*, Murcia, Sociedad Española de Estudios Medievales, 2013.

Ferrer, Sandra, *Mujeres silenciadas en la Edad Media*, Madrid, Punto de vista, 2019.

García Herrero, M. Carmen y Cristina Pérez Galán (coord.), *Mujeres de la Edad Media. Actividades políticas, socioeconómicas y culturales*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2014.

Janés, Clara, *Guardar la casa y cerrar la boca*, Madrid, Siruela, 2015.

Labarge, Margaret W., *La mujer en la Edad Media*, San Sebastián, Nerea, 2003.

Luna, Lola, *Leyendo como una mujer la imagen de la mujer*, Barcelona, Anthropos, 1996.

Querol, María Ángeles y Consuelo Triviño, *La mujer en 'El origen del hombre'*, Barcelona, Bellaterra, 2004.

Rey Castelao, Ofelia e Serrana Rial García, *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna*, Xunta de Galicia-Secretaría Xeral de Igualdade/Nigra Trea, 2010.

Sánchez Romero, Margarita (ed.), *Arqueología y género*, Granada, Universidad de Granada, 2005.

Segura Graíño, Cristina, "Historia de las mujeres en la Edad Media", *Medievalismo*, 18 (2008), 249-272: <https://revistas.um.es/medievalismo/article/view/91671>



## Reivindicando o derecho a ter dereitos

Arenal, Concepción, "La educación de la mujer", Sevilla, Triskel Ediciones, 2017.

Barrera Gómez, Begoña, "Ciencia, arte y feminismo: perfiles de la trayectoria intelectual de María Laffite", *Arenal*, 23:2, 2016, 431-459.

Burgos, Carmen de (1927), *La mujer moderna y sus derechos*, Madrid, Huso, 2018.

De la Cruz, sor Juana, *Carta a sor Filotea de la Cruz*, UNAM, México, 2004.

Ezama, Ángeles, "De aristócrata a socialista: María Vinyals, escritora, periodista y oradora", *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo*, XC, 2014, 231-263.

Laffite, María, *La secreta guerra de los sexos* (1948), Madrid, Horas y Horas, 2008.

Pardo Bazán, Emilia, "La educación del hombre y de la mujer. Sus relaciones y diferencias", *Nuevo Teatro Crítico*, 1892.

Pinto, Mercedes, *El divorcio como medida higiénica*, Las Palmas de Gran Canaria, Ediciones del Cabildo/Instituto Canario de la Mujer, 2001. Edición de Alicia Llarena.

Pizan, Christine de, *La ciudad de las damas*, Madrid, Siruela, 1993.

Solbes, Rosa, Ana Aguado y Joan Miquel Almeda, *María Cambrils. El despertar del feminismo socialista (biografía, textos y contextos)*, Valencia, PUV, 2015.

Storni, Alfonsina, *Obras*, t. II, Buenos Aires, Losada, 2002.

Telo, María, *Mi lucha por la igualdad jurídica de la mujer*, Pamplona, Aranzadi, 2009.

## Violencia de xénero

Alberdi, Inés, "Cómo reconocer y cómo erradicar la violencia contra las mujeres", en *Violencia. Tolerancia cero*, Barcelona, Obra Social Fundación La Caixa, 2005, 10-82.

Bosh, Esperanza y Victoria A. Ferrer, *La voz de las invisibles. Las víctimas de un mal amor que mata*, Madrid, Cátedra, 2002.

Lagarde, Marcela, *Feminicidio*, Asociación Feminista de Asturias, 2006.

López Díaz, Ana J. (ed.), *Violencias de género: persistencia y nuevas formas*, Barcelona, Libros de la Catarata, 2019.


## Micromachismos

- Bonino, Luis, "Las microviolencias y sus efectos: Claves para su detección".  
En C. Ruiz Jarabo y P. Blanco (eds.), *La violencia contra las mujeres: prevención y detección*, Madrid, Díaz de Santos, 2004, 83-100.
- Ferrer Pérez, Victoria A. et al., "Los micromachismos o microviolencias en la relación de pareja: una aproximación empírica", *Anales de Psicología*, 24/2 (2008), 341-352.

## Linguaxe

- Alario, Carmen, Mercedes Bengoechea, Eulalia Lledó e Ana Vargas, *Nombra: la representación del femenino y masculino en el lenguaje*, Madrid, Instituto de la Mujer, 2004.
- Bengoechea, Mercedes, "El concepto de género en la sociolingüística", en Silvia Tubert (ed.), *Del sexo al género. Los equívocos de un concepto*, Madrid, Cátedra, 2003, pp. 313-358.
- Calero Fernández, M.<sup>a</sup> Ángeles, *Sexismo lingüístico*, Madrid, Narcea, 1999.
- "Homosexualidad y heterosexualidad en los diccionarios: ¿tabú lingüístico o cuestión de género", en Ana M.<sup>a</sup> Vigarra y Rosa M.<sup>a</sup> Jiménez (coord.), *Género, sexo, discurso*, 2002, 47-102.
- Castro Vázquez, Olga, "Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a outra representación de xénero na lingua", en Xesús M. Mosquera (ed.), *Lingua e xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2010, 33-61.
- Forgas Berdet, Esther, "Siguiendo pistas: la emergencia de la mujer en el diccionario", en Ana M.<sup>a</sup> Vigarra Tauste (dir.), *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*, Madrid, Huerga y Fierro, 2009, 77-96.
- García Meseguer, Álvaro, "El español, una lengua no sexista", *Estudios de Lingüística del Español*, n.º 16 (2002).
- Lledó Cunill, Eulalia, "De yeguas, vacas, rebaños y cluecas", en Ana M.<sup>a</sup> Vigarra Tauste (dir.), *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*, Madrid, Huerga y Fierro, 2009, 97-111.
- Martín Barranco, María, *Mujer tenías que ser. La construcción de lo femenino a través del lenguaje*, Madrid, Los Libros de la Catarata, 2020.
- Suardiaz, Delia Esther, *El sexismo en la lengua española*, Zaragoza, Libros Pórtico, 2002.
- Vigarra Tauste, Ana María, "Nombrar en femenino. El caso emblemático de *jueza*", en Ana M.<sup>a</sup> Vigarra Tauste (dir.), *De igualdad y diferencias: diez estudios de género*, Madrid, Huerga y Fierro, 2009, 21-76.





# Esenciais

Breviarios de divulgación do saber

## Últimas publicacións na colección

*A ciencia política (2020)*

Argimiro Rojo Sagrado

*As enerxías renovables (2021)*

Maite de Castro e Xurxo Costoya

## Vindeiras publicacións na colección

*O cambio climático (2020)*

Diego Fernández Nóvoa, Marisela Des Villanueva  
e Moncho Gómez Gesteira

*A astrofísica (2021)*

Ana Ulla

*A linguaxe (2021)*

Fernando Ramallo



9 7 8 - 8 4 - 8 1 5 8 - 8 9 0 - 3

# Feminismo

Este libro constitúe unha pequena guía para transitar polo complexo e apaixonante territorio dos feminismos. Preséntase como unha viaxe con parada en tres estacións: a primeira onde se expoñen os intereses e as temáticas máis relevantes das que consideramos as teorías feministas que supuxeron unha verdadeira revolución do propio

concepto de “muller”, ao abrir á diversidade o suxeito político do feminismo, as “mulleres”; a segunda onde se traza un percorrido pola historia de vida das mulleres e pola súa ininterrompida reivindicación de dereitos; e a terceira onde se examinan dúas cuestións de imprescindible reflexión, a violencia e a linguaxe.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

